SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA TRECE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 13 de abril de 2023. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema, D.ª Isabel Faraldo Calvo e D.ª Susana Soneira Lema**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Ás dez horas e oito minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e

SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA TRECE DE ABRIL DE DOS MIL VEINTITRÉS

En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 13 de abril de 2023. Bajo la presidencia de la ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles* ***D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema, D.ª Isabel Faraldo Calvo y D.ª Susana Soneira Lema*** *se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

Da fe del acto el infrascrito ***secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

A las diez horas y ocho minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se

pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

Intervencións

Presidencia

Moi bo día a todos e a todas. Saudamos aos membros da Corporación, persoal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, xornalistas acreditados e aqueles que non seguen a través do sinal do streaming municipal. Benvidos a este pleno ordinario do mes de abril.

Iniciamos o Pleno coa parte resolutiva. Asunto número 1, señor secretario.

I – PARTE RESOLUTIVA

ASUNTO 1

COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA

49. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.

Presidencia

Iniciaremos este pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior pleno, tal e como se acordou no Pleno do 14 de setembro de 2015.

Segundo datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero, infórmase ao Pleno de que o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 12 no ano 2023 e a 1.196 desde o 1 de xaneiro de 2003.

O número de menores asasinados ou

pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

Intervenciones

Presidencia

Muy buenos días a todos y a todas. Saludamos a los miembros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, periodistas acreditados y aquellos que nos siguen a través de la señal de la retransmisión en directo municipal. Bienvenidos a este pleno ordinario del mes de abril.

Iniciamos el Pleno con la parte resolutiva. Asunto número 1, señor secretario.

I – PARTE RESOLUTIVA

ASUNTO 1

COMUNICACIONES DE LA ALCALDÍA

49. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.

Presidencia

Iniciaremos este pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior pleno, tal y como se acordó en el Pleno de 14 de septiembre de 2015.

Según datos de la Delegación del Gobierno contra la violencia de género, se informa al Pleno de que el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España asciende a 12 en el año 2023 y la 1.196 desde el 1 de enero de 2003.

El número de menores asesinados o

asasinadas ascende a 1 no ano 2023 e a 49 desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 391 menores orfas ou orfos desde 2013, 14 no ano 2023.

Desde a data do pasado pleno de marzo ata o día de hoxe confirmáronse 3 mulleres asasinadas por violencia de xénero, polo que agardaremos 3 minutos de silencio polas vítimas que a continuación se relacionan:

- O 3 de marzo de 2023, María del Carmen L., de 39 anos, en Zaragoza, quen deixa 1 menor de idade orfo.

- O 26 de marzo de 2023, Anne Marie, de apelidos non coñecidos, de 63 anos en Alacante.

- E o 4 de abril de 2023, Violeta P., de 34 anos, en Huelva.

Solicito a todos os presentes que se poñan en pé para gardar 3 minutos de silencio.

(Gárdanse 3 minutos de silencio).

50. Aprobación de actas.

Aprobación dos borradores das actas das sesións plenarias seguintes:

- Ordinaria, do 2 de febreiro de 2023.

Presidencia

Dentro das comunicacións da Alcaldía tamén está a aprobación do borrador da acta da sesión plenaria de 2 de febreiro de 2023, remitida a todos os membros da Corporación e á que non constan alegacións e, polo tanto, entendemos aprobada.

Asunto número 2. Área de Relacións Institucionais, Turismo e Seguridade

asesinadas asciende a 1 en el año 2023 y la 49 desde el 1 de enero del año 2013, quedando 391 menores huérfanas o huérfanos desde 2013, 14 en el año 2023.

*Desde la fecha del pasado pleno de marzo hasta el día de hoy se confirmaron **3** mujeres asesinadas por violencia de género, por lo que guardaremos 3 minutos de silencio por las víctimas que a continuación se relacionan:*

- El 3 de marzo de 2023, María del Carmen L., de 39 años, en Zaragoza, quien deja 1 menor de edad huérfano.

- El 26 de marzo de 2023, Anne Marie, de apellidos no conocidos, de 63 años en Alicante.

- Y el 4 de abril de 2023, Violeta P., de 34 años, en Huelva.

Solicito a todos los presentes que se pongan en pie para guardar 3 minutos de silencio.

(Se guardan 3 minutos de silencio).

50. Aprobación de actas.

Aprobación del borrador del acta de la sesión plenaria siguiente:

- Ordinaria, de 2 de febrero de 2023.

Presidencia

Dentro de las comunicaciones de la Alcaldía también está la aprobación del borrador del acta de la sesión plenaria de 2 de febrero de 2023, remitida a todos los miembros de la Corporación y a la que no constan alegaciones y, por lo tanto, entendemos aprobada.

Asunto número 2. Área de Relaciones Institucionales, Turismo y Seguridad

Cidadá, señor secretario.

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, TURISMO E SEGURIDADE CIDADÁ

ASUNTO 2

51. Proposta de distincións policiais por traxectoria profesional exemplar e felicitacións públicas 2022-2023.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Seguridade celebrada o día quince de marzo de dous mil vinte e tres, cos votos a favor dos Grupos Municipais Socialista e Partido Popular, e da concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema, e a abstención dos Grupos Municipais da Marea Atlántica e do Bloque Nacionalista Galego, propoñéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

PRIMEIRO.- A concesión da MEDALLA Ó MÉRITO POLICIAL con distintivo azul aos funcionarios da Policía Local da Coruña que se relacionan:

Oficial D. José Manuel Cacheiro Calviño.

Policía D. Juan José Bellagona Martínez.

Policía D.ª Susana Catalán Morcillo.

Policía D. José Manuel Ferreira Abelleira.

Policía D. Guillermo García Rial.

Por todo iso, segundo establece o artigo 12 do Regulamento de Honras e Distincións do Corpo da Policía Local do Concello da Coruña, propoño á Alcaldesa/Corporación Municipal que someta á aprobación do Pleno Municipal, o citado acordo da Comisión de

Ciudadana, señor secretario.

RELACIONES INSTITUCIONALES, TURISMO Y SEGURIDAD CIUDADANA

ASUNTO 2

51. Propuesta de distinciones policiales por trayectoria profesional ejemplar y felicitaciones públicas 2022-2023.

Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Seguridad celebrada el quince de marzo de dos mil veintitrés, con los votos a favor de los Grupos Municipales Socialista y Partido Popular, y de la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema, y la abstención de los Grupos Municipales de la Marea Atlántica y del Bloque Nacionalista Galego, se propone al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:

PRIMERO. - La concesión de la MEDALLA AL MÉRITO POLICIAL con distintivo azul a los funcionarios de la Policía Local de A Coruña que se relacionan:

Oficial D. José Manuel Cacheiro Calviño.

Policía D. Juan José Bellagona Martínez.

Policía D.ª Susana Catalán Morcillo.

Policía D. José Manuel Ferreira Abelleira.

Policía D. Guillermo García Rial.

Por todo ello, según establece el artículo 12 del Reglamento de Honores y Distinciones del Cuerpo de la Policía Local del Ayuntamiento de A Coruña, propongo a la Alcaldesa/Corporación Municipal que someta a la aprobación del Pleno Municipal, el citado acuerdo de la

Distincións e na súa virtude, en consonancia co artigo 3. 4 do Regulamento a todas as persoas distinguidas impóñaselles a medalla e outórgueselles o diploma acreditativo correspondente a tal distinción, e en aplicación do artigo 10. 2 do mesmo, tal distinción figure no seu expediente persoal e, se é o caso, e de acordo co previsto na normativa legal respecto diso, poida ser valorado para a carreira profesional como mérito nos procedementos de acceso, promoción interna, mobilidade e restantes sistemas de provisión de postos de traballo e postos de destino ou servizo.

Comisión de Distinciones y en su virtud, en consonancia con el artículo 3. 4 del Reglamento a todas las personas distinguidas se les imponga la medalla y se les otorgue el diploma acreditativo correspondiente a tal distinción, y en aplicación del artículo 10. 2 del mismo, tal distinción figure en su expediente personal y, si es el caso, y de acuerdo con lo previsto en la normativa legal al respecto, pueda ser valorado para la carrera profesional como mérito en los procedimientos de acceso, promoción interna, movilidad y restantes sistemas de provisión de puestos de trabajo y puestos de destino o servicio.

SEGUNDO.- De acordo co establecido nos artigos 2, 3, 7 e 15 do Regulamento de honras e distincións do Corpo da Policía Local do Concello da Coruña, a proposta do Xefe do Corpo e aprobación do Director de Seguridade Cidadá, prémiase e distínguese publicamente a persoas alleas ao Corpo dá Policía Local da Coruña, todas elas persoas de recoñecido prestixio vinculadas a administración da xustiza, seguridade pública ou formación policial, que destacan ou destacaron pola súa actividade profesional de dignificación, colaboración e apoio a función dá Policía Local, e concretamente pola súa conduta a favor da Policía Local da Coruña de xeito sostido ao longo do tempo, facilitando a labor da Policía Local e propiciando resultados policiais satisfactorios en beneficio dos intereses xerais e da seguridade cidadá, polo que proponse felicitar e distinguir ás seguintes persoas:

SEGUNDO.- De acuerdo con lo establecido en los artículos 2, 3, 7 y 15 del Reglamento de honores y distinciones del Cuerpo de la Policía Local del Ayuntamiento de A Coruña, a propuesta del Jefe del Cuerpo y aprobación del Director de Seguridad Ciudadana, se premia y se distingue públicamente a personas ajenas al Cuerpo da Policía Local de A Coruña, todas ellas personas de reconocido prestigio vinculadas la administración de la justicia, seguridad pública o formación policial, que destacan o destacaron por su actividad profesional de dignificación, colaboración y apoyo a función de la Policía Local, y concretamente por su conducta a favor da Policía Local de A Coruña de manera sostenida a lo largo del tiempo, facilitando la labor de la policía local y propiciando resultados policiales satisfactorios en beneficio de los intereses generales y de la seguridad ciudadana, por lo que se propone felicitar y distinguir a las siguientes personas:

1. D. FERNANDO SUANZES PEREZ, Fiscal Superior da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. D. FERNANDO SUANZES PEREZ, Fiscal Superior de la Fiscalía de la Comunidad Autónoma de Galicia.

2. Dª NURIA ESTHER PALACIOS

2. Dª NURIA ESTHER PALACIOS IBÁN,

IBÁN, Inspectora Xefe de Policía Nacional (Xefe Sección Operativa UDYCO de la Brigada Provincial de Policía Xudicial).

Inspectora Jefe de Policía Nacional (Jefe Sección Operativa UDYCO de la Brigada Provincial de Policía Judicial).

3. D. MIGUEL SOLDAN LEMA, Capitán da Garda Civil (Xefe do Subsector da Agrupación de Tráfico de la Garda Civil da provincia da Coruña).

3. D. MIGUEL SOLDAN LEMA, , Capitán da Guardia Civil (Jefe del Subsector de la Agrupación de Tráfico de la Guardia Civil de la provincia de A Coruña).

4. D. JESUS MENDEZ RODRIGUEZ, Inspector de la Policía Nacional. Xefe del Grupo de Atención ao Cidadán da Brigada Provincial de Seguridade Cidadá da Coruña.

4. D. JESUS MENDEZ RODRIGUEZ, Inspector de la Policía Nacional. Jefe del Grupo de Atención al Ciudadano de la Brigada Provincial de Seguridad Ciudadana de A Coruña.

5. D. FERNANDO MIGUEZ EIRIN, Profesor-Instrutor de Educación Física e Defensa Persoal Policial da Policía Local de A Coruña.

5. D. FERNANDO MIGUEZ EIRIN, Profesor-Instructor de Educación Física y Defensa Personal Policial de la Policía Local de A Coruña.

TERCEIRO.- Facultar amplamente á Srª Alcaldesa para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan necesarios para o cumprimento do acordado.

TERCERO.- Facultar ampliamente a la Srª Alcaldesa para la realización de cuantos actos, trámites y gestiones sean necesarios para el cumplimiento de lo acordado.

Intervencións

Intervenciones

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro de Relacións Institucionais, Turismo e Seguridade Cidadá, señor Borrego e, a continuación, haberá unha única quenda de debate de 3 minutos por concelleira non adscrita ou grupo municipal.

Muchas gracias. Tiene la palabra el concejal de Relaciones Institucionales, Turismo y Seguridad Ciudadana, señor Borrego y, a continuación, habrá un único turno de debate de 3 minutos por concejala no adscrita o grupo municipal.

Señor Borrego, ten a palabra.

Señor Borrego, tiene la palabra.

Señor Borrego Vázquez

Señor Borrego Vázquez

Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todas e a todos.

Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y a todos.

Traemos a Pleno a ratificación da proposta de recoñecementos dun dos corpos do Concello que está sempre en primeira liña, a Policía local. Isto segue o disposto no Regulamento de honras e distincións do corpo, publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 22 de xullo de 2016, aprobado ao amparo do establecido na Lei de coordinación de policías locais.

Traemos a Pleno la ratificación de la propuesta de reconocimientos de uno de los cuerpos del Ayuntamiento que está siempre en primera línea, la Policía local. Esto sigue lo dispuesto en el Reglamento de honores y distinciones del cuerpo, publicado en el Boletín Oficial de la Provincia el día 22 de julio de 2016, aprobado al amparo de lo establecido en la Ley de coordinación de policías locales.

A Policía da Coruña é un corpo de servizo que acode inmediato alí onde os cidadáns precisamos, transcendendo na maioría das veces das súas propias competencias, confirmando a súa idiosincrasia de corpo vocacional, e desde o seu propio regulamento de distincións e honras, distinguindo cada ano a compañeiros de mérito. Desde un regulado e democrático regulamento, traslada a este pleno a ratificación de distincións coa medalla Traxectoria profesional exemplar sostida no tempo para integrantes da Policía local, así como felicitacións públicas a persoas do corpo ou a persoas ou entidades alleas ao mesmo que destacasen na promoción e o apoio das funcións da Policía local da Coruña.

La Policía de A Coruña es un cuerpo de servicio que acude inmediato allí donde los ciudadanos precisamos, trascendiendo en la mayoría de las veces de sus propias competencias, confirmando su idiosincrasia de cuerpo vocacional, y desde su propio reglamento de distinciones y honores, distinguiendo cada año a compañeros de mérito. Desde un regulado y democrático reglamento, traslada a este pleno la ratificación de distinciones con la medalla Trayectoria profesional ejemplar sostenida en el tiempo para integrantes de la Policía local, así como felicitaciones públicas a personas del cuerpo o a personas o entidades ajenas al mismo que destacaran en la promoción y el apoyo de las funciones de la Policía local de A Coruña.

A medalla á traxectoria profesional exemplar para os policías require un mínimo de 15 anos de servizo no corpo da Policía local e recoñece que se sobresaia con notoriedade e perseveranza no cumprimento dos deberes do seu cargo, que constitúa unha conduta exemplar e prolongada no tempo, en aras á dignificación, prestixio e recoñecemento público das policías locais, así como na súa misión de defensa, promoción e protección das liberdades públicas.

La medalla a la trayectoria profesional ejemplar para los policías requiere un mínimo de 15 años de servicio en el cuerpo de la Policía local y reconoce que se sobresalga con notoriedad y perseverancia en el cumplimiento de los deberes de su cargo, que constituya una conducta ejemplar y prolongada en el tiempo, en aras a la dignificación, prestigio y reconocimiento público de las policías locales, así como en su misión de defensa, promoción y protección de las libertades públicas.

Sen ningún voto en contra na preceptiva Comisión Informativa de Seguridade do pasado venres, 15 de marzo, o acordo que

Sin ningún voto en contra en la preceptiva Comisión Informativa de Seguridad del pasado viernes, 15 de marzo, el acuerdo

se trae inclúe a documentación e informes-proposta motivados e as diferentes actas das comisións que propoñen recoñecementos como:

Policía honorífico, aos 11 axentes (1 muller e 10 homes), 4 oficiais e 3 inspectores xubilados no 2022, 18 en total, e tamén a David Cillero García, policía falecido cando aínda estaba en servizo activo o ano pasado.

As medallas de permanencia de 20 anos, cinta branca e pasador en bronce a 7 axentes (1 muller e 6 homes) e a 2 oficiais (1 muller e 1 home).

De 30 anos de permanencia, cinta verde e pasador en prata, a 57 axentes (5 mulleres e 52 homes), 7 oficiais (2 mulleres e 5 homes) e 1 intendente.

De 35 anos de permanencia, cinta azul e pasador en ouro, a 1 axente, e de 40 anos de servizo ininterrompido, cinta granate e pasador en ouro, a 1 inspector principal, todos eles convenientemente relacionados nas actas para que así conste.

Proponse tamén ratificar a concesión da Medalla Traxectoria Profesional ao oficial don José Manuel Cacheiro Calviño, aos policías Juan José Bellagona Martínez, Susana Catalán Morcillo, José Manuel Ferreira Abelleira e Guillermo García Rial, e propóñense tamén felicitacións profesionais a 13 membros do corpo da Policía local e as felicitacións públicas, que se trasladan todas a comisión desde a xefatura accidental do corpo en aplicación dos artigos 7 e 15 do Regulamento, ás seguintes persoas:

Don Fernando Suances Pérez, fiscal superior de Galicia, dona Nuria Esther Palacios Iván, inspectora xefa da Policía

que se trae incluye la documentación e informes-propuesta motivados y las diferentes actas de las comisiones que proponen reconocimientos como:

Policía honorífico, a los 11 agentes (1 mujer y 10 hombres), 4 oficiales y 3 inspectores jubilados en el 2022, 18 en total, y también a David Cillero García, policía fallecido cuando aún estaba en servicio activo el año pasado.

Las medallas de permanencia de 20 años, cinta blanca y pasador en bronce a 7 agentes (1 mujer y 6 hombres) y a 2 oficiales (1 mujer y 1 hombre).

De 30 años de permanencia, cinta verde y pasador en plata, a 57 agentes (5 mujeres y 52 hombres), 7 oficiales (2 mujeres y 5 hombres) y 1 intendente.

De 35 años de permanencia, cinta azul y pasador en oro, a 1 agente, y de 40 años de servicio ininterrumpido, cinta granate y pasador en oro, a 1 inspector principal, todos ellos convenientemente relacionados en las actas para que así conste.

Se propone también ratificar la concesión de la Medalla Trayectoria Profesional al oficial don José Manuel Cacheiro Calviño, a los policías Juan José Bellagona Martínez, Susana Catalán Morcillo, José Manuel Ferreira Abejera y Guillermo García Rial, y se proponen también felicitaciones profesionales a 13 miembros del cuerpo de la Policía local y las felicitaciones públicas, que se trasladan todas a comisión desde la jefatura accidental del cuerpo en aplicación de los artículos 7 y 15 del Reglamento, a las siguientes personas:

Don Fernando Suances Pérez, fiscal superior de Galicia, doña Nuria Esther Palacios Iván, inspectora jefa de la Policía

nacional, xefa da Sección Operativa da UDYCO da Brigada Provincial de Policía Xudicial, don Miguel Soldán Lema, capitán da Garda Civil, xefe do subsector da Agrupación de Tráfico da Garda Civil da provincia da Coruña, don Jesús Méndez Rodríguez, inspector da Policía nacional, xefe do grupo de Atención ao Cidadán da Brigada Provincial de Seguridade Cidadá da Coruña e a don Fernando Míguez Eirín, profesor-instrutor de educación física e defensa persoal da Policía local da Coruña.

nacional, jefa de la Sección Operativa de la UDYCO de la Brigada Provincial de Policía Judicial, don Miguel Soldán Lema, capitán de la Guardia Civil, jefe del subsector de la Agrupación de Tráfico de la Guardia Civil de la provincia de A Coruña, don Jesús Méndez Rodríguez, inspector de la Policía nacional, jefe del grupo de Atención al Ciudadano de la Brigada Provincial de Seguridad Ciudadana de A Coruña y a don Fernando Míguez Eirín, profesor-instructor de educación física y defensa personal de la Policía local de A Coruña.

Este é o resumo do asunto que presentamos ante o Pleno para a súa aprobación. Moitas grazas.

Este es el resumen del asunto que presentamos ante el Pleno para su aprobación. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Borrego.

Muchas gracias, señor Borrego.

Comezamos este debate. Señora Soneira, ten a palabra.

Comenzamos este debate. Señora Soneira, tiene la palabra.

Señora Soneira Lema

Señora Soneira Lema

Bos días, señora alcaldesa, bos días concelleiros e concelleiras, persoal e medios de comunicación e a cidadanía que nos segue por streaming.

Buenos días, señora alcaldesa, buenos días concejales y concejalas, personal y medios de comunicación y a la ciudadanía que nos sigue por la retransmisión en directo.

Vou a votar a favor xa que se cumpre coa normativa establecida no Regulamento de honras e distincións do corpo da Policía local e quero transmitir a miña felicitación ás persoas distinguidas.

Voy a votar a favor ya que se cumple con la normativa establecida en el Reglamento de honores y distinciones del cuerpo de la Policía local y quiero transmitir mi felicitación a las personas distinguidas.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Señora Faraldo, o seu turno.

Señora Faraldo, su turno.

Non? Como era?

¿No? ¿Cómo era?

A ver, un momento. Perdón, é que non me

A ver, un momento. Perdón, es que no

lembro cal era a orde de intervención do Pleno anterior. Que era, señora Soneira, señora Martínez e señora Faraldo? Era así? Vale, vale. É que non me acor...

recuerdo cuál era el orden de intervención del Pleno anterior. ¿Qué era, señora Soneira, señora Martínez y señora Faraldo? ¿Era así? Vale, vale. Es que no me acor...

Señor secretario

Señor secretario

Si, si, si.

Sí, sí, sí.

Presidencia

Presidencia

Si, era así? Ben, pois, señora Martínez, ten vostede a palabra.

Sí, ¿era así? Bien, pues, señora Martínez, tiene usted la palabra.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Moi bos días a todos os presentes e a todos os que nos están vendo polas redes.

Muy buenos días a todos los presentes y a todos los que nos están viendo por las redes.

Uso a miña quenda de palabra para aproveitar e informar á señora presidenta de que me teño que ausentar deste pleno durante un anaco, un pleno no que, por outra parte, me limitarei a votar os asuntos e as mocións pero non vou facer ningunha outra intervención, e non a vou facer a modo de protesta ante a tomadura de pelo á que nos somete este goberno e que esta pasada semana colmou o vaso co menosprezo a esta corporación e aos cidadáns traendo a Pleno un modificativo da maneira en que o fixeron. Non miran pola cidade, senón polas urnas, e iso é o que diferencia a alta política da política de baixa clase. A Coruña e as súas entidades merécense outra forma de facer política. O menosprezo non é tanto aos representantes dos cidadáns senón aos cidadáns que votan nas urnas que tanto lles preocupan e ás entidades que representan a eses cidadáns e que son o piar da nosa sociedade. Un menosprezo, desprezo ao que se engade o comportamento que amosan cos seus

Uso mi turno de palabra para aprovechar e informar a la señora presidenta de que me tengo que ausentar de este pleno durante un rato, un pleno en el que, por otra parte, me limitaré a votar los asuntos y las mociones pero no voy a hacer ninguna otra intervención, y no la voy a hacer a modo de protesta ante la tomadura de pelo a la que nos somete este gobierno y que esta pasada semana colmó el vaso con el menosprecio a esta corporación y a los ciudadanos trayendo a Pleno un modificativo de la manera en que lo hicieron. No miran por la ciudad, sino por las urnas, y eso es lo que diferencia la alta política de la política de baja clase. A Coruña y sus entidades se merecen otra forma de hacer política. El menosprecio no es tanto a los representantes de los ciudadanos sino a los ciudadanos que votan en las urnas que tanto les preocupan y a las entidades que representan a esos ciudadanos y que son el pilar de nuestra sociedad. Un menosprecio, desprecio al que se añade el comportamiento que

propios compañeiros aos que nin sequera deixan falar cando os asuntos son da súa competencia. Pídolles respecto.

muestran con sus propios compañeros a los que ni siquiera dejan hablar cuando los asuntos son de su competencia. Les pido respeto.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Turno para a señora Faraldo.

Turno para la señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Señora Faraldo Calvo

Bo día, alcaldesa, membros da Corporación, traballadores e traballadoras do Concello, prensa autorizada e veciñanza que estea presente ou por streaming.

Buenos días, alcaldesa, miembros de la Corporación, trabajadores y trabajadoras del Ayuntamiento, prensa autorizada y vecindario que esté presente o por retransmisión en directo.

Hoxe toca, neste punto, unicamente parabenizar as persoas que recibirán as diferentes distincións, distincións que, estou segura, se deben tanto a méritos propios como a méritos colectivos, pois neste ámbito como noutros, detrás dunha actuación sempre hai un traballo en equipo que tamén creo que temos que poñer en relieve. E, por último, subliñar a inferior presenza de mulleres sen que isto menoscabe ou reste un ápice de importancia aos méritos de cada un e cada unha das distinguidas, pero si aludir a elo coa esperanza e o empeño de que isto sirva de reflexión no camiño de mudalo. En todo caso, insistir nos parabéns individuais a cada unha das persoas condecoradas e, polo tanto, votarei a favor. Grazas.

Hoy toca, en este punto, únicamente felicitar a las personas que recibirán las diferentes distinciones, distinciones que, estoy segura, se deben tanto a méritos propios como a méritos colectivos, pues en este ámbito como en otros, detrás de una actuación siempre hay un trabajo en equipo que también creo que tenemos que poner en relieve. Y, por último, subrayar la inferior presencia de mujeres sin que esto menoscabe o reste un ápice de importancia a los méritos de cada uno y cada una de las distinguidas, pero sí aludir a ello con la esperanza y el empeño de que esto sirva de reflexión en el camino de cambiarlo. En todo caso, insistir en las enhorabuenas individuales a cada una de las personas condecoradas y, por lo tanto, votaré a favor. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Muchas gracias, señora Faraldo.

Turno para o BNG, señora Veira.

Turno para el BNG, señora Veira.

Señora Veira González

Señora Veira González

Moi bo día, compañeiras e compañeiros da Corporación, persoal municipal que nos acompaña, aos xornalistas e ás xornalistas que dan conta da sesión plenaria, cidadás e cidadáns da Coruña que seguen esta sesión plenaria.

Muy buenos días, compañeras y compañeros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, a los periodistas y a las periodistas que dan cuenta de la sesión plenaria, ciudadanas y ciudadanos de A Coruña que siguen esta sesión plenaria.

En primeiro lugar, queremos sinalar desde o BNG que nos imos abster en coherencia co que vimos facendo noutros plenos nos que se trae este asunto, sen dubidar os méritos que poidan ter as persoas que resultan nomeadas nesta proposta e que resultan felicitadas ou reciben unha honra ou calquera distinción, mais en coherencia co que fixemos no seu día na aprobación deste regulamento, ímonos abster porque non deixa de ser estraño que o corpo da Policía local si teña un regulamento de honras e distincións e isto non aconteza co resto de corpos e de persoal municipal que tamén podería merecer, sen dúbida, recoñecementos, honras e distincións.

En primer lugar, queremos señalar desde el BNG que nos vamos a abstener en coherencia con lo que venimos haciendo en otros plenos en los que se trae este asunto, sin dudar los méritos que puedan tener las personas que resultan nombradas en esta propuesta y que resultan felicitadas o reciben un honor o cualquier distinción, pero en coherencia con lo que hicimos en su día en la aprobación de este reglamento, nos vamos a abstener porque no deja de ser extraño que el cuerpo de la Policía local sí tenga un reglamento de honores y distinciones y esto no suceda con el resto de cuerpos y de personal municipal que también podría merecer, sin duda, reconocimientos, honores y distinciones.

Nada máis.

Nada más.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Muchas gracias, señora Veira.

Turno para a Marea Atlántica, señor Lema.

Turno para la Marea Atlántica, señor Lema.

Señor Lema Suárez

Señor Lema Suárez

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Bo día. Pois nós, tamén en coherencia coa nosa traxectoria no Goberno e tamén agora na oposición, imos votar a favor do resultado deste regulamento de funcionamento do tribunal que concede honras e distincións, entre outras cousas porque é un regulamento que foi aprobado durante o noso mandato. Penso

Buenos días. Pues nosotros, también en coherencia con nuestra trayectoria en el Gobierno y también ahora en la oposición, vamos a votar a favor del resultado de este reglamento de funcionamiento del tribunal que concede honores y distinciones, entre otras cosas porque es un reglamento que fue aprobado durante nuestro mandato.

que non sería coherente pola nosa parte non darlle continuidade ao recoñecemento das conclusións ás que chega este tribunal que nós consideremos sobradamente preparado para avaliar o seu funcionamento.

Pienso que no sería coherente por nuestra parte no darle continuidad al reconocimiento de las conclusiones a las que llega este tribunal que nosotros consideremos sobradamente preparado para evaluar su funcionamiento.

Por suposto, nós tamén transmitimos, ademais das nosas felicitacións ás persoas premiadas, distinguidas ou felicitadas neste acto, o noso agradecemento como veciños e veciñas da Coruña polo seu labor diario. Creo que no momento no que estamos, ao final de mandato, foi un tempo complexo pola cuestión **(a señora Cameán Calvete achega o micrófono ao señor Lema)** —grazas— pola cuestión da COVID, a ninguén se lle escapa, eu creo que aí houbo un sobreesforzo que despois tivo as súas dificultades en ser xustamente compensado, recompensado por esta institución. Alegrámonos de que, finalmente, estas cuestións de índole laboral foran resoltas. Pensamos que a seguridade cidadá é un servizo público máis, pensamos, ademais, que existe un plus de perigosidade e penosidade no traballo da Policía local que, probablemente, sexa o que xustifica que teñan este tipo de distincións específicas, o cal, insisto, que non vai en menoscabo do recoñecemento ao traballo do resto dos funcionarios desta casa, pero que queda pendente que a dotación de policía se complete coas novas incorporacións e con outras ata acadar, pois, eu creo que o número necesario que corresponde a unha cidade como Coruña.

Por supuesto, nosotros también transmitimos, además de nuestras felicitaciones a las personas premiadas, distinguidas o felicitadas en este acto, nuestro agradecimiento como vecinos y vecinas de A Coruña por su labor diaria. Creo que en el momento en el que estamos, al final de mandato, fue un tiempo complejo por la cuestión ***(la señora Cameán Calvete acerca el micrófono al señor Lema)*** *—gracias— por la cuestión de la COVID, a nadie se le escapa, yo creo que ahí hubo un sobresfuerzo que después tuvo sus dificultades en ser justamente compensado, recompensado por esta institución. Nos alegramos de que, finalmente, estas cuestiones de índole laboral hayan sido resueltas. Pensamos que la seguridad ciudadana es un servicio público más, pensamos, además, que existe un plus de peligrosidad y penosidad en el trabajo de la Policía local que, probablemente, sea lo que justifica que tengan este tipo de distinciones específicas, lo cual, insisto, que no va en menoscabo del reconocimiento al trabajo del resto de los funcionarios de esta casa, pero que queda pendiente que la dotación de policía se complete con las nuevas incorporaciones y con otras hasta alcanzar, pues, yo creo que el número necesario que corresponde a una ciudad como Coruña.*

Facendo un pouco de historia dicir que nós padecemos, tanto neste corpo, neste servizo como noutros, as restricións da taxa de reposicións impostas no seu día polo goberno do Partido Popular, polo goberno que en aquel momento dirixía a área de Economía o señor Montoro, e isto

Haciendo un poco de historia decir que nosotros padecemos, tanto en este cuerpo, en este servicio como en otros, las restricciones de la tasa de reposiciones impuestas en su día por el gobierno del Partido Popular, por el gobierno que en aquel momento dirigía el área de

creo que tivo consecuencias. Evidentemente, non só na área de seguridade cidadá, da que estamos falando neste momento, senón en todas as outras, pero si sensibles neste aspecto, entón tamén creo que cando un enceta certos discursos sobre alarma, sobre a cuestión de seguridade ten que, tamén, asumir a súa parte de responsabilidade nesta cuestión.

Economía el señor Montoro, y esto creo que tuvo consecuencias. Evidentemente, no solo en el área de seguridad ciudadana, de la que estamos hablando en este momento, sino en todas las otras, pero sí sensibles en este aspecto, entonces también creo que cuando uno empieza ciertos discursos sobre alarma, sobre la cuestión de seguridad tiene que, también, asumir su parte de responsabilidad en esta cuestión.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lema.

Muchas gracias, señor Lema.

Turno para o Partido Popular, señora Gallego.

Turno para el Partido Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Señora Gallego Neira

Si, bo día a todos os compañeiros de Corporación, funcionarios, medios de comunicación e a quen nos segue pola retransmisión en directo.

Sí, buenos días a todos los compañeros de Corporación, funcionarios, medios de comunicación y a quienes nos siguen por *streaming*.

Como non pode ser doutra maneira, pois estamos de acordo coa proposta de concesión de medallas ao mérito aos funcionarios da Policía local que fan os propios funcionarios, así como coa proposta de distinción pública ás persoas alleas ao corpo da Policía local que destacan polo seu labor profesional de colaboración e apoio á Policía local. Por suposto, por congruencia e o único partido que realmente é congruente na defensa, tanto da Policía local como da Policía nacional en todos os ámbitos, imos votar a favor deste asunto que se trae a Pleno. Parabéns aos distinguidos por cumprir co seu labor de forma excelente e por manter durante anos a súa vontade de servizo aos cidadáns.

Como no puede ser de otra manera, pues estamos de acuerdo con la propuesta de concesión de medallas al mérito a los funcionarios de la Policía local que hacen los propios funcionarios, así como con la propuesta de distinción pública a las personas ajenas al cuerpo de la Policía local que destacan por su labor profesional de colaboración y apoyo a la Policía local. Por supuesto, por congruencia y el único partido que realmente es congruente en la defensa, tanto de la Policía local como de la Policía nacional en todos los ámbitos, vamos a votar a favor de este asunto que se trae a Pleno. Enhorabuena a los distinguidos por cumplir con su labor de forma excelente y por mantener durante años su voluntad de servicio a los ciudadanos.

Pero xa que falamos de seguridade

Pero ya que hablamos de seguridad

cidadá, non podemos pasar por alto que a realidade é que a inseguridade na cidade crece como crecen as zonas onde hai problemas coas drogas, como crecen as ocupacións ilegais e como crecen as pelexas, roubos, furtos e agresións desde que se eliminou a policía de barrio e o dispositivo de control de lecer nocturno que provocou unha repunta de pelexas e queixas veciñais. E esta medalla, máis ben esta cruz, non a merece nin a Policía local nin a Policía nacional. Esta é a medalla que habería que outorgarlle ao Goberno municipal e á Delegación do Goberno pola súa falta de implicación. Levamos anos advertindo e, por desgraza, unha vez máis a cidade leva a medalla ao mérito da máis insegura de Galicia. A Coruña é a cidade con maior número de delitos de Galicia e das cidades de España do seu tamaño segundo datos do Ministerio do Interior correspondentes a 2022 e comezo de 2023, pois imos polo mesmo camiño: roubos en comercios, okupas causando problemas nos barrios, incendios en coches, mesmo agresións con arma branca. Os veciños do Castrillón denuncian os delitos que orixinan as ocupacións de 4 vivendas abandonadas na zona desde onde se trafica desde hai tempo sen que as forzas da orde puidesen poñer fin de forma definitiva. Segundo recollen os medios de comunicación, a venda está tan normalizada que ata colgaron un cartel nunha das casas nas que se trafica cos prezos das drogas que venden e os horarios para comprar.

ciudadana, no podemos pasar por alto que la realidad es que la inseguridad en la ciudad crece como crecen las zonas donde hay problemas con las drogas, como crecen las ocupaciones ilegales y como crecen las peleas, robos, hurtos y agresiones desde que se eliminó la policía de barrio y el dispositivo de control de ocio nocturno que ha provocado un repunte de peleas y quejas vecinales. Y esta medalla, más bien esta cruz, non la merece ni la Policía local ni la Policía nacional. Esta es la medalla que habría que otorgarle al Gobierno municipal y a la Delegación del Gobierno por su falta de implicación. Llevamos años advirtiendo y, por desgracia, una vez más la ciudad se lleva la medalla al mérito de la más insegura de Galicia. A Coruña es la ciudad con mayor número de delitos de Galicia y de las ciudades de España de su tamaño según datos del Ministerio del Interior correspondientes a 2022 y comienzo de 2023, pues vamos por el mismo camino: robos en comercios, okupas causando problemas en los barrios, incendios en coches, incluso agresiones con arma blanca. Los vecinos del Castrillón denuncian los delitos que originan las ocupaciones de 4 viviendas abandonadas en la zona desde donde se trafica desde hace tiempo sin que las fuerzas del orden hayan podido poner fin de forma definitiva. Según recogen los medios de comunicación, la venta está tan normalizada que hasta colgaron un cartel en una de las casas en las que se trafica con los precios de las drogas que venden y los horarios para comprar.

Hai que lembrar que unha situación parecida se vive na Gaiteira, nos Castros e Catro Camiños, con varios narcopisos que tamén provocan pelexas, roubos nos comercios. E a fin de semana pasada, outro apuñalamento. Hai 2 días, outra agresión en Vioño, onte un incendio no Club Financeiro. Ata onde imos chegar? Isto é así todos os días. Tanto o Goberno

Hay que recordar que una situación parecida se vive en la Gaiteira, en los Castros y Cuatro Caminos, con varios narcopisos que también provocan peleas, robos en los comercios. Y el fin de semana pasado, otro apuñalamiento. Hace 2 días, otra agresión en Vioño, ayer un incendio en el Club Financiero. ¿Hasta dónde vamos a llegar? Esto es así todos los días. Tanto el

municipal como a Delegación do Goberno teñen que actuar diante da reiteración destes delitos para que os veciños poidan estar tranquilos, con actuacións e presenza policial continuas ata o desmantelamento definitivo nos puntos de droga ou impedir o acceso ás devanditas casas abandonadas e aplicar as medidas urbanísticas adecuadas. O Partido Popular presentou moitas iniciativas, a última, unha moción no Pleno de febreiro que se aprobou por unanimidade e na que se instaba ao Goberno municipal a recuperar a policía de barrio, convocar a Xunta Local de Seguridade, coordinar ás forzas e corpos de seguridade, aumentar o número de efectivos de policía local e nacional e actualizar o plan local de seguridade. Dous meses despois, vemos que o resultado é nulo. Onte, si, onte, aproban en Xunta de Goberno a oferta de emprego público, esta vez esgotando, por fin, a taxa ***(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)*** *e fano a un mes das eleccións, tarde e sen tempo para aplicalo. Un anuncio electoral, pois a realidade é que seguimos ostentando a medalla ao mérito da cidade máis insegura de Galicia. Nada máis.*

Gobierno municipal como la Delegación del Gobierno tienen que actuar ante la reiteración de estos delitos para que los vecinos puedan estar tranquilos, con actuaciones y presencia policial continuas hasta el desmantelamiento definitivo en los puntos de droga o impedir el acceso a dichas casas abandonadas y aplicar las medidas urbanísticas adecuadas. El Partido Popular presentó muchas iniciativas, la última, una moción en el Pleno de febrero que se aprobó por unanimidad y en la que se instaba al Gobierno municipal a recuperar la policía de barrio, convocar la Junta Local de Seguridad, coordinar a las fuerzas y cuerpos de seguridad, aumentar el número de efectivos de policía local y nacional y actualizar el plan local de seguridad. Dos meses después, vemos que el resultado es nulo. Ayer, sí, ayer, aprueban en Junta de Gobierno la oferta de empleo público, esta vez agotando, por fin, la tasa **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** y lo hacen a un mes de las elecciones, tarde y sin tiempo para aplicarlo. Un anuncio electoral, pues la realidad es que seguimos ostentando la medalla al mérito de la ciudad más insegura de Galicia. Nada más.

Presidencia

Moitas grazas, señora Gallego.

Pecha o debate o señor Borrego.

Presidencia

Muchas gracias, señora Gallego.

Cierra el debate el señor Borrego.

Señor Borrego Vázquez

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Simplemente, agradecer aos grupos o seu voto favorable, matizar que, efectivamente, a Policía local mantén un regulamento de honras pero que este goberno —por aclararllo, señora Veira— este Goberno foi o primeiro que

Señor Borrego Vázquez

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Simplemente, agradecer a los grupos su voto favorable, matizar que, efectivamente, la Policía local mantiene un reglamento de honores pero que este gobierno —por aclarárselo, señora Veira— este Gobierno fue el primero que impulsó, precisamente,

impulsou, precisamente, unha homenaxe a todos aqueles funcionarios e funcionarias que cada ano se xubilan. Evidentemente, non é o mesmo que ese regulamento pero si supón un agradecemento e un recoñecemento municipal, tamén, para eses anos de traballo e dedicación que, noutros ámbitos, traballan neste concello.

un homenaje a todos aquellos funcionarios y funcionarias que cada año se jubilan. Evidentemente, no es lo mismo que ese reglamento pero sí supone un agradecimiento y un reconocimiento municipal, también, para esos años de trabajo y dedicación que, en otros ámbitos, trabajan en este ayuntamiento.

Por rematar, eu non quero manchar un día importante para a Policía local onde, precisamente, eles son os que homenaxean a constancia e o traballo e, sobre todo, a implicación exemplar dos seus compañeiros facendo política cutre, señora Gallego, pero, evidentemente, xa lle explicamos, xa lle contamos no pleno pasado os números de incorporación de policías locais no noso mandato e no seu, xa lle demostramos a cantidade de medios que se aportaron neste mandato e os que quedaron no seu, xa lle... podemos falar de todo o que queira, podemos falar das competencias, podemos falar do traballo que fai, estes días, mesmo, de colaboración, e non só a Policía, desde este concello co tema da ocupación. Pero non é o día. Este é o día da Policía local, de recoñecer os seus méritos e o recoñecemento dos seus propios compañeiros entre eles e doutras persoas que se destacan na Coruña, precisamente, pola colaboración en pro do traballo da seguridade cidadá, que é para o que estamos aquí. Así que, eu, sen máis, agradecer que a proposta saia adiante e, pola miña parte, nada máis, señora alcaldesa. Moitas grazas.

Por finalizar, yo no quiero manchar un día importante para la Policía local donde, precisamente, ellos son los que homenajean la constancia y el trabajo y, sobre todo, la implicación ejemplar de sus compañeros haciendo política cutre, señora Gallego, pero, evidentemente, ya le explicamos, ya le contamos en el pleno pasado los números de incorporación de policías locales en nuestro mandato y en el suyo, ya le demostramos la cantidad de medios que se aportaron en este mandato y los que quedaron en el suyo, ya le... podemos hablar de todo lo que quiera, podemos hablar de las competencias, podemos hablar del trabajo que hace, estos días, incluso, de colaboración, y no solo la Policía, desde este ayuntamiento con el tema de la ocupación. Pero no es el día. Este es el día de la Policía local, de reconocer sus méritos y el reconocimiento de sus propios compañeros entre ellos y de otras personas que se destacan en A Coruña, precisamente, por la colaboración en pro del trabajo de la seguridad ciudadana, que es para lo que estamos aquí. Así que, yo, sin más, agradecer que la propuesta salga adelante y, por mi parte, nada más, señora alcaldesa. Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Borrego.

Muchas gracias, señor Borrego.

Remata o debate deste asunto número 2 e procedemos á votación do mesmo.

Finaliza el debate de este asunto número 2 y procedemos a la votación del mismo.

Votación do asunto número dous

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto)

Presidencia

Grazas. Queda aprobado.

Acordo

PRIMEIRO.- A concesión da MEDALLA Ó MÉRITO POLICIAL con distintivo azul aos funcionarios da Policía Local da Coruña que se relacionan:

Oficial D. José Manuel Cacheiro Calviño.

Policía D. Juan José Bellagona Martínez.

Policía D.ª Susana Catalán Morcillo.

Votación del asunto número dos

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Atendiendo al carácter excepcional, por el evidente interés público que representan las actuaciones previstas en el convenio, de conformidad con el art. 174.5 del Real decreto legislativo 2/2004, por lo que fue aprobado el texto refundido de la Ley

Lei reguladora das facendas locais, en relación aos compromisos e gastos de exercicios futuros comprometidos no convenio, o Pleno acorda que se eleven e modifiquen as porcentaxes aos que se refire o dito artigo, de acordo cos compromisos asumidos no convenio para cada anualidade futura.

reguladora de las haciendas locales, en relación a los compromisos y gastos de ejercicios futuros comprometidos en el convenio, el Pleno acuerda que se eleven y modifiquen los porcentajes a los que se refiere el dicho artículo, de acuerdo con los compromisos asumidos en el convenio para cada anualidad futura.

Terceiro. Declarar que o texto de dito convenio non limita a competencia efectiva dos mercados, aos efectos previstos no artigo 59.1 c) do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Tercero. Declarar que el texto de dicho convenio no limita la competencia efectiva de los mercados, a los efectos previstos en el artículo 59.1 c) del Real decreto ley 36/2020, del 30 de diciembre, por lo que se aprueban medidas urgentes para la modernización de la administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Cuarto. Facultar expresamente á Alcaldía, tan amplamente como en legal forma sexa posible, para a sinatura do Convenio e para realizar todos os actos, trámites e xestións que sexan precisos para os efectos de acadar o cumprimento dos fins e obxectivos do dito Convenio.

Cuarto. Facultar expresamente a la Alcaldía, tan ampliamente como en legal forma sea posible, para la firma del Convenio y para realizar todos los actos, trámites y gestiones que sean precisos a los efectos de alcanzar el cumplimiento de los fines y objetivos del dicho Convenio.

ANEXO I

CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A TRAMITACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OBTENCIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA E PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS DENDE A REDE VIARIA DE ALTA CAPACIDADE

En A Coruña, ... de ……

REUNIDOS

D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 136/2019 e 137/2019, de 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia

e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Dª Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no artigo 9.a) dos Estatutos da axencia, aprobados por Decreto 173/2011, do 4 de agosto.

Dª Inés Rey García, actuando en nome e representación do Concello da Coruña, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e en execución dos acordos do Pleno do Concello da Coruña de 25 de xaneiro de 2021 e de 13 de abril de 2023.
As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio e para iso,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, fíxose notoria a necesidade da construción dun novo Hospital no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Para a consecución desta actuación, o Servizo Galego de Saúde traballou na avaliación das necesidades asistenciais, dos recursos existentes e das melloras que é preciso introducir para acadar un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria actual e futura da poboación da Area Sanitaria da Coruña.

Co fin de dar solución a estas necesidades, o 30 de decembro de 2020 foi anunciada a licitación, por parte do Servizo Galego de Saúde, da contratación dos servizos de redacción do documento para tramitación urbanística, anteproxecto, proxecto básico, de execución, de expropiación por taxación conxunta, dirección facultativa da obra e control e vixilancia do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

O contrato foi formalizado o 1 de outubro de 2021, atopándose o mesmo en fase de execución.

SEGUNDO.

Que o 1 de febreiro de 2021 asinouse o Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña polo que se establecen as bases para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario da Coruña.

TERCEIRO.

Que entre os compromisos asumidos no referido convenio marco constan os seguintes:

Por parte do Servizo Galego de Saúde, o compromiso de obter os terreos necesarios para proceder á execución das actuacións derivadas do Proxecto de Interese Autonómico, así como de licitar, adxudicar e executar tanto as obras do novo hospital coma as obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

Por parte do Concello, o compromiso de financiar, individualmente ou en colaboración con outras entidades públicas, tanto a adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario coma a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de interese autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital, co límite máximo da achega municipal que se contempla no convenio marco asinado o 1 de febreiro de 2021.

Pola súa parte, a Axencia Galega de Infraestruturas asumía o compromiso de coordinar a execución das distintas actuacións previstas no referido convenio marco.

CUARTO.

Que o convenio marco establecía, na súa cláusula oitava, o seguinte:

"*A execución das actuacións previstas neste convenio marco requirirá a subscrición de convenios específicos de desenvolvemento, que se tramitarán segundo a súa normativa aplicable.*

En todo caso, para a tramitación e formalización das aportacións económicas das Administracións asinantes, tendo en conta o Anexo que se xunta relativo á estimación económica das actuacións previstas para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario da Coruña e unha vez coñecidos con exactitude os custes das actuacións previstas no presente Convenio Marco, procederase a subscribir o convenio ou convenios correspondentes de acordo coa lexislación vixente na materia que comprenderá as obrigas que financeiramente deban asumir as respectivas Administracións e as súas contraprestacións."

QUINTO.

O día 14 de marzo de 2023 celebrouse a reunión da Comisión Mixta do Convenio marco, na que, ante as dificultades detectadas por ambas partes no relativo ao financiamento das expropiacións por parte do Concello da Coruña sen asumir a titularidade dos terreos e, considerando que as achegas previstas polas partes no Convenio marco constituían unha mera estimación económica, aos efectos do disposto no artigo 49.d) da Lei 40/2015, os representantes da Xunta de Galicia e os representantes do Concello da Coruña acordan que o investimento total comprometido por parte da entidade municipal no Convenio marco do 1 de febreiro de 2021 (22,20 millóns de euros), se destine integramente ás obras dos accesos e viais previstos no *"Proxecto de trazado de mellora dos accesos ao Centro Hospitalario da Coruña (CHUAC)",* asumindo a Xunta de Galicia o custe total das expropiacións.

O orzamento do proxecto de trazado aprobado provisionalmente ascende a un total de 25.387.482,75 €, en tanto que nas estimacións do Convenio, o custo dos accesos viarios a asumir polo Concello estimábase só en 10,22 millóns de euros, de xeito que resulta posible que os compromisos de financiamento asumidos polo Concello no convenio marco se materialicen na súa integridade para a execución do proxecto de trazado de mellora dos accesos ao Centro Hospitalario da Coruña (CHUAC), o que ademais resulta máis acorde coa natureza deste investimento, que redunda en beneficio directo do Concello. Deste xeito o financiamento municipal farase sobre a rede viaria que será de titularidade do Concello da Coruña.

Este acordo non supón modificación do Convenio Marco, senón que garante o mantemento e o cumprimento da finalidade perseguida polo mesmo.

Neste contexto, tendo en conta os compromisos expresados nos expoñendos anteriores e o interese público inherente á construción dun novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña que permita dar unha mellor resposta aos problemas de saúde pública, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, ao tempo que garanta un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria actual e futura da poboación da Área Sanitaria da Coruña, constitúe a vontade das partes intervenientes subscribir un convenio co fin de adquirir os terreos necesarios para a execución do novo recinto hospitalario e os seus accesos así como a realización dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de interese autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Coruña, para levar a cabo as seguintes actuacións:

- A adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario.
- A execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de Interese Autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital.

As actuacións obxecto do convenio tramitaranse de acordo coa figura do Proxecto de Interese Autonómico establecido pola Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia, ou ben, de ser o caso, pola Lei 8/2013 de estradas de Galicia e do seu regulamento aprobado por Decreto da Xunta de Galicia nº 66/2016, do 26 de maio.

SEGUNDA. Custe estimado das actuacións.

Son obxecto de financiación o custe de adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

Asemade, tamén son obxecto de financiación os contratos de obra e os contratos de asistencia técnica para a execución das obras dos accesos e conexións viarias ao novo hospital. Neste custe está incluído o custe das obras obxecto deste convenio incrementado nun 6% en concepto de asistencias técnicas á execución da obra.

O custe total estimado das actuacións obxecto deste convenio é de corenta e dous millóns catrocentos mil euros (42.400.000 €).

O custe desagregado por actuación, segundo se detalla no Anexo I, é o seguinte:

ACTUACIÓN	Custe estimado (€)
Adquisición de terreos novo hospital e accesos	17.000.000 €
Execución das obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital	25.400.000 €

TERCEIRA. Actuación relativa á adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

A) Obxecto da actuación.

Constitúe o obxecto desta actuación a definición dos compromisos asumidos por cada unha das partes intervinientes neste convenio na adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

B) Procedemento para a obtención dos terreos.

Os terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital serán adquiridos mediante o procedemento de expropiación forzosa, consonte ao establecido na normativa vixente en materia de expropiación forzosa.

O procedemento de expropiación forzosa tramitarase pola consellería competente por razón da materia á que se refire o proxecto de interese autonómico ou o proxecto de estradas. O xustiprezo dos bens e dereitos expropiados fixarase mediante o expediente individualizado ou polo procedemento de taxación conxunta, tendo preferencia o de taxación conxunta agás que de forma motivada non poida ser empregado. A valoración dos bens e dereitos axustarase aos criterios establecidos ao respecto na lexislación vixente aplicable.

C) Réxime económico aplicable á obtención dos terreos necesarios.

O custo total estimado da adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, segundo se detalla na táboa do Anexo I deste convenio, é de 17.000.000 €.

Consonte ao acordado na Comisión de Seguimento do Convenio marco, de 14 de marzo de 2023, o Servizo Galego de Saúde asumirá o custo da adquisición dos terreos que derive do procedemento expropiatorio, que se estima nunha cantidade de 17.000.000 €, cuxo financiamento se realizará con cargo aos seus orzamentos, de acordo coas seguintes anualidades:

- 2023: 15.000.000 €
- 2024: 2.000.000 €

D) Compromisos do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde comprométese a :

- Ser o beneficiario da expropiación dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das

obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, ao tempo que promotor do proxecto de interese autonómico.

- Asumir a titularidade dos terreos expropiados para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.
- Encomendar, no seu caso, a asistencia técnica para calquera destas actuacións aos organismos competentes da Comunidade Autónoma, nomeadamente á Axencia Galega de Infraestruturas.

E) Compromisos da Consellería de Sanidade.

Correspóndelle á Consellería de Sanidade:

- Exercer a potestade expropiatoria a favor da persoa beneficiaria e adoptar todas as resolucións que impliquen o exercicio de dita potestade, sen prexuízo da intervención, as facultades e as obrigas que legalmente corresponden á persoa beneficiaria.
- Financiar a adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

F) Compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas.

Prestar a asistencia técnica no procedemento de expropiación forzosa tramitado para a adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital cando así lle sexa encomendado pola Consellería de Sanidade.

CUARTA. Actuación relativa á execución das obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

A) Obxecto da actuación.

Constitúe o obxecto desta actuación a definición dos compromisos asumidos por cada unha das partes intervinientes neste convenio na execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade así como do viario de servizo do recinto hospitalario.

B) Réxime económico aplicable para esta actuación.

Son obxecto de financiamento en relación con este proxecto, segundo o indicado na cláusula segunda e no anexo I deste convenio, tanto os contratos de obra coma os contratos de asistencia técnica necesarios para as obras referidas.

O custo total estimado desta actuación é de 25.400.000 € (IVE Incluído) segundo o orzamento do proxecto de trazado aprobado provisionalmente.

Consonte co acordado na Comisión de Seguimento do Convenio marco, de 14 de marzo de 2023, o Concello da Coruña asumirá o custo da execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, consonte a súa definición no proxecto de interese autonómico que se aprobe, ata un máximo de 22.220.000 €, cuxo financiamento se realizará con cargo aos seus orzamentos e de acordo coas seguintes anualidades:

- 2023: 1.000.000 €
- 2024: 8.000.000 €
- 2025: 13.220.000 €

C) Compromisos do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde comprométese a :

- Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, consonte a súa definición no proxecto de interese autonómico que se aprobe.
- Abonar as facturas mensuais emitidas polas empresas contratistas. No exercicio desta función será de aplicación la Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Recepcionar as obras realizadas dos accesos e conexións viarias ao novo hospital, de conformidade co artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

  Este acto de recepción poderá comprender tamén recepcións parciais de aquelas partes de obra que poidan ser entregadas ao Concello da Coruña para a súa posta a disposición ao uso público, cando a súa execución fora realizada por fases.

  Unha vez producido o acto formal de recepción, total ou parcial, das obras polo Servicio Galego de Saúde, este o porá en coñecemento do concello da Coruña, formalizando a entrega das mesmas mediante a correspondente acta, determinando o nacemento das obrigas asumidas por cada unha das partes neste convenio, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras.
- Encomendar, no seu caso, a execución de calquera destas actuacións aos organismos competentes da Comunidade Autónoma, nomeadamente á Axencia Galega de Infraestruturas.

- Tramitar o expediente de cambio de titularidade en favor do concello dos accesos e rede viaria que resulten da execución desta actuación.
- Financiar as cantidades que excedan da aportación do Concello para o financiamento das obras e os contratos de servizo complementarios para a súa execución, así como modificados, complementarios, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan durante a execución das obras e os servizos.

D) Compromisos do Concello da Coruña.

- Financiar as obras e os contratos de servizo complementarios para a súa execución, así como modificados, complementarios, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan durante a execución das obras e os servizos, sempre que estean debidamente xustificados, de acordo ao sinalado no anexo I deste convenio, ata o importe previsto no apartado B) desta cláusula.
- Formalizar a acta de entrega da obra obxecto desta actuación co Servizo Galego de Saúde.
- Asumir a titularidade dos accesos e rede viaria que resulten da execución desta actuación.

E) Xustificación e pagamento.

Os libramentos que corresponda realizar ao Concello da Coruña a favor do Servizo Galego de Saúde faranse do xeito seguinte:

- A achega correspondente ao exercicio 2023, realizarase no primeiro trimestre do ano seguinte, unha vez se xustifique o gasto correspondente a dito exercicio.
- Para o resto de anualidades, o Sergas remitirá na segunda quincena do mes de outubro a xustificación do gasto realizado na anualidade correspondente, procedendo o Concello a transferir a súa achega antes do 31 de novembro de dita anualidade.

Rematada a execución das obras obxecto da actuación, procederase a practicar a liquidación definitiva total.

No caso de imposibilidade de aboamento por parte do Concello das distintas anualidades, a Xunta de Galicia acudirá ao Fondo de Cooperación Local para garantir o pago das obrigas asumidas polo Concello neste convenio, de acordo coa normativa aplicable.

F) Réxime patrimonial.

O Concello da Coruña asumirá a titularidade do viario que se acorde e execute no marco desta actuación, así como a súa conservación e explotación, unha vez se produza o acto de entrega

regulado na letra C) anteriormente reflectida. En calquera caso, a titularidade do viario perimetral que dará servizo ao Hospital será asumida polo Concello da A Coruña.

G) Compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas.

Xestionar o procedemento de licitación, adxudicación, execución e dirección das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, cando así lle sexa encomendado pola Consellería de Sanidade.

QUINTA. Comisión de seguimento.

Aos efectos de asumir as facultades necesarias e de velar polo cumprimento dos compromisos contraídos por cada unha das partes intervenientes crearase unha Comisión de seguimento composta por un representante do Servizo Galego de Saúde, un representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dous representantes do Concello da Coruña.

A dita Comisión asumirá, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada administración e organismo interveniente, as seguintes funcións:

a) Levar a cabo o seguimento das actuacións e das obrigas asumidas por cada unha das partes asinantes deste convenio.

b) Informar o contido dos estudios e Proxectos que desenvolvan as actuacións do Convenio.

c) Promover a coordinación necesaria para a realización dos documentos técnicos e para realizar as actuacións previstas neste convenio, desenvolvendo cantas accións se estimen necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do mesmo.

d) Formular propostas de medidas tendentes a garantir o cumprimento das obrigas asumidas por cada unha das partes asinantes deste convenio, e a solución de incidencias, conflitos que poidan comprometer a consecución dos obxectivos definidos no mesmo.

e) Propoñer e ratificar unha vez aprobados polos órganos competentes, no seu caso, reaxustes de anualidades para axustar as aportacións financeiras ao ritmo de execución das obras, sempre que non superen as aportacións e anualidades previstas.

   A estes efectos, entenderase que o reaxuste de anualidades proposto non supera as aportacións e anualidades previstas no convenio cando o mesmo non supoña un incremento do importe total das obrigas de contido económico asumidas polas partes asinantes na cláusula segunda deste convenio de colaboración e/ou o número máximo de anualidades orzamentarias previstas no mesmo, con independencia da actuación á que se imputan as referidas obrigas económicas, sen prexuízo de que deba ser aprobado polos órganos competentes de cada unha das entidades intervenientes.

Noutro caso, será necesaria a tramitación dunha addenda ao convenio de colaboración na que se regule expresamente o novo réxime de aportacións económicas así como de anualidades previstas para a súa execución.

f) Velar polo cumprimento dos prazos que se fixen para a execución de cada unha das actuacións previstas neste convenio.

g) Resolver os problemas que se susciten na interpretación e cumprimento do Convenio.

h) Propoñer o réxime de titularidade do viario e accesos ao novo CHUAC executado no marco da actuación obxecto do convenio, que será tramitado de acordo co procedemento previsto pola normativa de aplicación.

As copias das actas das reunións desta comisión, así coma os convenios ou informes que se emiten no desenvolvemento e execución das funcións asignadas á comisión, serán remitidas ás partes asinantes.

Os membros da Comisión de Seguimento, ou persoas en quen deleguen, reuniranse polo menos no último trimestre de cada anualidade. En calquera caso, sempre que o solicite calquera das partes.

Ás reunións da dita Comisión poderanse incorporar, por acordo das partes, aqueles técnicos cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento das funcións que ten encomendadas.

A presidencia da Comisión de seguimento do convenio será rotatoria, en períodos anuais empezando pola administración con maior aporte financeiro neste convenio.

Con carácter xeral, os acordos da Comisión de seguimento serán adoptados por unanimidade de todos os membros da Comisión.

O réxime xurídico da Comisión axustarase, en canto non estea previsto na presente cláusula e no que resultara de aplicación, ao previsto no artigo 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, ou normativa que a substitúa.

SEXTA. Vixencia e duración.

O presente convenio perfeccionarase coa súa subscrición, adquirindo o mesmo plena validez e eficacia dende o momento da súa formalización.

En todo caso, o presente convenio terá, de acordo co disposto no apartado 1 do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, unha vixencia máxima de 4 anos, si ben, no caso de que a execución das actuacións que se recollen no presente convenio requiran dun período superior de tempo, as partes se comprometen a tramitar, con suficiente antelación ao fin da dita vixencia, a súa necesaria prórroga,

de conformidade co previsto no apartado 2 do artigo 49.h) da referida Lei, observándose para elo o mesmo procedemento seguido para a súa autorización.

A modificación dos termos do presente convenio e/ou a prórroga da súa vixencia requirirán o acordo unánime das partes mediante a subscrición da correspondente addenda modificativa.

SÉTIMA. Causas de extinción.

O presente convenio extinguirase, ademais de polo cumprimento ou conclusión de todas as actuacións contidas no mesmo, por algunha das seguintes causas de resolución:

- Polo transcurso do prazo de vixencia do presente convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- Por mutuo acordo das partes, do que quede a debida constancia en documento elaborado ao efecto.
- Por incumprimento por calquera dos asinantes das concretas obrigas establecidas neste convenio, previamente posto de manifesto mediante comunicación escrita fidedigna, e cun prazo de antelación de, polo menos, un mes, pola parte a quen lle prexudique.

  A tal efecto, se fixa como criterio para determinar as posibles indemnizacións, os custos nos que incorrera a parte prexudicada no momento no que se produza o eventual incumprimento.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do presente convenio.
- Cambios na lexislación que contraveñan o contido do presente convenio.
- A forza maior que impida o cumprimento do seu obxecto.

En caso de extinción por causa diferente á conclusión das actuacións obxecto do convenio, a Comisión de seguimento proporá as condicións para a continuación e finalización das actuacións en curso que considere oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos polo artigo 52.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Resolto o convenio por calquera causa, todos os dereitos e obrigas nacidos con anterioridade á extinción do mesmo serán liquidados e cumpridos por todas as partes, sen prexuízo dos dereitos e obrigas que resulten da dita extinción para as mesmas, conforme á lei, ou ao disposto no presente convenio.

OITAVA. Réxime xurídico e xurisdición.

Este convenio ten natureza xurídica administrativa, e rexese polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público ou lexislación que en adiante o substitúa, e demais normas de procedente aplicación.

Este convenio atópase incluído dentro dos supostos previstos no artigo 6 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei.

En consecuencia, as dúbidas e controversias que poidan xurdir con motivo da interpretación e aplicación deste convenio e que non fosen resoltas pola Comisión de seguimento do mesmo, resolveranse polas normas aplicables en dereito, e serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA. Publicidade.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

DÉCIMA. Datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), de lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio no lugar e na data indicados ao inicio.

O Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde	A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas
Julio García Comesaña	Ethel María Vázquez Mourelle
A alcaldesa da Coruña	
Inés Rey García	

ANEXO I

RÉXIME ECONÓMICO DAS ACTUACIÓNS

ADQUISICIÓN DE TERREOS NOVO HOSPITAL E ACCESOS	
ANUALIDADE 2023	ANUALIDADE 2024
15.000.000 €	2.000.000 €
TOTAL ACTUACIÓN	17.000.000 €

EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA OS ACCESOS E CONEXIÓNS VIARIAS AO NOVO HOSPITAL		
ANUALIDADE 2023	ANUALIDADE 2024	ANUALIDADE 2025
1.000.000 €	8.000.000 €	16.400.000 €
	TOTAL ACTUACIÓN	25.400.000 €

Intervencións

Presidencia

Creo que son cinco minutos por turno. Comeza o Goberno. Señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Bo día de novo.

Vimos de aprobar dous modificativos moi importantes para a cidade e quero aproveitar o comezo deste punto para agradecerlle a todos os membros da Corporación a súa colaboración para que estos asuntos saíran adiante. Creo que é unha boa mostra do mandato.

Cando remate este pleno teremos aprobado 207 asuntos, 208 asuntos, perdón, na Parte Resolutiva de 2010 que se teñen tramitado ó longo do mandato.

Intervenciones

Presidencia

Creo que son cinco minutos por turno. Comienza el Gobierno. Señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Buenos días de nuevo.

Acabamos de aprobar dos modificativos muy importantes para la ciudad y quiero aprovechar el comienzo de este punto para agradecer a todos los miembros de la Corporación su colaboración para que estos asuntos salieran adelante. Creo que es una buena muestra del mandato.

Cuando finalice este pleno habremos aprobado 207 asuntos, 208 asuntos, perdón, en la Parte Resolutiva de 2010 que se han tramitado a lo largo del

É dicir, o 99 % dos asuntos da Parte Resolutiva que ten traído este goberno ó Pleno, este goberno, teñen saído adiante por maioría ou sen votos en contra. Polo tanto, destacar o bo facer dos 27 membros da Corporación, tamén dos compañeiros e compañeiras que xa non se atopan entre nós, porque creo que é unha boa proba de que o mandato do diálogo e da amabilidade que propuxo a nosa alcaldesa, Inés Rey, alá por xuño do ano 19 se confirma e se constata con moitos acordos e tamén cun dato incuestionable: de 210 asuntos, 208 aprobados. Gracias a todos e a todas. Non pensen que eso é facer demérito de nadie, eso é un mérito colectivo a compartir, coa alcaldesa á cabeza, pero un mérito a compartir.

mandato. Es decir, el 99 % de los asuntos de la Parte Resolutiva que ha traído este gobierno al Pleno, este gobierno, han salido adelante por mayoría o sin votos en contra. Por lo tanto, destacar el buen hacer de los 27 miembros de la Corporación, también de los compañeros y compañeras que ya no se encuentran entre nosotros, porque creo que es una buena prueba de que el mandato del diálogo y de la amabilidad que propuso nuestra alcaldesa, Inés Rey, allá por junio del año 19 se confirma y se constata con muchos acuerdos y también con un dato incuestionable: de 210 asuntos, 208 aprobados. Gracias a todos y a todas. No piensen que eso es hacer demérito de nadie, eso es un mérito colectivo a compartir, con la alcaldesa a la cabeza, pero un mérito a compartir.

E hoxe traemos aquí unha proposta de acordo que estamos seguros que vai a gozar do apoio inmensamente maioritario da Corporación. En definitiva, algo que supón unha boa nova para a cidadanía coruñesa e tamén para a galega, unha proba da importancia que este goberno concede á sanidade pública, e é unha boa nova o texto do convenio do Concello da Coruña coa Xunta de Galicia para impulsar o novo CHUAC porque remamos na mesma dirección, actuamos con xenerosidade e actuamos con tanta xenerosidade que non está de máis recordalo, actuamos con tanta xenerosidade que non se reclamara antes a ningunha outra cidade que aportara 22,2 millóns de euros para a renovación e ampliación do noso hospital.

Y hoy traemos aquí una propuesta de acuerdo que estamos seguros que va a disfrutar del apoyo inmensamente mayoritario de la Corporación. En definitiva, algo que supone una buena nueva para la ciudadanía coruñesa y también para la gallega, una prueba de la importancia que este gobierno concede a la sanidad pública, y es una buena noticia el texto del convenio del Ayuntamiento de A Coruña con la Xunta de Galicia para impulsar el nuevo CHUAC porque remamos en la misma dirección, actuamos con generosidad y actuamos con tanta generosidad que no está de más recordarlo, actuamos con tanta generosidad que no se había reclamado antes a ninguna otra ciudad que aportara 22,2 millones de euros para la renovación y ampliación de nuestro hospital.

Todos e todas recordarán, como é público e notorio, que a sanidade non é un ámbito competencial do Concello. É unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma transferida, transferida polo Estado sendo o señor Montero, se non recordo mal, conselleiro e Felipe González presidente do

Todos y todas recordarán, como es público y notorio, que la sanidad no es un ámbito competencial del Ayuntamiento. Es una competencia exclusiva de la Comunidad Autónoma transferida, transferida por el Estado siendo el señor Montero, si no recuerdo mal, conselleiro y Felipe González presidente del

Goberno de España e Manuel Fraga presidente do Goberno de Galicia. Polo tanto, en Galicia levamos 33 anos coas competencias exclusivas en sanidade. E este goberno e este concello, a pesar de que se deixou por parte da Xunta de Galicia a cidade da Coruña para o final. Para o final, todos entendemos o que significa. O principio é no comezo e o final é cando se está rematando. A renovación do Hospital, a ampliación, a construción dun novo, é a cidade da Coruña a última que ve como a Xunta de Galicia se implica e toma esta decisión.

Gobierno de España y Manuel Fraga presidente del Gobierno de Galicia. Por lo tanto, en Galicia llevamos 33 años con las competencias exclusivas en sanidad. Y este gobierno y este ayuntamiento, a pesar de que se dejó por parte de la Xunta de Galicia la ciudad de A Coruña para el final. Para el final, todos entendemos lo que significa. El principio es en el comienzo y el final es cuando se está finalizando. La renovación del Hospital, la ampliación, la construcción de uno nuevo, es la ciudad de A Coruña la última que ve como la Xunta de Galicia se implica y toma esta decisión.

O Goberno municipal estivo a altura das circunstancias. Por que estivo á altura das circunstancias? Porque é o que nos exixe a cidadanía, é o responsable. Fomos xenerosos pero tamén fomos eficaces na xestión.

El Gobierno municipal estuvo la altura de las circunstancias. ¿Por qué estuvo a la altura de las circunstancias? Porque es lo que nos exige la ciudadanía, es lo responsable. Fuimos generosos pero también fuimos eficaces en la gestión.

Dende que se anunciou o novo CHUAC dimos todas as facilidades e actuamos con dilixencia. Porei algún exemplo, para que esto non sean palabras ocas, que non o son. Hoxe o Sergas, o Servizo Galego de Saúde, ten unha parcela municipal de 8.000 m2 cedidas, 8.000 m2 cedidos polo Concello. Hoxe están feitas dúas modificacións do planeamento en tempo récord. Cando me refiro en tempo récord quere dicir —se non xa me corrixe o meu compañeiro de Urbanismo—, pero de memoria vénme á cabeza que se solicitou unha modificación alá por agosto e en setembro estaba feita, creo que con bastante dilixencia. Dúas modificacións do planeamento en tempo récord. É dicir, o que se nos pideu, cumpleuse.

Desde que se anunció el nuevo CHUAC dimos todas las facilidades y actuamos con diligencia. Pondré algún ejemplo, para que esto no sean palabras huecas, que no lo son. Hoy el Sergas, el Servicio Gallego de Salud, tiene una parcela municipal de 8.000 m2 cedidas, 8.000 m2 cedidos por el Ayuntamiento. Hoy están hechas dos modificaciones del planeamiento en tiempo récord. Cuando me refiero en tiempo récord quiere decir —si no ya me corrige mi compañero de Urbanismo—, pero de memoria me viene a la cabeza que se solicitó una modificación allá por agosto y en septiembre estaba hecha, creo que con bastante diligencia. Dos modificaciones del planeamiento en tiempo récord. Es decir, lo que se nos pidió, se cumplió.

Hoxe está tamén axustado o impacto paisaxístico dos accesos, tamén grazas a aportación municipal. E faltaba, faltaba, é certo, limar certos detalles derivados das lexítimas diferencias de interpretación dun mesmo feito. E ó final chegouse a un acordo nunha negociación

Hoy está también ajustado el impacto paisajístico de los accesos, también gracias a aportación municipal. Y faltaba, faltaba, es cierto, limar ciertos detalles derivados de las legítimas diferencias de interpretación de un mismo hecho. Y al final se llegó a un acuerdo en una

onde se lle dou coherencia e lóxica á participación relevante do Concello da Coruña no impulso ó novo CHUAC. Nin máis nin menos que o que víñamos defendendo dende fai moito tempo: que os fondos que aporta o Concello da Coruña, 22,2 millóns de euros, se adiquen a un ámbito onde o Concello vai a ter a titularidade.

negociación donde se le dio coherencia y lógica a la participación relevante del Ayuntamiento de A Coruña en el impulso al nuevo CHUAC. Nada más y nada menos que lo que veníamos defendiendo desde hace mucho tiempo: que los fondos que aporta el Ayuntamiento de A Coruña, 22,2 millones de euros, se dediquen a un ámbito donde el Ayuntamiento va a tener la titularidad.

Digo esto porque hai que explicar por que volvemos ó Pleno e non pasa nada por facelo, e ademais o facemos de común acordo coa Xunta de Galicia. Facémolo de común acordo dándolle lógica e coherencia. A que? A que o Concello pase a financiar os viales dos cales vai a ser titular e a Xunta de Galicia financie os terrenos dos cales vai a ser titular ou dos que quería ser titular, pero o que non podía pedirnos a Xunta de Galicia era ser titular duns terrenos pagándoos o Concello, co cal, o que fixemos ten lóxica. E digo fixemos, non o Goberno municipal, senón o que fixemos conxuntamente.

Digo esto porque hay que explicar por qué volvemos al Pleno y no pasa nada por hacerlo, y además lo hacemos de común acuerdo con la Xunta de Galicia. Lo hacemos de común acuerdo dándole lógica y coherencia, ¿a qué? A que el Ayuntamiento pase a financiar los viales de los cuales va a ser titular y la Xunta de Galicia financie los terrenos de los cuales va a ser titular o de los que quería ser titular, pero lo que no podía pedirnos la Xunta de Galicia era ser titular de unos terrenos pagándolos el Ayuntamiento, con lo cual, lo que hicimos tiene lógica. Y digo hicimos, no el Gobierno municipal, sino lo que hicimos conjuntamente.

Non creo que sexa necesario quitar a acta da Comisión de Seguimento, porque eu creo que todos sabemos que o que estou contando é así. Agora ben, se fose necesario, é un documento accesible. Non creo que estemos nese momento. Eu creo que estamos no momento de construír.

No creo que sea necesario sacar el acta de la Comisión de Seguimiento, porque yo creo que todos sabemos que lo que estoy contando es así. Ahora bien, si fuera necesario, es un documento accesible. No creo que estemos en ese momento. Yo creo que estamos en el momento de construir.

Hai un feito esencial que leva poñendo en práctica a nosa alcaldesa dende o ano 2019, que cando hai vontade de consenso, chégase a acordo. Este goberno municipal herdou unha situación co mercado e co centro de saúde de Santa Lucía, e esta alcaldesa comprometeuse a chegar a un acordo coa Xunta e a desbloquealo. Houbo vontade de consenso e chegouse a acordo. Este goberno municipal, coa alcaldesa á cabeza, recolleu o que era un grito unánime desde fai 17 anos, que era

Hay un hecho esencial que lleva poniendo en práctica nuestra alcaldesa desde el año 2019, que cuando hay voluntad de consenso, se llega a acuerdo. Este gobierno municipal heredó una situación con el mercado y con el centro de salud de Santa Lucía, y esta alcaldesa se comprometió a llegar a un acuerdo con la Xunta y a desbloquearlo. Hubo voluntad de consenso y se llegó a acuerdo. Este gobierno municipal, con la alcaldesa a la cabeza, recogió lo que era un grito unánime desde hace 17 años, que era

desbloquear o tren a Punta Langosteira e cooperou e colaborou, grazas ó Goberno de España, nalgo que moitos pediron, pero ninguén fixera. Pois o novo CHUAC tamén ten unha historia detrás. Nós non lle vamos a facer un recordatorio a ninguén de donde propoñían o hospital, nin de se tiña que ter un espello pa diante, un espello pa tras. O que sabemos é que o mandato mereceu a pena e que se pode chegar a acordo entre todos os que queiran chegar a acordo.

desbloquear el tren a Punta Langosteira y cooperó y colaboró, gracias al Gobierno de España, en algo que muchos pidieron, pero nadie había hecho. Pues el nuevo CHUAC también tiene una historia detrás. Nosotros no le vamos a hacer un recordatorio a nadie de dónde proponían el hospital, ni de si tenía que tener un espejo pa delante, un espejo pa detrás. Lo que sabemos es que el mandato mereció la pena y que se puede llegar a acuerdo entre todos los que quieran llegar a acuerdo.

Vivimos momentos de certas, en fin, novedades. Despois da abdicación de Juan Carlos I parecía que se podía abrir un novo tempo onde se fora a inventar a roda en España, e a verdade é que a roda xa estaba inventada. Co novo CHUAC o que se puxo de manifesto é que hai solvencia, que hai experiencia e que houbo unha alcaldesa que puxo por diante os intereses da cidade.

Vivimos momentos de ciertas, en fin, novedades. Después de la abdicación de Juan Carlos I parecía que se podía abrir un nuevo tiempo donde se fuera a inventar la rueda en España, y la verdad es que la rueda ya estaba inventada. Con el nuevo CHUAC lo que se puso de manifiesto es que hay solvencia, que hay experiencia y que hubo una alcaldesa que puso por delante los intereses de la ciudad.

Para este goberno municipal era moi fácil trasladarlle a responsabilidade a quen a ten, que é o Goberno de Galicia. Non se requireu en ningún outro caso unha aportación de 22,2 millóns, sen embargo non deixamos de colaborar e de cooperar. Agardemos que esos 22,2 a Xunta de Galicia os devolva dalgún xeito en algunha actuación na que lle pidamos a cofinanciación, igual que nos pediron a nós que cofinanciemos un hospital, os accesos e as actuacións. Vaia por diante, por exemplo, os recursos que tiñan previsto destinar á pasarela fantasma—non sei se se acordan—, pois a nós nos gustaría que todas esas promesas repercutiran na cidade.

Para este gobierno municipal era muy fácil trasladarle la responsabilidad a quién la tiene, que es el Gobierno de Galicia. No se requirió en ninguno otro caso una aportación de 22,2 millones, sin embargo no dejamos de colaborar y de cooperar. Esperemos que esos 22,2 la Xunta de Galicia los devuelva de alguna manera en alguna actuación en la que le pidamos la cofinanciación, igual que nos pidieron a nosotros que cofinanciemos un hospital, los accesos y las actuaciones. Vaya por delante, por ejemplo, los recursos que tenían previsto destinar a la pasarela fantasma—no sé si se acuerdan—, pues a nosotros nos gustaría que todas esas promesas repercutieran en la ciudad.

O 14 de marzo, por indicación da nosa alcaldesa, mantiven unha xuntanza coa conselleira Vázquez, Ethel Vázquez, e xuntamente co coordinador xeral municipal e o director da Área de Economía e Facenda, se negociou este

El 14 de marzo, por indicación de nuestra alcaldesa, mantuve una reunión con la conselleira Vázquez, Ethel Vázquez, y juntamente con el coordinador general municipal y el director del Área de Economía y Hacienda, se negoció este

texto deste convenio e tamén un prazo para que o convenio viñera a Pleno. Hoxe traemos un mes antes do previsto o noso compromiso. Polo tanto, creo que queda fóra de toda dúbida a axilidade. Recórdolle que fai escasos minutos relatei como se fixeron dúas modificacións do planeamento no que os técnicos da Concejalía de Urbanismo, co noso concelleiro ó fronte, fixeron en tempo récord unha actuación dilixente permitindo que as peticións da Xunta de Galicia foran satisfeitas, pedírono en agosto, fíxose en setembro.

texto de este convenio y también un plazo para que el convenio viniera a Pleno. Hoy traemos un mes antes de lo previsto nuestro compromiso. Por lo tanto, creo que queda fuera de toda duda la agilidad. Le recuerdo que hace escasos minutos relaté como se hicieron dos modificaciones del planeamiento en el que los técnicos de la Concejalía de Urbanismo, con nuestro concejal al frente, hicieron en tiempo récord una actuación diligente permitiendo que las peticiones de la Xunta de Galicia fueran satisfechas, lo pidieron en agosto, se hizo en septiembre.

Tuvemos o 14 de marzo unha xuntanza. Desbloqueouse nesa xuntanza e comprometémonos a que no segundo trimestre do ano, é dicir, antes do 30 de xuño, antes do 30 de xuño estivera este convenio aquí, no Pleno da Corporación, e sábeo o señor Lorenzo, creo que non digo nada que non podamos compartir, que tamén nos ofrecemos a falalo se había que falar de algo antes do Pleno, se había algún matiz, se había algún problema. Bueno, pois eu creo que estamos facendo política con maiúsculas, da boa. Primeiro, porque para os socialistas a sanidade pública, universal e de calidade é un elemento troncal da nosa acción política. Para eso o Partido Socialista, con Felipe González ó frente e Ernest Lluch, puxo en marcha o sistema sanitario que coñecemos hoxe en España, unha lei que entrou en vigor no ano 86, pero hai que regala, hai que cuidala, hai que mimala e hai que protexela e as competencias están transferidas ás comunidades autónomas. Bueno, pois dende o Concello, nesa liña, entendemos que si se podía traer o convenio no mes de abril, non se trouxera no mes de xuño. Ese foi o compromiso que a nosa alcaldesa alcanzou co presidente da Xunta, máxima axilidade e poñer todas as facilidades.

Tuvimos el 14 de marzo una reunión. Se desbloqueó en esa reunión y nos comprometimos a que en el segundo trimestre del año, es decir, antes de 30 de junio, antes de 30 de junio estuviera este convenio aquí, en el Pleno de la Corporación, y lo sabe el señor Lorenzo, creo que no digo nada que no podamos compartir, que también nos ofrecimos a hablarlo si había que hablar de algo antes del Pleno, si había algún matiz, si había algún problema. Bueno, pues yo creo que estamos haciendo política con mayúsculas, de la buena. Primero, porque para los socialistas la sanidad pública, universal y de calidad es un elemento troncal de nuestra acción política. Para eso el Partido Socialista, con Felipe González al frente y Ernest Lluch, puso en marcha el sistema sanitario que conocemos hoy en España, una ley que entró en vigor en el año 86, pero hay que regarla, hay que cuidarla, hay que mimarla y hay que protegerla y las competencias están transferidas a las comunidades autónomas. Bueno, pues desde el Ayuntamiento, en esa línea, entendemos que si se podía traer el convenio en el mes de abril, no se trajera en el mes de junio. Ese fue el compromiso que nuestra alcaldesa alcanzó con el presidente de la Xunta, máxima agilidad y poner todas las facilidades.

Pero bo, imos ao tema en concreto, que é o tema do CHUAC, e mire, eu voulle dicir dúas cousas, señor Lage, vou empezar polo final, como fixo vostede. Nós imos votar que si a isto, loxicamente, igual que votamos antes que si aos convenios, porque o noso voto é por responsabilidade. O que eu lle dixen que era electoralista, era traer os convenios en abril e non en xaneiro, que era cando había que traelos. Iso é o que é electoralista, o voto nunca, o voto é responsable. E gustaríame que vostede que fixo unha mención a todos os acordos —non lembro o número neste momento que mencionou vostede, de goberno, que alcanzaramos—, que pena que non houbese acordo nos orzamentos no ano 2021 ou no ano 2023, porque é a lei máis importante que ten que facer un goberno e aí nin sequera un acordo porque nin sequera trouxérono, e polo menos connosco, co Partido Popular, nunca contaron. Ten vostede que poñelo en valor.

Pero bueno, vamos al tema en concreto, que es el tema del CHUAC, y mire, yo le voy a decir dos cosas, señor Lage, voy a empezar por el final, como hizo usted. Nosotros vamos a votar que sí a esto, lógicamente, igual que votamos antes que sí a los convenios, porque nuestro voto es por responsabilidad. Lo que yo le dije que era electoralista, era traer los convenios en abril y no en enero, que era cuando había que traerlos. Eso es lo que es electoralista, el voto nunca, el voto es responsable. Y me gustaría que usted que hizo una mención a todos los acuerdos —no recuerdo el número en este momento que mencionó usted, de gobierno, que habíamos alcanzado—, qué pena que no hubiera acuerdo en los presupuestos en el año 2021 o en el año 2023, porque es la ley más importante que tiene que hacer un gobierno y ahí ni siquiera un acuerdo porque ni siquiera lo trajeron, y al menos con nosotros, con el Partido Popular, nunca contaron. Tiene usted que ponerlo en valor.

Alegrámonos de que se asine este convenio. Vostede falaba da dilixencia *que tivera o Goberno neste tema. Dous anos, dous anos levamos esperando por este convenio. Oito meses para que se asinase o convenio marco, sete meses despois para conceder a licenza na Fase 0. Viño no mes de decembro, o día 28, Santos Inocentes. Advertinlles: isto non vai ben, non hai partidas orzamentarias —porque vostede conta as verdades a medias—, non se vai a poder aprobar na*

Nos alegramos de que se firme este convenio. Usted hablaba de la *diligencia* que había tenido el Gobierno en este tema. Dos años, dos años llevamos esperando por este convenio. Ocho meses para que se firmara el convenio marco, siete meses después para conceder la licencia en la Fase 0. Vino en el mes de diciembre, el día 28, Santos Inocentes. Les advertí: esto no va bien, no hay partidas presupuestarias —porque usted cuenta las verdades a medias—, no se va a poder aprobar en la

Xunta. Aínda así, aínda así votamos a favor. Despois vostede dixo: non, parece mentira que o señor Lorenzo non le os temas, por que vota a favor sabendo que está mal. Voto a favor porque entre outras cousas non voulle dar a vostede nunca o titular: Miguel Lorenzo —ou o Partido Popular— oponse ao CHUAC, que quizais, vendo como se move e vendo como fai as cousas, era o que vostede pretendía nese momento.

Xunta. Aún así, aún así votamos a favor. Después usted dijo: no, parece mentira que el señor Lorenzo no lee los temas, por qué vota a favor sabiendo que está mal. Voto a favor porque entre otras cosas no le voy a dar a usted nunca el titular: Miguel Lorenzo —o el Partido Popular— se opone al CHUAC, que quizás, viendo cómo se mueve y viendo cómo hace las cosas, era lo que usted pretendía en ese momento.

Pero dito isto, estamos en boa vontade, estamos en boa vontade. Entón, por fin, por fin, catro meses despois aprobamos este convenio.

Pero dicho esto, estamos en buena voluntad, estamos en buena voluntad. Entonces, por fin, por fin, cuatro meses después aprobamos este convenio.

Pero a min dáme medo os convenios con este goberno porque coñecín outros, como o do Porto, ofrecido pola propia alcaldesa, Inés Rey, que ao final despois non cumpriu a súa palabra. Esperemos que si, polo ben de todos os coruñeses e polo ben deste investimento, pero a realidade na que nos movemos e os feitos determinan que os acordos con este goberno municipal ás veces, non sei por que, non se cumpren, incluso os propios acordos que ofrece o Goberno municipal ás demais forzas políticas, ou á oposición, ou a outra administración. Pero xa digo, imos facelo ben.

Pero a mí me da miedo los convenios con este gobierno porque conocí otros, como el del Puerto, ofrecido por la propia alcaldesa, Inés Rey, que al final después no cumplió su palabra. Esperemos que sí, por el bien de todos los coruñeses y por el bien de esta inversión, pero la realidad en la que nos movemos y los hechos determinan que los acuerdos con este gobierno municipal a veces, no sé por qué, no se cumplen, incluso los propios acuerdos que ofrece el Gobierno municipal a las demás fuerzas políticas, o a la oposición, o a otra administración. Pero ya digo, vamos a hacerlo bien.

E é importante esta infraestrutura. Vostede falaba fai un momento algo que nos chama a todos e que temos que facer unha reflexión, ¿non?, o tema das citas e o tema do persoal na medicina, ¿non? Falta persoal na medicina e aí o Goberno central ten que dicir algo e non se pode estar a dar citas para 12 días a un enfermo. Estou totalmente de acordo con vostede e fareino chegar isto onde haxa que chegar, e vouno dicir onde o teña que dicir. Tamén lle pido a vostede un favor: nas citas á Seguridade Social, que dependen do Goberno central, Goberno seu, Goberno do Partido Socialista Obreiro Español, o que non cambiou as siglas, pero de obreiro e

Y es importante esta infraestructura. Usted hablaba hace un momento algo que nos llama a todos y que tenemos que hacer una reflexión, ¿no?, el tema de las citas y el tema del personal en la medicina, ¿no? Falta personal en la medicina y ahí el Gobierno central tiene que decir algo y no se puede estar dando citas para 12 días a un enfermo. Estoy totalmente de acuerdo con usted y lo haré llegar esto a donde haya que llegar, y lo voy a decir donde lo tenga que decir. También le pido a usted un favor: en las citas a la Seguridad Social, que dependen del Gobierno central, Gobierno suyo, Gobierno del Partido Socialista Obrero Español, el que no cambió las siglas, pero de obrero y español

español agora ten pouco, pero bo, iso xa é outro tema, pois vostede que fale con eles porque tampouco as citas da Seguridade Social, están a darse moi tarde e moitos coruñeses están a perder prestacións por culpa tamén do atraso destas citas.

ahora tiene poco, pero bueno, eso ya es otro tema, pues usted que hable con ellos porque tampoco las citas de la Seguridad Social, se están dando muy tarde y muchos coruñeses están perdiendo prestaciones por culpa también del retraso de estas citas.

E termino xa, e vouche dicir unha cousa persoal tamén porque non quero que vostede se senta molesto comigo, porque notei nun momento que sentíase ata celoso e falábame vostede de xenerosidade, e eu son unha persoa xenerosa, e estou de acordo con vostede en algo. Vostede dixo na anterior intervención: se a cidade hoxe está así, debémosllo á alcaldesa Inés Rey, nese adanismo que exerce sempre moito. Parece que antes da alcaldesa Inés Rey aquí non houbo nada. Pero ten vostede toda a razón, se a cidade está así, debémosllo á alcaldesa Inés Rey. En temas de seguridade, a cidade máis insegura de Galicia, a cidade máis insegura das medias de poboación de toda España; sucidade, a cidade máis sucia, onde non se executa, nin se vixía, nin controla o contrato de limpeza a pesar dos 47 millóns de euros que nos gastamos todos os cidadáns; a cidade onde non hai vivendas para a xente nova e máis de 16.000 mozos tiveron que marchar por falta de oportunidade e por falta de vivenda; a cidade dos okupas; a cidade que non aposta pola mobilidade e non hai onde aparcar, e hai xente que por suposto non pode pagarse un cortello; a cidade que non aposta polas infraestruturas nin esixe ao Goberno central, só hai anuncios, como estamos a ver agora co de Alfonso Molina, ou como vimos coa Cuarta Rolda hai dous anos.

Y termino ya, y te voy a decir una cosa personal también porque no quiero que usted se sienta molesto conmigo, porque noté en un momento que se sentía hasta celoso y me hablaba usted de generosidad, y yo soy una persona generosa, y estoy de acuerdo con usted en algo. Usted dijo en la anterior intervención: si la ciudad hoy está así, se lo debemos a la alcaldesa Inés Rey, en ese adanismo que ejerce siempre mucho. Parece que antes de la alcaldesa Inés Rey aquí no hubo nada. Pero tiene usted toda la razón, si la ciudad está así, se lo debemos a la alcaldesa Inés Rey. En temas de seguridad, la ciudad más insegura de Galicia, la ciudad más insegura de las medias de población de toda España; suciedad, la ciudad más sucia, donde no se ejecuta, ni se vigila, ni controla el contrato de limpieza pese a los 47 millones de euros que nos gastamos todos los ciudadanos; la ciudad donde no hay viviendas para la gente joven y más de 16.000 jóvenes tuvieron que irse por falta de oportunidad y por falta de vivienda; la ciudad de los okupas; la ciudad que no apuesta por la movilidad y no hay donde aparcar, y hay gente que por supuesto no puede pagarse un establo; la ciudad que no apuesta por las infraestructuras ni exige al Gobierno central, solo hay anuncios, como estamos viendo ahora con lo de Alfonso Molina, o como hemos visto con la Cuarta Ronda hace dos años.

O gran proxecto de cidade da alcaldesa Inés Rey, onde está? onde está orzado? Así se atopa a cidade, e xa non digamos os comerciantes, os autónomos, etcétera.

El gran proyecto de ciudad de la alcaldesa Inés Rey ¿dónde está? ¿dónde está presupuestado? Así se encuentra la ciudad, y ya no digamos los comerciantes, los autónomos, etcétera.

Vaian vostedes aos barrios aos que abandonaron e pregunten aos cidadáns como está a cidade e diranlle o que vostede dixo, por suposto: a cidade está así de mal por culpa da alcaldesa, Inés Rey.

Vayan ustedes a los barrios a los que han abandonado y pregunten a los ciudadanos cómo está la ciudad y le dirán lo que usted ha dicho, por supuesto: la ciudad está así de mal por culpa de la alcaldesa, Inés Rey.

Esperemos que o 28 de maio haxa ese cambio necesario para que esta cidade volva recuperarse e sobre todo o liderado que nunca debeu perder.

Esperemos que el 28 de mayo haya ese cambio necesario para que esta ciudad vuelva a recuperarse y sobre todo el liderazgo que nunca debió haber perdido.

Moitas grazas pola súa atención.

Muchas gracias por su atención.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lorenzo.

Señor Lage, o seu turno.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lorenzo.

Señor Lage, su turno.

Señor Lage Tuñas

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Moitas grazas ó BNG. Señora Veira, vostede fixo un relatorio, dixo: quen dixo que raiaba a ilegalidade? Quen dixo que non íamos a pagar algo do que non fósemos titulares? Pois eu non teño ningún problema en dicirlle, porque están aí as hemerotecas, eu o dixen, e o que estamos facendo hoxe creo que queda ben claro. Polo tanto, a min alégrame que o BNG rectifique, vote a favor, e polo tanto comparta esta decisión. Se hai sitio para que todas as forzas políticas podan participar na construción en positivo, non hai ningún problema.

Señor Lage Tuñas

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Muchas gracias al BNG. Señora Veira, usted hizo una exposición, dijo: ¿quién dijo que rayaba la ilegalidad? ¿quién dijo que no íbamos a pagar algo de lo que no fuéramos titulares? Pues yo no tengo ningún problema en decirle, porque están ahí las hemerotecas, yo lo dije, y lo que estamos haciendo hoy creo que queda bien claro. Por lo tanto, a mí me alegra que el BNG rectifique, vote a favor, y por lo tanto comparta esta decisión. Si hay sitio para que todas las fuerzas políticas puedan participar en la construcción en positivo, no hay ningún problema.

Pero en calquera caso, estamos diante dunha decisión importante? Si. Vamos a pedirlle á Xunta de Galicia que cumpla cos plazos e teremos a oportunidade de ver se ese cronómetro, temos ese seguimento ano a ano, trimestre a trimestre, para ver se o que se anuncia finalmente se culmina.

Pero en cualquier caso, ¿estamos ante una decisión importante? Sí. Vamos a pedirle a la Xunta de Galicia que cumpla con los plazos y tendremos la oportunidad de ver si ese cronómetro, tenemos ese seguimiento año a año, trimestre a trimestre, para ver si lo que se anuncia finalmente se culmina.

Señor Lorenzo, aquí non se aproban leis. Solo llo aclaro porque veu aquí a falar de que a lei máis importante... A lei máis importante é a de orzamentos nas Cortes Xerais, como vostede ben sabe. A Lei do 23 de decembro de 2022, entre outras cousas recolle 9 millóns de euros dunha subvención nominativa para financiar a parte que ten que aportar o Concello á construción da intermodal. Eso é Goberno de España e alcaldesa da Coruña. Eso é a lei máis importante do ano. Aquí non se aproban leis.

Señor Lorenzo, aquí no se aprueban leyes. Solo se lo aclaro porque vino aquí a hablar de que la ley más importante... La ley más importante es la de presupuestos en las Cortes Generales, como usted bien sabe. La Ley de 23 de diciembre de 2022, entre otras cosas recoge 9 millones de euros de una subvención nominativa para financiar la parte que tiene que aportar el Ayuntamiento a la construcción de la intermodal. Eso es Gobierno de España y alcaldesa de A Coruña. Eso es la ley más importante del año. Aquí no se aprueban leyes.

Vostede fala do grao de coincidencia que ten coa oposición. O que pasa é que vostedes non teñen credibilidade, porque vostede dice que houbo algunha vez que non pudo ver os expedientes dunha xunta de goberno, que tardaba pouco tempo, que había pouco tempo para velos porque lle deron solo unha hora de antelación, e vostede formou parte dun goberno que non daba nin unha hora, nin un minuto, nin nada, porque ás xuntas de goberno non asistía a oposición, co cal, ten que poñerse de acuerdo. Vostede nos días impares *está de acordo cos de esquerdas* —díxoo antes, eh? non o dixen eu— e os pares estará de acuerdo co seu grupo, me imaxino. Será nos impares cun e os pares con outro. A realidade é que cando lle tocou gobernar, os demais non podían ver os expedientes, pero nin unha hora, nin un segundo.

Usted habla del grado de coincidencia que tiene con la oposición. Lo que pasa es que ustedes no tienen credibilidad, porque usted dice que hubo alguna vez que no pudo ver los expedientes de una junta de gobierno, que tardaba poco tiempo, que había poco tiempo para verlos porque le dieron solo una hora de antelación, y usted formó parte de un gobierno que no daba ni una hora, ni un minuto, ni nada, porque a las juntas de gobierno no asistía la oposición, con lo cual, tiene que ponerse de acuerdo. Usted en los días impares está de acuerdo con los de izquierdas —lo dijo antes, ¿eh? no lo dije yo— y los pares estará de acuerdo con su grupo, me imagino. Será en los impares con uno y los pares con otro. La realidad es que cuando le tocó gobernar, los demás no podían ver los expedientes, pero ni una hora, ni un segundo.

Non, susú non, señora Gallego. Susú será un chino susú. Non coñecemos cal é o chino, pero seguro que despois xa nolo conta, eh? Susú nada, ou convocaban os grupos da oposición á Xunta de Goberno e accedían ós expedientes? *Después, claro*. Despois, despois podían velos e nós despois tamén llos deixamos ver, co cal póñase de acuerdo co señor Lorenzo, pa cando fagan unha crítica, primeiro que mire para si mesmo.

No, susú no, señora Gallego. Susú será un chino susú. No conocemos cuál es el chino, pero seguro que después ya nos lo cuenta, ¿eh? Susú nada, ¿o convocaban a los grupos de la oposición a la Junta de Gobierno y accedían a los expedientes? Después, claro. *Después, después podían verlos y nosotros después también se los dejamos ver, con lo cual póngase de acuerdo con el señor Lorenzo, pa cuando hagan una crítica, primero que se mire a sí mismo.*

Polo tanto, bueno, eso primeiro, non? E despois, claro, o señor Lorenzo fai os intentos... é normal. Mire, señor Lorenzo, si quere pódolle empezar a darlle así, temas.

Por lo tanto, bueno, eso primero, ¿no? Y después, claro, el señor Lorenzo hace los intentos... es normal. Mire, señor Lorenzo, si quiere puedo empezar a darle así, temas.

Vamos a ver eso de firmar cousas e tal. O de firmar cousas, como vai? Podemos empezar por Alfonso Molina. *O alcalde apraza a ampliación de Alfonso Molina, dixo onte con seguridade o alcalde. O alcalde non era nin Javier Losada nin Xulio Ferreiro*. Neste caso era un alcalde do Partido Popular, o único que houbo, que algunha cousa ben fixo, seguro, dígollo siempre, pero cantas veces anunciaron?

Vamos a ver eso de firmar cosas y tal. Lo de firmar cosas, ¿cómo va? Podemos empezar por Alfonso Molina. El alcalde aplaza la ampliación de Alfonso Molina, dijo ayer con seguridad el alcalde. El alcalde no era ni Javier Losada ni Xulio Ferreiro. *En este caso era un alcalde del Partido Popular, el único que hubo, que alguna cosa bien hizo, seguro, se lo digo siempre, pero ¿cuántas veces anunciaron?*

20 de marzo de 2013, o alcalde da Coruña destaca a ampliación de Alfonso Molina. Señor Lorenzo, e daquela vostede por onde andaba? Como foi o conto? Xa estuvo aquí, xa foi ó Congreso, xa foi ó Senado, xa dou unha volta, xa vén de volta e vén a criticar que agora, agora si que vai a licitación con presuposto e vai ó Boletín Oficial do Estado, ai! agora critícano. Pero non se pode ter tanta cara! É dicir, como se lles pasa pola cabeza, despois de estar gobernando en España, eh?, con M punto Rajoy?

20 de marzo de 2013, el alcalde de A Coruña destaca la ampliación de Alfonso Molina. *Señor Lorenzo, ¿y en ese momento usted por donde andaba? ¿Cómo fue el cuento? Ya estuvo aquí, ya fue al Congreso, ya fue al Senado, ya dio una vuelta, ya viene de vuelta y viene a criticar que ahora, ahora sí que va la licitación con presupuesto y va al Boletín Oficial del Estado, ¡ay! ahora lo critican. ¡Pero no se puede tener tanta cara! Es decir, ¿cómo se les pasa por la cabeza, después de estar gobernando en España, ¿eh?, con M punto Rajoy?*

O dragado da ría, *tararín que te vin, nunca máis se soubo,* ata que chegou Pedro Sánchez, que dicen vostedes que é malísimo, pero para a cidade da Coruña todo o que vostedes decían que había que facer... Tren a Punta Langosteira? Desde o ano 2004 mire que non hai páxinas de periódico, ríos de tinta dicindo o que había que facer. Oiga, foi cun goberno. Un goberno... se estivera a señora Gallego diría: comunistas, filoterrori... Ese goberno, xustamente, tren a Punta Langosteira.

El dragado de la ría, tararí que te vi, nunca más se supo, *hasta que llegó Pedro Sánchez, que dicen ustedes que es malísimo, pero para la ciudad de A Coruña todo lo que ustedes decían que había que hacer... ¿Tren la Punta Langosteira? Desde el año 2004 mire que no hay páginas de periódico, ríos de tinta diciendo lo que había que hacer. Oiga, fue con un gobierno. Un gobierno... si estuviera la señora Gallego diría: comunistas, filoterrori... Ese gobierno, justamente, tren la Punta Langosteira.*

A estación intermodal, desbloqueada por esta alcaldes igual que o tren a Punta

La estación intermodal, desbloqueada por esta alcaldesa igual que el tren a Punta

Langosteira. Dragado da ría do Burgo, eso é Goberno de España e Goberno socialista na Coruña, señor Lorenzo. *Lei de orzamentos xerais do Estado*, 9 millóns de euros para a estación intermodal.

Langosteira. Dragado de la ría del Burgo, eso es Gobierno de España y Gobierno socialista en A Coruña, señor Lorenzo. Ley de presupuestos generales del Estado, *9 millones de euros para la estación intermodal.*

Pero mire, do CHUAC por agora o que hai son anuncios e a colaboración por parte do Concello. Aínda están co do 98. Ahora, se vostede quere cóntolle. O digo porque pode empezar por *o ecobarrio de Elviña. O ecobarrio de Elviña* é... A ver como llo digo, señor Lorenzo, porque claro, *dous de agosto do 2019, anuncio da Xunta de Galicia*, dos seus compañeiros. U-lo barrio de Elviña eco? U-lo? sabe onde está, u-lo, eh? *O ecobarrio*. Agora é capaz vostede de ir por alí a preguntar polo ecobarrio. *Mobilizará 33 millóns de euros e reducirá as emisións ata un 15 %. A Xunta e o ITG apoian a súa posta en marcha cun convenio que leva consigo unha inversión de 500.000 €.* Oiga, pois ó mellor hai que preguntar que pasou con eso, señor Lorenzo. Pode empezar por aí, e dado que vai haber outro pleno, case mellor vamos a empezar a preguntar nós no próximo pleno. Xa pode tomar nota pa o punto da orde do día: *Ecobarrio de Elviña, onde están os 33 millóns de euros que lle debe a Xunta a esta cidade. Pero onde están?* 33 millóns de euros anunciados, nun ecobarrio, onde están? onde os meteron? Nunca máis se supo. Eso é unha sinvergüencería política, un engaño masivo. Se hai 33 millóns de euros de todos os galegos e galegas que se iban a invertir na Coruña nun ecobarrio...

Pero mire, del CHUAC por ahora lo que hay son anuncios y la colaboración por parte del Ayuntamiento. Aún están con lo del 98. Ahora, si usted quiere le cuento. Lo digo porque puede empezar por el ecobarrio de Elviña. El ecobarrio de Elviña *es... A ver cómo se lo digo, señor Lorenzo, porque claro,* dos de agosto del 2019, anuncio de la Xunta de Galicia, *de sus compañeros. ¿Dónde el barrio de Elviña eco? ¿Dónde? ¿sabe donde está, dónde?, ¿eh?* El ecobarrio. *Ahora es capaz usted de ir por allí a preguntar por el ecobarrio.* Movilizará 33 millones de euros y reducirá las emisiones hasta un 15 %. La Xunta y el ITG respaldan su puesta en marcha con un convenio que conlleva una inversión de 500.000 €. *Oiga, pues a lo mejor hay que preguntar qué pasó con eso, señor Lorenzo. Puede empezar por ahí, y dado que va a haber otro pleno, casi mejor vamos a empezar a preguntar nosotros en el próximo pleno. Ya puede tomar nota pa el punto del orden del día:* Ecobarrio de Elviña, dónde están los 33 millones de euros que le debe la Xunta la esta ciudad. ¿Pero donde están? *33 millones de euros anunciados, en un ecobarrio, ¿dónde están? ¿dónde los metieron? Nunca más se supo. Eso es una sinvergüencería política, un engaño masivo. Si hay 33 millones de euros de todos los gallegos y gallegas que se iban la invertir en A Coruña en un ecobarrio...*

Léolle, porque vai a pensar que é cousa miña, pero o dice a Voz de Galicia, que creo que non minte, eh?, creo que *di a verdade, como o polígrafo*: A Xunta aposta por converter Galicia nun referente no proceso de cambio de modelo de consumo. Este ecobarrio de Elviña ten tres obxectivos: afondar no

Le leo, porque va a pensar que es cosa mía, pero lo dice a Voz de Galicia, que creo que no miente, ¿eh?, creo que dice la verdad, como el polígrafo: *La Xunta apuesta por convertir Galicia en un referente en el proceso de cambio de modelo de consumo. Este ecobarrio de Elviña tiene tres objetivos: ahondar en el*

compromiso das enerxías renovables, **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** as oportunidades que teñamos e impulsar un proxecto que pensamos que vai a ser especialmente útil para o barrio elexido. Alberto Núñez Feijóo.

compromiso de las energías renovables, ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *las oportunidades que tengamos e impulsar un proyecto que pensamos que va a ser especialmente útil para el barrio elegido. Alberto Núñez Feijóo.*

Señor Lorenzo, *dous de agosto do 19*. Pois xa lle invito a que nos vaia, xa que teñen moita tarea para o próximo pleno, xa lle adianto un punto do próximo pleno: ecobarrio de Elviña, 33 millóns de euros da Xunta de Galicia. Non hai ningún problema, *imos ver onde están. Onde están, señor Lorenzo?* Porque vostede dixo que iba a reclamar donde fixera falta. Pois mire, empece por pedirlle á Xunta de Galicia que explique que fixeron con esos 33 millóns. Eso é o primeiro que teñen que facer **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**, do resto vamos a estar de acordo en defender o novo CHUAC. Agora, *o Goberno de Galicia* que nos diga que pasou cos 33 millóns de euros do ecobarrio porque ó mellor, señor Lorenzo, ó mellor levámonos algunha sorpresa, eh? e entón, ó mellor hai que investigar, porque postos a investigar, vamos a empezar e vamos a empezar por algo anunciado polo propio presidente da Xunta, *33 millóns para os veciños de Elviña. Onde están?*

Señor Lorenzo, dos de agosto del 19. *Pues ya le invito a que nos vaya, ya que tienen mucha tarea para el próximo pleno, ya le adelanto un punto del próximo pleno: ecobarrio de Elviña, 33 millones de euros de la Xunta de Galicia. No hay ningún problema,* vamos a ver dónde están. ¿Dónde están, señor Lorenzo? *Porque usted dijo que iba a reclamar donde hiciera falta. Pues mire, empiece por pedirle a la Xunta de Galicia que explique qué hicieron con esos 33 millones. Eso es lo primero que tienen que hacer* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)****, del resto vamos a estar de acuerdo en defender el nuevo CHUAC. Ahora,* el Gobierno de Galicia *que nos diga qué pasó con los 33 millones de euros del ecobarrio porque a lo mejor, señor Lorenzo, a lo mejor nos llevamos alguna sorpresa, ¿eh? y entonces, a lo mejor hay que investigar, porque puestos a investigar, vamos a empezar y vamos a empezar por algo anunciado por el propio presidente de la Xunta,* 33 millones para los vecinos de Elviña ¿Dónde están?

No próximo pleno espero que traia a información sobre os 33 millóns que lle deben ós coruñeses e ás coruñesas. De entrada poñemos 22,2 millóns para un hospital. Eses non son de mentira, porque os está votando vostede aquí igual que os estamos votando nós.

En el próximo pleno espero que traiga la información sobre los 33 millones que le deben a los coruñeses y a las coruñesas. De entrada ponemos 22,2 millones para un hospital. Esos no son de mentira, porque los está votando usted aquí igual que los estamos votando nosotros.

Sabe cal é a diferencia entre a política de mentira e a política de verdade? O que lle acabo de explicar, o fume na política. O fume na política é o ecobarrio de Elviña, o chau chau, que agora xa

¿Sabe cuál es la diferencia entre la política de mentira y la política de verdad? Lo que le acabo de explicar, el humo en la política. El humo en la política es el ecobarrio de Elviña, el chau chau,

aprendeu o que é o chau chau. Pois o chau chau é a pasarela entre Santa Cristina e as Xubias. Si, si, si, si. Iso é o fume.

Presidencia

Ten que rematar, señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Ese é o fume e o fume é venderlle ós coruñeses 33 millóns de euros para o ecobarrio de Elviña e a día de hoxe blablablá. Catro anos despois.

Así que, señor Lorenzo, con cinco minutos ou con cincuenta, onde están os 33 millóns do ecobarrio de Elviña? Que empecen a contárnolo.

Nada máis.

Presidencia

Moitas grazas.

Procedemos á votación deste asunto número seis.

Votación do asunto número seis

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número seis relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 abstencións)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

que ahora ya aprendió lo que es el chau chau. Pues el chau chau es la pasarela entre Santa Cristina y las Xubias. Sí, sí, sí, sí. Eso es el humo.

Presidencia

Tiene que finalizar, señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Ese es el humo y el humo es venderle a los coruñeses 33 millones de euros para el ecobarrio de Elviña y a día de hoy blablablá. Cuatro años después.

Así que, señor Lorenzo, con cinco minutos o con cincuenta, ¿dónde están los 33 millones del ecobarrio de Elviña? Que empiecen a contárnoslo.

Nada más.

Presidencia

Muchas gracias.

Procedemos a la votación de este asunto número seis.

Votación del asunto número seis

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número seis relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Se abstiene el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 abstencións)

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto)

Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto)

Acordo

Primeiro. Aprobar o novo texto que incorpora os acordos alcanzados o 14.03.2023 na Comisión de Seguimento do Convenio Marco asinado o 1.02.2021 do "Convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade", que se xunta como anexo I a este acordo (CSV: 1Y1U 3F33 703M 3B34 0P0L).

Segundo. Autorizar e comprometer o gasto para 2023 por importe de 1.000.000 € e o gasto plurianual de 21.220.000 € (2024: 8.000.000 €, 2025: 13.220.000 €) que no convenio se establece como aportación municipal do Concello da Coruña, con cargo á aplicación orzamentaria 30.151.750.00 na que existe na actualidade crédito por importe de 50.000 € (Código de Proxecto 2022/4/30/003).

Para 2023 a disposición do crédito queda condicionada á entrada en vigor do modificativo orzamentario M1/2023 e á autorización e consolidación da correspondente operación de préstamo por importe de 950.000 €.

Así mesmo, e de acordo coa literalidade do artigo 174.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a realización dos gastos dos exercicios futuros queda

Acuerdo

Primero. Aprobar el nuevo texto que incorpora los acuerdos alcanzados el 14.03.2023 en la Comisión de Seguimiento del Convenio Marco firmado el 1.02.2021 del "Convenio entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo hospital del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad", que se junta como anexo I a este acuerdo (CSV: 1Y1U 3F33 703M 3B34 0P0L).

Segundo. Autorizar y comprometer el gasto para 2023 por importe de 1.000.000 € y el gasto plurianual de 21.220.000 € (2024: 8.000.000 €, 2025: 13.220.000 €) que en el convenio se establece como aportación municipal del Ayuntamiento de A Coruña, con cargo a la aplicación presupuestaria 30.151.750.00 en la que existe en la actualidad crédito por importe de 50.000 € (Código de Proyecto 2022/4/30/003).

Para 2023 la disposición del crédito queda condicionada a la entrada en vigor del modificativo presupuestario M1/2023 y a la autorización y consolidación de la correspondiente operación de préstamo por importe de 950.000 €.

Asimismo, y de acuerdo con la literalidad del artículo 174.1 del Real decreto legislativo 2/2004, por lo que se aprueba el texto refundido de la ley reguladora de las haciendas locales, la realización de los gastos de los ejercicios futuros queda

subordinado ao crédito que para cada exercicio futuro autoricen os respectivos presupostos.

Atendendo ao carácter excepcional, polo evidente interese público que representan as actuacións previstas no convenio, de conformidade co art. 174.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que foi aprobado o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación aos compromisos e gastos de exercicios futuros comprometidos no convenio, o Pleno acorda que se eleven e modifiquen as porcentaxes aos que se refire o dito artigo, de acordo cos compromisos asumidos no convenio para cada anualidade futura.

Terceiro. Declarar que o texto de dito convenio non limita a competencia efectiva dos mercados, aos efectos previstos no artigo 59.1 c) do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aprobban medidas urxentes para a modernización da administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Cuarto. Facultar expresamente á Alcaldía, tan amplamente como en legal forma sexa posible, para a sinatura do Convenio e para realizar todos os actos, trámites e xestións que sexan precisos para os efectos de acadar o cumprimento dos fins e obxectivos do dito Convenio.

subordinado al crédito que para cada ejercicio futuro autoricen los respectivos presupuestos.

Atendiendo al carácter excepcional, por el evidente interés público que representan las actuaciones previstas en el convenio, de conformidad con el art. 174.5 del Real decreto legislativo 2/2004, por lo que fue aprobado el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, en relación a los compromisos y gastos de ejercicios futuros comprometidos en el convenio, el Pleno acuerda que se eleven y modifiquen los porcentajes a los que se refiere el dicho artículo, de acuerdo con los compromisos asumidos en el convenio para cada anualidad futura.

Tercero. Declarar que el texto de dicho convenio no limita la competencia efectiva de los mercados, a los efectos previstos en el artículo 59.1 c) del Real decreto ley 36/2020, del 30 de diciembre, por lo que se aprueban medidas urgentes para la modernización de la administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

Cuarto. Facultar expresamente a la Alcaldía, tan ampliamente como en legal forma sea posible, para la firma del Convenio y para realizar todos los actos, trámites y gestiones que sean precisos a los efectos de alcanzar el cumplimiento de los fines y objetivos del dicho Convenio.

ANEXO I

CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A TRAMITACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OBTENCIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA E PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS DENDE A REDE VIARIA DE ALTA CAPACIDADE

En A Coruña, ... de ……

REUNIDOS

D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 136/2019 e 137/2019, de 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Dª Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no artigo 9.a) dos Estatutos da axencia, aprobados por Decreto 173/2011, do 4 de agosto.

Dª Inés Rey García, actuando en nome e representación do Concello da Coruña, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e en execución dos acordos do Pleno do Concello da Coruña de 25 de xaneiro de 2021 e de 13 de abril de 2023.
As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio e para iso,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, fíxose notoria a necesidade da construción dun novo Hospital no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Para a consecución desta actuación, o Servizo Galego de Saúde traballou na avaliación das necesidades asistenciais, dos recursos existentes e das melloras que é preciso introducir para acadar un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria actual e futura da poboación da Area Sanitaria da Coruña.

Co fin de dar solución a estas necesidades, o 30 de decembro de 2020 foi anunciada a licitación, por parte do Servizo Galego de Saúde, da contratación dos servizos de redacción do documento para tramitación urbanística, anteproxecto, proxecto básico, de execución, de expropiación por taxación conxunta, dirección facultativa da obra e control e vixilancia do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

O contrato foi formalizado o 1 de outubro de 2021, atopándose o mesmo en fase de execución.

SEGUNDO.

Que o 1 de febreiro de 2021 asinouse o Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña polo que se establecen as bases para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario da Coruña.

TERCEIRO.

Que entre os compromisos asumidos no referido convenio marco constan os seguintes:

Por parte do Servizo Galego de Saúde, o compromiso de obter os terreos necesarios para proceder á execución das actuacións derivadas do Proxecto de Interese Autonómico, así como de licitar, adxudicar e executar tanto as obras do novo hospital coma as obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

Por parte do Concello, o compromiso de financiar, individualmente ou en colaboración con outras entidades públicas, tanto a adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario coma a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de interese autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital, co límite máximo da achega municipal que se contempla no convenio marco asinado o 1 de febreiro de 2021.

Pola súa parte, a Axencia Galega de Infraestruturas asumía o compromiso de coordinar a execución das distintas actuacións previstas no referido convenio marco.

CUARTO.

Que o convenio marco establecía, na súa cláusula oitava, o seguinte:

"*A execución das actuacións previstas neste convenio marco requirirá a subscrición de convenios específicos de desenvolvemento, que se tramitarán segundo a súa normativa aplicable.*

En todo caso, para a tramitación e formalización das aportacións económicas das Administracións asinantes, tendo en conta o Anexo que se xunta relativo á estimación económica das actuacións

previstas para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario da Coruña e unha vez coñecidos con exactitude os custes das actuacións previstas no presente Convenio Marco, procederase a subscribir o convenio ou convenios correspondentes de acordo coa lexislación vixente na materia que comprenderá as obrigas que financeiramente deban asumir as respectivas Administracións e as súas contraprestacións."

QUINTO.

O día 14 de marzo de 2023 celebrouse a reunión da Comisión Mixta do Convenio marco, na que, ante as dificultades detectadas por ambas partes no relativo ao financiamento das expropiacións por parte do Concello da Coruña sen asumir a titularidade dos terreos e, considerando que as achegas previstas polas partes no Convenio marco constituían unha mera estimación económica, aos efectos do disposto no artigo 49.d) da Lei 40/2015, os representantes da Xunta de Galicia e os representantes do Concello da Coruña acordan que o investimento total comprometido por parte da entidade municipal no Convenio marco do 1 de febreiro de 2021 (22,20 millóns de euros), se destine integramente ás obras dos accesos e viais previstos no *"Proxecto de trazado de mellora dos accesos ao Centro Hospitalario da Coruña (CHUAC)",* asumindo a Xunta de Galicia o custe total das expropiacións.

O orzamento do proxecto de trazado aprobado provisionalmente ascende a un total de 25.387.482,75 €, en tanto que nas estimacións do Convenio, o custo dos accesos viarios a asumir polo Concello estimábase só en 10,22 millóns de euros, de xeito que resulta posible que os compromisos de financiamento asumidos polo Concello no convenio marco se materialicen na súa integridade para a execución do proxecto de trazado de mellora dos accesos ao Centro Hospitalario da Coruña (CHUAC), o que ademais resulta máis acorde coa natureza deste investimento, que redunda en beneficio directo do Concello. Deste xeito o financiamento municipal farase sobre a rede viaria que será de titularidade do Concello da Coruña.

Este acordo non supón modificación do Convenio Marco, senón que garante o mantemento e o cumprimento da finalidade perseguida polo mesmo.

Neste contexto, tendo en conta os compromisos expresados nos expoñendos anteriores e o interese público inherente á construción dun novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña que permita dar unha mellor resposta aos problemas de saúde pública, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, ao tempo que garanta un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria actual e futura da poboación da Área Sanitaria da Coruña, constitúe a vontade das partes intervenientes subscribir un convenio co fin de adquirir os terreos necesarios para a execución do novo recinto hospitalario e os seus accesos así como a realización dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de interese autonómico así como do viario de

servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Coruña, para levar a cabo as seguintes actuacións:

- A adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario.
- A execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de Interese Autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital.

As actuacións obxecto do convenio tramitaranse de acordo coa figura do Proxecto de Interese Autonómico establecido pola Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia, ou ben, de ser o caso, pola Lei 8/2013 de estradas de Galicia e do seu regulamento aprobado por Decreto da Xunta de Galicia nº 66/2016, do 26 de maio.

SEGUNDA. Custe estimado das actuacións.

Son obxecto de financiación o custe de adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

Asemade, tamén son obxecto de financiación os contratos de obra e os contratos de asistencia técnica para a execución das obras dos accesos e conexións viarias ao novo hospital. Neste custe está incluído o custe das obras obxecto deste convenio incrementado nun 6% en concepto de asistencias técnicas á execución da obra.

O custe total estimado das actuacións obxecto deste convenio é de corenta e dous millóns catrocentos mil euros (42.400.000 €).

O custe desagregado por actuación, segundo se detalla no Anexo I, é o seguinte:

ACTUACIÓN	Custe estimado (€)
Adquisición de terreos novo hospital e accesos	17.000.000 €
Execución das obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital	25.400.000 €

<u>TERCEIRA</u>. Actuación relativa á adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

A) Obxecto da actuación.

Constitúe o obxecto desta actuación a definición dos compromisos asumidos por cada unha das partes intervinientes neste convenio na adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

B) Procedemento para a obtención dos terreos.

Os terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital serán adquiridos mediante o procedemento de expropiación forzosa, consonte ao establecido na normativa vixente en materia de expropiación forzosa.

O procedemento de expropiación forzosa tramitarase pola consellería competente por razón da materia á que se refire o proxecto de interese autonómico ou o proxecto de estradas. O xustiprezo dos bens e dereitos expropiados fixarase mediante o expediente individualizado ou polo procedemento de taxación conxunta, tendo preferencia o de taxación conxunta agás que de forma motivada non poida ser empregado. A valoración dos bens e dereitos axustarase aos criterios establecidos ao respecto na lexislación vixente aplicable.

C) Réxime económico aplicable á obtención dos terreos necesarios.

O custo total estimado da adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, segundo se detalla na táboa do Anexo I deste convenio, é de 17.000.000 €.

Consonte ao acordado na Comisión de Seguimento do Convenio marco, de 14 de marzo de 2023, o Servizo Galego de Saúde asumirá o custo da adquisición dos terreos que derive do procedemento expropiatorio, que se estima nunha cantidade de 17.000.000 €, cuxo financiamento se realizará con cargo aos seus orzamentos, de acordo coas seguintes anualidades:

- 2023: 15.000.000 €
- 2024: 2.000.000 €

D) Compromisos do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde comprométese a :

- Ser o beneficiario da expropiación dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, ao tempo que promotor do proxecto de interese autonómico.
- Asumir a titularidade dos terreos expropiados para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.
- Encomendar, no seu caso, a asistencia técnica para calquera destas actuacións aos organismos competentes da Comunidade Autónoma, nomeadamente á Axencia Galega de Infraestruturas.

E) Compromisos da Consellería de Sanidade.

Correspóndelle á Consellería de Sanidade:

- Exercer a potestade expropiatoria a favor da persoa beneficiaria e adoptar todas as resolucións que impliquen o exercicio de dita potestade, sen prexuízo da intervención, as facultades e as obrigas que legalmente corresponden á persoa beneficiaria.
- Financiar a adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

F) Compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas.

Prestar a asistencia técnica no procedemento de expropiación forzosa tramitado para a adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital cando así lle sexa encomendado pola Consellería de Sanidade.

<u>CUARTA</u>. Actuación relativa á execución das obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

A) Obxecto da actuación.

Constitúe o obxecto desta actuación a definición dos compromisos asumidos por cada unha das partes intervinientes neste convenio na execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade así como do viario de servizo do recinto hospitalario.

B) Réxime económico aplicable para esta actuación.

Son obxecto de financiamento en relación con este proxecto, segundo o indicado na cláusula segunda e no anexo I deste convenio, tanto os contratos de obra coma os contratos de asistencia técnica necesarios para as obras referidas.
O custo total estimado desta actuación é de 25.400.000 € (IVE Incluído) segundo o orzamento do proxecto de trazado aprobado provisionalmente.

Hace cinco años la constatación del alto nivel de gas radón en la Torre obligó a trasladar el punto de venta al Centro de Interpretación y Atención de Visitantes, lo que condujo a un consecuente reajuste estructural de las plazas. El año pasado este gobierno eliminó ese reajuste. ¿Desapareció la problemática? No. ¿Entonces? ¿Por qué ponemos en peligro la salud de los empleados? Sinceramente, no sé en qué piensan. ¿Qué imagen de A Coruña quiere dar, señora Rey? ¿qué imagen ofrecerá nuestra ciudad, teniendo su patrimonio de la Humanidad cerrado todas las tardes de verano? ¿qué importancia le dan a la Torre? ¿y a los visitantes? El Partido Popular seguirá defendiendo los derechos de los trabajadores, de un sector vital para la ciudad y la imagen de A Coruña, como también lo hemos hecho con Alvedro. Hoy conocemos nuevos datos de Tráfico; Lavacolla, + 18 %; Peinador, + 3,2; Alvedro, -5,7. Esto, con respecto a 2019. Ahí lo dejo.

Miren, a Torre de Hércules é o principal polo de atracción turístico herculino e un dos máis relevantes de Galicia, pero para vostedes parece non ser razón suficiente. Seguen sen tomar conciencia e sen darlle a prioridade que lle corresponde na execución da súa nefasta política turística.

Miren, la Torre de Hércules es el principal polo de atracción turístico herculino y uno de los más relevantes de Galicia, pero para ustedes parece no ser razón suficiente. Siguen sin tomar conciencia y sin darle la prioridad que le corresponde en la ejecución de su nefasta política turística.

Ás dezaoito horas e trinta e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora Cameán Calvete e saen os señores Lorenzo Torres e Deus Álvarez.

A las dieciocho horas y treinta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete y salen los señores Lorenzo Torres y Deus álvarez

Por todo iso, solicitamos á señora Rey que rectifique, porque só será así cando acerte, como acertou ao facernos caso

Por todo ello, solicitamos a la señora Rey que rectifique, porque solo será así cuando acierte, como acertó al hacernos caso al

ao poñer en marcha un servizo de reserva e venda en liña para a visita da Torre de Hércules e ao comezar a acometer actuacións de recuperación e rehabilitación da súa contorna, tras haber, nós, solicitado un plan de traballo integral para mellorar o desfrute da área para os coruñeses e a experiencia turística para os visitantes.

poner en marcha un servicio de reserva y venta online para la visita de la Torre de Hércules y al comenzar a acometer actuaciones de recuperación y rehabilitación de su entorno, tras haber, nosotros, solicitado un plan de trabajo integral para mejorar el disfrute del área para los coruñeses y la experiencia turística para los visitantes.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Cendán.

Muchas gracias, señora Cendán.

Turno para a señora Soneira.

Turno para la señora Soneira.

Señora Soneira Lema

Señora Soneira Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

A Torre de Hércules é o edificio emblemático por excelencia da Coruña, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, único faro romano máis antigo que está en funcionamento, irmanada coa Estatua da Libertade de Nueva York. Por iso convén que a apertura ao público sexa o máximo tempo posible, debido á afluencia de turistas que veñen durante todo o ano e, moi especialmente, na época estival e Semana Santa, podendo ser unha fonte de ingresos para o mantemento da Torre.

La Torre de Hércules es el edificio emblemático por excelencia de A Coruña, declarada Patrimonio de la Humanidad por la UNESCO, único faro romano más antiguo que está en funcionamiento, hermanada con la Estatua de la Libertad de Nueva York. Por eso conviene que la apertura al público sea el máximo tiempo posible, debido a la afluencia de turistas que vienen durante todo el año y, muy especialmente, en la época estival y Semana Santa, pudiendo ser una fuente de ingresos para el mantenimiento de la Torre.

Ás dezaoito horas e trinta e cinco minutos entran no Salón de Sesións as señoras Veira González e Martínez Acón.

A las dieciocho horas y treinta y cinco minutos entran en el Salón de Sesiones las señoras Veira González y Martínez Acón.

Por tanto, vou a votar a favor desa moción.

Por tanto, voy a votar a favor de esa moción.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Soneira.

Muchas gracias, señora Soneira.

Turno da señora Faraldo.

Turno de la señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Consultada na páxina do Concello, de información do horario de visitas á Torre, non se desprende que se vaia a pechar polas tardes en verán. De feito, aparece que do 16 de xuño ata o 15 de setembro o horario vai ser ata as 21 horas, un horario moi superior á maioría dos monumentos e lugares culturais de España e incluso de Europa. Non o sinalo nin como mérito nin como demérito, senón como dato a ter en conta.

Por outra parte, incluso o persoal da propia torre, persoal indefinido, non ten ningunha comunicación oficial máis que esta, o horario de verán. Polo tanto, á espera de que o Goberno municipal hoxe aquí, ante esta moción, nos dea unha resposta que confirme se a súa intención é diferente ao que se informa na páxina web de venta de entradas, de principio non parece existir motivo para pensar que o monumento estará pechado en verán.

Si que é certo que nos últimos tempos se tomaron medidas para a contención de gasto neste senso, como a reorganización das vacacións do persoal indefinido a fin de minimizar o impacto económico sobre o orzamento destinado a tal fin. Pódese discutir a medida, pero o que é certo é que non tivo impacto negativo sobre a atención ás visitas.

Tamén procedería, probablemente, unha revisión dos prezos para visitar un monumento único no mundo, patrimonio histórico da humanidade e cuxa entrada, ademais do acceso ao mesmo, conleva unha visita guiada ás escavacións. O prezo de entrada de tres euros máis algunha das reducións existentes, podería dar lugar para un replantexamento a fin de obter, por un

Señora Faraldo Calvo

Consultada en la página del Ayuntamiento, de información del horario de visitas a la Torre, no se desprende que se vaya a cerrar por las tardes en verano. De hecho, aparece que de 16 de junio hasta el 15 de septiembre el horario va a ser hasta las 21 horas, un horario muy superior a la mayoría de los monumentos y lugares culturales de España e incluso de Europa. No lo señalo ni como mérito ni como demérito, sino como dato a tener en cuenta.

Por otra parte, incluso el personal de la propia torre, personal indefinido, no tiene ninguna comunicación oficial más que esta, el horario de verano. Por lo tanto, a la espera de que el Gobierno municipal hoy aquí, ante esta moción, nos dé una respuesta que confirme si su intención es diferente a lo que se informa en la página web de venta de entradas, de principio no parece existir motivo para pensar que el monumento estará cerrado en verano.

Sí que es cierto que en los últimos tiempos se tomaron medidas para la contención de gasto en este sentido, como la reorganización de las vacaciones del personal indefinido a fin de minimizar el impacto económico sobre el presupuesto destinado la tal fin. Se puede discutir la medida, pero lo que es cierto es que no tuvo impacto negativo sobre la atención a las visitas.

También procedería, probablemente, una revisión de los precios para visitar un monumento único en el mundo, patrimonio histórico de la humanidad y cuya entrada, además del acceso al mismo, conlleva una visita guiada a las excavaciones. El precio de entrada de tres euros más alguna de las reducciones existentes, podría dar lugar para un replanteamiento a fin de obtener, por un

lado, unha maior valoración do propio monumento, e por outra, ademais, aumentar a recadación da mesma. En todo caso, co acordo que plantexa esta moción en concreto estamos totalmente a favor, a súa apertura polas tardes en épocas de maior afluencia, por ser consideradas tempadas de alto turismo. O que non temos tan claro, e quedamos á espera, insisto, de que se aclare na intervención do Goberno local, é que estea decidido o seu peche ao público nestas datas. Sexa como sexa non vemos motivo para non votar outra cousa que a favor desta moción. Grazas.

lado, una mayor valoración del propio monumento, y por otra, además, aumentar la recaudación de la misma. En todo caso, con el acuerdo que plantea esta moción en concreto estamos totalmente a favor, su apertura por las tardes en épocas de mayor afluencia, por ser consideradas temporadas de alto turismo. Lo que no tenemos tan claro, y quedamos a la espera, insisto, de que se aclare en la intervención del Gobierno local, es que esté decidido su cierre al público en estas fechas. Sea como sea no vemos motivo para no votar otra cosa que a favor de esta moción. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Muchas gracias, señora Faraldo.

Señora Martínez. **(A señora Martínez Lema fai un xesto indicativo de que non desexa tomar a palabra).**

Señora Martínez. ***(La señora Martínez Lema hace un gesto indicativo de que no desea tomar la palabra).***

Renuncia ao turno.

Renuncia al turno.

Polo BNG, o señor Jorquera.

Por el BNG, el señor Jorquera.

Pode pasar, señor Deus.

Puede pasar, señor Deus.

Ás dezaoito horas e trinta e sete minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.

A las dieciocho horas y treinta y siete minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

En primeiro lugar, señor Lage, unha información. O nacionalismo galego xa lidera a alternativa política en Galiza, o nacionalismo galego xa lidera o sindicalismo en Galiza, e vostede non se impaciente, que imos liderar moitas cousas máis. E permítame, tamén, unha suxestión. Se os parques eólicos son tan bos recoméndelle o Goberno central, co que ten tan boa interlocución, que encha o Monte do Pardo e a Casa do Campo de parques eólicos. Asegúrolle que hai

En primer lugar, señor Lage, una información. El nacionalismo gallego ya lidera la alternativa política en Galicia, el nacionalismo gallego ya lidera el sindicalismo en Galicia, y usted no se impaciente, que vamos a liderar muchas cosas más. Y permítame, también, una sugerencia. Si los parques eólicos son tan buenos recomiéndele al Gobierno central, con el que tiene tan buena interlocución, que llene el Monte del Pardo y la Casa del Campo de parques eólicos. Le aseguro

moito espazo —coñezo a Casa do Campo e o Monte do Pardo, hai moito espazo—, sería máis ecolóxico, porque non hai nada máis antiecolóxico que encher Galiza de parques eólicos para transportar a enerxía a Madrid e logo ter que pagar nós os costes do transporte, porque coa política de tarifa única que practica o Estado español iso significa que se nos imputa a nós os gastos de transporte da enerxía xerada aquí para subministrar a Madrid. Pero é unha auténtica desgraza que o goberno máis progre da historia, o seu deseño económico para Galiza sexa alimentar o colonialismo máis depredador.

que hay mucho espacio —conozco la Casa del Campo y el Monte del Pardo, hay mucho espacio—, sería más ecológico, porque no hay nada más antiecológico que llenar Galicia de parques eólicos para transportar la energía a Madrid y luego tener que pagar nosotros los costes del transporte, porque con la política de tarifa única que practica el Estado español eso significa que se nos imputa a nosotros los gastos de transporte de la energía generada aquí para suministrar a Madrid. Pero es una auténtica desgracia que el gobierno más progre de la historia, su diseño económico para Galicia sea alimentar el colonialismo más depredador.

Ás dezaoito horas e trinta e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

A las dieciocho horas y treinta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Centrándonos xa na cuestión que agora é obxecto de debate, compartimos as preocupacións do Grupo Popular que motivan a presentación desta moción. A Torre de Hércules, á parte de Patrimonio da Humanidade, é o principal símbolo e un dos principais atractivos da nosa cidade, mais desde o noso punto de vista nin están aproveitadas todas as potencialidades da torre nin a súa contorna está o suficientemente coidada e posta en valor.

Centrándonos ya en la cuestión que ahora es objeto de debate, compartimos las preocupaciones del Grupo Popular que motivan la presentación de esta moción. La Torre de Hércules, aparte de Patrimonio de la Humanidad, es el principal símbolo y uno de los principales atractivos de nuestra ciudad, pero desde nuestro punto de vista ni están aprovechadas todas las potencialidades de la Torre ni su entorno está lo suficientemente cuidado y puesto en valor.

Ás dezaoito horas e trinta e oito minutos sae do Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.

A las dieciocho horas y treinta y ocho minutos sale del Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.

Por iso, en setembro de 2022 o BNG presentou unha moción sobre turismo, que foi aprobada polo Pleno do Concello, na que incluïamos unha serie de medidas relativas á Torre, para que se desenvolva o Plan Especial do parque da Torre de Hércules, co obxecto de asegurar a protección e posta en valor da contorna do faro.

Por eso, en septiembre de 2022 el BNG presentó una moción sobre turismo, que fue aprobada por el Pleno del Ayuntamiento, en la que incluíamos una serie de medidas relativas a la Torre, para que se desarrolle el Plan Especial del parque de la Torre de Hércules, con el objeto de asegurar la protección y puesta en valor del entorno del faro.

Segue habendo proxectos urbanísticos

Sigue habiendo proyectos urbanísticos

que representan unha ameaza polo impacto que terían neste espazo. Hai que buscar unha solución definitiva ao auténtico vertedoiro no que se acabou convertendo o terreo dos antigos Talleres Sete, do mesmo xeito que hai que buscar unha solución á situación do antigo cárcere, un dos moitos asuntos pendentes de resolver que nos vai deixar este mandato.

que representan una amenaza por el impacto que tendrían en este espacio. Hay que buscar una solución definitiva al auténtico vertedero en el que se acabó convirtiendo el terreno de los antiguos Talleres Siete, al igual que hay que buscar una solución a la situación de la antigua cárcel, uno de los muchos asuntos pendientes de resolver que nos va a dejar este mandato.

Pero centrándome no faro en si, naquela moción propúñamos desenvolver o Plan Director da Torre, incluíndo un programa de visitas guiadas, recuperando, ademais, as visitas nocturnas e as gratuítas en determinadas épocas do ano e a ampliación dos servizos que ofrece o conxunto, cun emprazamento que sirva de centro de interpretación, con baños e centro de recepción das e dos visitantes. Ademais, propúñamos activar o servizo de reserva, a venta online para as persoas que desexen visitar o monumento e iniciar os trámites para que o persoal destinado á atención ao público goce da estabilidade necesaria. E isto enlaza co que propón o Grupo Popular nesta moción.

Pero centrándome en el faro en sí, en aquella moción proponíamos desarrollar el Plan Director de la Torre, incluyendo un programa de visitas guiadas, recuperando, además, las visitas nocturnas y las gratuitas en determinadas épocas del año y la ampliación de los servicios que ofrece el conjunto, con un emplazamiento que sirva de centro de interpretación, con baños y centro de recepción de las y de los visitantes. Además, proponíamos activar el servicio de reserva, la venta online para las personas que deseen visitar el monumento e iniciar los trámites para que el personal destinado a la atención al público disfrute de la estabilidad necesaria. Y esto enlaza con el que propone el Grupo Popular en esta moción.

Dificilmente se pode poñer en valor a Torre e tirarlle todo o seu potencial como elemento de atracción de turismo se nos períodos vacacionais non se pode visitar en horario de tarde. E dificilmente se pode resolver esta situación se o persoal é insuficiente, non goza de estabilidade e o Consorcio de Turismo argumenta que a razón é que non hai diñeiro para pagarlle, porque esa é a situación.

Difícilmente se puede poner en valor la Torre y tirarle todo su potencial como elemento de atracción de turismo si en los períodos vacacionales no se puede visitar en horario de tarde. Y difícilmente se puede resolver esta situación si el personal es insuficiente, no disfruta de estabilidad y el Consorcio de Turismo argumenta que la razón es que no hay dinero para pagarle, porque esa es la situación.

Desde as administracións públicas moitas veces enchémonos a boca falando da necesidade de loitar contra a precariedade e resulta que hai sete traballadores temporais que levan traballando na Torre entre seis e oito anos concatenando contratos temporais

Desde las administraciones públicas muchas veces nos llenamos la boca hablando de la necesidad de luchar contra la precariedad y resulta que hay siete trabajadores temporales que llevan trabajando en la Torre entre seis y ocho años concatenando contratos temporales

sen que sexan estabilizados. Incluso intentouse substituílos externalizando o servizo a través da contratación dunha empresa de azafatas. Non se contrataron reforzos para o período vacacional argumentando falta de cartos e de feito nos últimos anos reducíronse tres postos no cadro de persoal, os coñecidos como postos radon, porque con ese reforzo o que se pretendía era evitar unha permanencia excesiva no interior da torre pola exposición ao gas radon.

Ás dezaoito horas e corenta e un minutos entra no Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.

A consecuencia é que hai momentos, nalgúns días, en que se hai algunha baixa nalgún momento na Torre, fica atendendo ao público unha persoa do servizo de limpeza ou do servizo de seguridade. É absolutamente impresentábel esta política de persoal, pero ademais así dificilmente pode aproveitarse o potencial turístico que ten a Torre de Hércules.

Polas razóns devanditas o BNG vai votar a favor desta moción.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a Marea, señor Lema.

Señor Lema Suárez

Moitas grazas.

Nós imos, por suposto, apoiar a moción. Temos tamén un rogo oral que vai exactamente no mesmo sentido. Estamos xa no mes de abril, por tanto, un momento propicio para facer balance destes catro anos de xestión do Departamento de Turismo deste goberno.

sin que sean estabilizados. Incluso se intentó sustituirlos externalizando el servicio a través de la contratación de una empresa de azafatas. No se contrataron refuerzos para el período vacacional argumentando falta de dinero y de hecho en los últimos años se redujeron tres puestos en la plantilla, los conocidos como puestos radón, porque con ese refuerzo lo que se pretendía era evitar una permanencia excesiva en el interior de la Torre por la exposición al gas radón.

A las dieciocho horas y cuarenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.

La consecuencia es que hay momentos, en algunos días, en que si hay alguna baja en algún momento en la Torre, queda atendiendo al público una persona del servicio de limpieza o del servicio de seguridad. Es absolutamente impresentable esta política de personal, pero además así difícilmente puede aprovecharse el potencial turístico que tiene a Torre de Hércules.

Por las razones dichas el BNG va a votar a favor de esta moción.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno para la Marea, señor Lema.

Señor Lema Suárez

Muchas gracias.

Nosotros vamos, por supuesto, apoyar la moción. Tenemos también un ruego oral que va exactamente en el mismo sentido. Estamos ya en el mes de abril, por tanto, un momento propicio para hacer balance de estos cuatro años de gestión del Departamento de Turismo de este gobierno.

Ben, podemos empregar para este labor a documentación que se nos entregou na última Xunta de Goberno do Consorcio de Turismo. Dúas cuestións: primeira vez desde que eu teño memoria na que o interventor do Consorcio, á sazón secretario do Pleno do Concello, advirte de que o Consorcio de Turismo corre risco de estabilidade financeira. Isto é algo que non acontecera nunca, que eu saiba, no Consorcio de Turismo, nunca acontecera. Cal é o motivo desta situación? Pois que se destina o crédito, o orzamento do Consorcio de Turismo a outras finalidades. Que outras finalidades? A pagar festas, subvencionar actuacións que para iso está o IMCE. Por que se chega a esta trapallada administrativa? Pois porque se renunciou a facer uns orzamentos onde cada parte, cada área de goberno dispoña dun crédito para a finalidade prevista inicialmente e non andar con estes subterfuxios, que como advirte o interventor no seu informe, poñen en risco a estabilidade financeira do consorcio. Dicir que estamos nunha situación na que foron suspendidas as regras de estabilidade financeira. Pero é que isto non vai durar para sempre e que, por tanto, é necesario que volvan facer vostedes a xestión que corresponde do Consorcio de Turismo.

Bien, podemos emplear para esta labor la documentación que se nos entregó en la última Junta de Gobierno del Consorcio de Turismo. Dos cuestiones: primera vez desde que yo tengo memoria en la que el interventor del Consorcio, a la sazón secretario del Pleno del Ayuntamiento, advierte de que el Consorcio de Turismo corre riesgo de estabilidad financiera. Esto es algo que no había sucedido nunca, que yo sepa, en el Consorcio de Turismo, nunca había sucedido ¿Cuál es el motivo de esta situación? Pues que se destina el crédito, el presupuesto del Consorcio de Turismo a otras finalidades ¿Qué otras finalidades? A pagar fiestas, subvencionar actuaciones que para eso está el IMCE ¿Por qué se llega a esta chapuza administrativa? Pues porque se renunció a hacer unos presupuestos donde cada parte, cada área de gobierno disponga de un crédito para la finalidad prevista inicialmente y no andar con estos subterfugios, que como advierte el interventor en su informe, ponen en riesgo la estabilidad financiera del consorcio. Decir que estamos en una situación en la que fueron suspendidas las reglas de estabilidad financiera. Pero es que esto no va a durar para siempre jamás y que, por tanto, es necesario que vuelvan a hacer ustedes la gestión que corresponde del Consorcio de Turismo.

Tamén na última Xunta de Goberno se nos informou que como derivada das resolucións xudiciais pasaban os traballadores do Consorcio, todos eles, a verse integrados nunha nova estrutura laboral que implicaba uns maiores dereitos económicos.

También en la última Junta de Gobierno se nos informó que como derivada de las resoluciones judiciales pasaban los trabajadores del Consorcio, todos ellos, a verse integrados en una nueva estructura laboral que implicaba unos mayores derechos económicos.

Vamos a retrotraernos ao inicio desta situación. Unha vez máis o señor Montoro, que tantas veces citamos neste Pleno, nas súas leis de estabilidade di que os consorcios de turismo deben de estar asociados cunha entidade local e que, por tanto, o persoal dos consorcios de turismo ten que ter, tamén, unha

Vamos a retrotraernos al inicio de esta situación. Una vez más el señor Montoro, que tantas veces citamos en este Pleno, en sus leyes de estabilidad dice que los consorcios de turismo deben de estar asociados con una entidad local y que, por tanto, el personal de los consorcios de turismo tiene que tener, también, una

analoxía nas súas condicións laborais co persoal laboral dese ente local de referencia. Entón, establécese no 2017 unha mesa xeral de negociación pola que se acorda —eu daquela era presidente do Consorcio— que ese persoal ata ese momento laboral do Consorcio, para a ter unha equivalencia con certas categorías profesionais do persoal laboral do Concello. E iso establece unhas categorías económicas.

analogía en sus condiciones laborales con el personal laboral de ese ente local de referencia. Entonces, se establece en el 2017 una mesa general de negociación por la que se acuerda —yo en aquel momento era presidente del Consorcio– que ese personal hasta ese momento laboral del Consorcio, para tener una equivalencia con ciertas categorías profesionales del personal laboral del Ayuntamiento. Y eso establece unas categorías económicas.

Ben, iso non foi en ningún caso executado polo Consorcio de Turismo, que forzou aos traballadores ao trámite penoso de ir a un procedemento xudicial que acabou recoñecendo o dereito que tiñan estes traballadores. Ben. A min isto poderíame parecer unha política de austeridade, así, en abstracto, pero é que esta situación contrasta, e moito, coa suba salarial dun 10 % que se lle favoreceu ou se lle imputou á Xerencia do Consorcio de Turismo. Entón, claro, eu xa empezo a dubidar se estamos ante unha política de contención de gasto, así, moi racional ou se estamos ante unha política xa doutra índole. Desde logo ,ao mellor non a máis acorde coas siglas do PSOE, diría eu. Aquel, hai unha persoa de alta dirección á que se lle sube o salario e unha serie de traballadores rasos que son castigados sen que lles recoñeza aqueles dereitos que foron así establecidos nunha mesa xeral de negociación.

Bien, eso no fue en ningún caso ejecutado por el Consorcio de Turismo, que forzó a los trabajadores al trámite penoso de ir a un procedimiento judicial que acabó reconociendo el derecho que tenían estos trabajadores. Bien. A mí esto me podría parecer una política de austeridad, así, en abstracto, pero es que esta situación contrasta, y mucho, con la subida salarial de un 10 % que se le favoreció o se le imputó a la Gerencia del Consorcio de Turismo. Entonces, claro, yo ya empiezo a dudar si estamos ante una política de contención de gasto, así, muy racional o si estamos ante una política ya de otra índole. Desde luego, a lo mejor no la más acorde con las siglas del PSOE, diría yo. Aquel, hay una persona de alta dirección a la que se le sube el salario y una serie de trabajadores rasos que son castigados sin que les reconozca aquellos derechos que fueron así establecidos en una mesa general de negociación.

Entón, bueno, pensamos que a xestión interna na parte de control do gasto vai renqueando, na parte de xestión de persoal tamén, pero podía ser, ao mellor, que na parte de obxectivos, de atender obxectivos pois si fora moi ben. Ao mellor ás veces un ten a casa un pouco revolta pero funciona igual noutros contextos, pero tampouco se acadan os obxectivos previstos.

Entonces, bueno, creemos que la gestión interna en la parte de control del gasto va renqueando, en la parte de gestión de personal también, pero podía ser, a lo mejor, que en la parte de objetivos, de atender objetivos pues sí fuera muy bien. A lo mejor a veces uno tiene la casa un poco revuelta pero funciona igual en otros contextos, pero tampoco se alcanzan los objetivos previstos.

Dicía a señora Inés Rey na campaña

Decía la señora Inés Rey en la campaña

electoral do 2019 que os resultados de Alvedro eran manifestamente mellorables. Os resultados hoxe de Alvedro son dificilmente empeorables. Temos que somos, é imposible remontar a perda catastrófica para A Coruña do enlace con Heathrow e do enlace con Sevilla. É realmente un desastre e dunha verdadeira, difícil para min non abusar dos adxectivos pero...catastrófico para Alvedro e para esta cidade, por tanto, tamén, a perda deses dous destinos que, insisto, vexo moi complicado no medio prazo recuperar. Somos o aeroporto dos vinte primeiros da rede de Aena con peor comportamento nos últimos tres anos. Unha posición realmente penosa que contrasta moito co lugar onde os deixamos cando nós cedemos o goberno.

electoral del 2019 que los resultados de Alvedro eran manifiestamente mejorables. Los resultados hoy de Alvedro son difícilmente empeorables. Tenemos que somos, es imposible remontar la pérdida catastrófica para A Coruña del enlace con Heathrow y del enlace con Sevilla. Es realmente un desastre y de una verdadera, difícil para mí no abusar de los adjetivos pero... catastrófico para Alvedro y para esta ciudad, por tanto, también, la pérdida de esos dos destinos que, insisto, veo muy complicado en medio plazo recuperar. Somos el aeropuerto de los veinte primeros de la red de Aena con peor comportamiento en los últimos tres años. Una posición realmente penosa que contrasta mucho con el lugar donde los dejamos cuando nosotros cedemos el gobierno.

En canto ao resto da xestión, bueno, eu para ser honesto ou obxectivo, eu recoñezo que comparto a cuestión do A Coruña Convention Bureau, paréceme unha boa idea, paréceme aceptable desde logo, pero creo que o balance xeral máis ben é moi frouxo, lamento dicilo, tanto no que ten que ver co cumprimento de obxectivos —había un plan estratéxico de turismo que non foi renovado—, tampouco se fixo un balance del, como no que ten que ver coa xestión interna, tanto de índole financeira como no que ten que ver coa cuestión da xestión do persoal. Por tanto, lamento concluír que nesta parte da xestión do Goberno a nota que debemos poñerlle é a dun suspenso.

En cuanto al resto de la gestión, bueno, yo para ser honesto u objetivo, yo reconozco que comparto la cuestión del A Coruña Convention Bureau, me parece una buena idea, me parece aceptable desde luego, pero creo que el balance general más bien es muy flojo, lamento decirlo, tanto en lo que tiene que ver con el cumplimiento de objetivos —había un plan estratégico de turismo que no fue renovado—, tampoco se hizo un balance de él, como en lo que tiene que ver con la gestión interna, tanto de índole financiera como en lo que tiene que ver con la cuestión de la gestión del personal. Por tanto, lamento concluir que en esta parte de la gestión del Gobierno la nota que debemos ponerle es la de un suspenso.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lema.

Remata e pecha este debate o señor Borrego, por parte do Goberno.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lema.

Finaliza y cierra este debate el señor Borrego, por parte del Gobierno.

Señor Borrego Vázquez

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Señor Borrego Vázquez

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Xa lle digo que non vou facer unha defensa a ultranza da xestión porque non daría tempo nin para chegar ao domingo. Pero bueno, vamos a ver, por aclarar o tema da moción.

Os horarios para a Torre de Hércules están aprobados cos traballadores desde finais do ano 2022 para 2023. Se quen non o fai fixera o seu traballo, faría como a señora Faraldo, polo menos preguntaría aos implicados, directamente e miraría a información correspondente da Torre de Hércules. E desde logo, en tempada alta, coma sempre, os horarios empezan non ás dez, ás nove e media e rematan ás vinte e unha horas. Ou sexa, non é que se peche, é que se aumenta media hora máis. Coma sempre, por aproveitar o máximo o que é o estado de luz nesas datas que é cando os visitantes, os viaxeiros, ou os turistas, ou os cidadáns van a ver a Torre de Hércules. Insisto, negociados cos traballadores. Se fai falta reforzo —é que vou ser bastante sintético porque me gustaría dicir algunha pildoriña máis— se fai falta un reforzo se fará, pero se fará desde o que é a xestión.

A xestión significa que hai que aproveitar os recursos públicos dos que estamos a falar. Evidentemente, organizar a plantilla de persoal da Torre de Hércules para que en tempada alta estean cubertas as necesidades do propio monumento, así como do Centro de Atención aos Visitantes ou as oficinas de información. En función de como se organiza o persoal, pois se fai falta se fará o reforzo e se fará baixo un informe xurídico ad hoc da nova Asesoría Xurídica que ten o Consorcio de Turismo para previr que non se siga facendo o que se levaba facendo moitos anos, cunha lista que non tiña xeito ningún. Todo isto entroncado cun proceso de estabilización, de consolidación de emprego que xa está en

Ya le digo que no voy a hacer una defensa a ultranza de la gestión porque no daría tiempo ni para llegar al domingo. Pero bueno, vamos a ver, por aclarar el tema de la moción.

Los horarios para a Torre de Hércules están aprobados con los trabajadores desde finales del año 2022 para 2023. Si quien no lo hace hiciera su trabajo, haría como la señora Faraldo, por lo menos preguntaría a los implicados, directamente y miraría la información correspondiente de la Torre de Hércules. Y desde luego, en temporada alta, como siempre, los horarios empiezan no a las diez, a las nueve y media y finalizan a las veintiuna horas. O sea, no es que se cierre, es que se aumenta media hora más. Como siempre, por aprovechar al máximo lo que es el estado de luz en esas fechas que es cuando los visitantes, los viajeros, o los turistas, o los ciudadanos va a ver la Torre de Hércules. Insisto, negociados con los trabajadores. Si hace falta refuerzo —es que voy a ser bastante sintético porque me gustaría decir alguna pildoriña más— si hace falta un refuerzo se hará, pero se hará desde lo que es la gestión.

La gestión significa que hay que aprovechar los recursos públicos de los que estamos hablando. Evidentemente, organizar la plantilla de personal de la Torre de Hércules para que en temporada alta estén cubiertas las necesidades del propio monumento, así como del Centro de Atención a los Visitantes o las oficinas de información. En función de cómo se organiza el personal, pues si hace falta se hará el refuerzo y se hará bajo un informe jurídico ad hoc de la nueva Asesoría Jurídica que tiene el Consorcio de Turismo para prevenir que no se siga haciendo lo que se llevaba haciendo muchos años, con una lista que no tenía forma alguna. Todo esto entroncado con un proceso de estabilización, de consolidación de empleo que ya está en

marcha e todo isto, tamén, encadeado con todo o que a adaptación do persoal do Consorcio de Turismo ao convenio de persoal laboral do Concello.

Señor Lema, a primeira sentenza sobre as reclamacións deses incumprimentos dos que vostede fala é de 2018. Non sei se vostede lembra ata cando foi presidente do Consorcio de Turismo, pero como mínimo ata xuño do 2019. Entón, non contemos medias verdades, xa tiña vostede sentenzas porque en dous anos con respecto a ese pacto do que fala vostede, no Consorcio, non fixo nada. Sabe quen o fixo? Inés Rey García, que tamén ten nai. É quen fixo e quen rematou esa transformación, esa organización do persoal do Consorcio.

A Coruña recupera en no primeiro trimestre el cuarto de millón de usuarios e anticipa una recuperación para a nova tempada o feito de ter pechado o mes pasado o mellor marzo da súa historia. Fai quince minutos publica este dato A Voz de Galicia. Tercer mellor marzo da historia, Alvedro. Por que? Porque comparalo con 2019, señora Cendán é outra trampa que vostede se fai ao solitario. O ano do récord. Tranquila. Se vamos así neste trimestre, imos superar o récord moi pronto, con todas estas nefastas xestións, ás que, por certo, a señora Faraldo ou o señor Jorquera, a señora Soneira, podémolos desculpar pero é que vostede pertence, igual que o señor Lema, ao Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña que ten creo que o récord, de momento, de que todos os asuntos que se levan á súa Xunta de Goberno saen aprobados. Todos. Con vostedes tamén. Entón, se o éxito é éxito será de todos. Se o éxito non o é, tamén será de todos. Pero iso téñeno que preguntar o sector. Ver a taxa de ocupación dos hoteis, ver o número de visitantes, ver o que supón que se faga

marcha y todo esto, también, encadenado con todo lo que la adaptación del personal del Consorcio de Turismo al convenio de personal laboral del Ayuntamiento.

Señor Lema, la primera sentencia sobre las reclamaciones de esos incumplimientos de los que usted habla es de 2018. No sé si usted recuerda hasta cuándo fue presidente del Consorcio de Turismo, pero como mínimo hasta junio del 2019. Entonces, no contemos medias verdades, ya tenía usted sentencias porque en dos años con respecto a ese pacto del que habla usted, en el Consorcio, no hizo nada ¿Sabe quién lo hizo? Inés Rey García, que también tiene madre. Es quien hizo y quien finalizó esa transformación, esa organización del personal del Consorcio.

A Coruña recupera en el primer trimestre el cuarto de millón de usuarios y anticipa una recuperación para la nueva temporada el hecho de haber cerrado el mes pasado el mejor marzo de su historia. *Hace quince minutos publica este dato La Voz de Galicia. Tercer mejor marzo de la historia, Alvedro ¿Por qué? Porque compararlo con 2019, señora Cendán es otra trampa que usted se hace al solitario. El año del récord. Tranquila. Si vamos así en este trimestre, vamos a superar el récord muy pronto, con todas estas nefastas gestiones, a las que, por cierto, la señora Faraldo o el señor Jorquera, la señora Soneira, los podemos disculpar pero es que usted pertenece, igual que el señor Lema, al Consorcio de Turismo y Congresos de A Coruña, el Consorcio de Turismo y Congresos de A Coruña que tiene creo que el récord, de momento, de que todos los asuntos que se llevan a su Junta de Gobierno salen aprobados. Todos. Con ustedes también. Entonces, si el éxito es éxito será de todos. Si el éxito no lo es, también será de todos. Pero eso lo tienen que preguntar el sector. Ver la tasa de ocupación de los hoteles, ver el número de visitantes, ver lo que supone*

promoción turística desde grandes eventos culturais e musicais, que atrae a miles, decenas de miles de visitantes á nosa cidade, e ver se o sector... se venden billetes de avión, se ocupan camas hoteleiras, se están os restaurantes cheos, os paseos e os museos cheos, tamén as terrazas totalmente repletas de xente, e non só dos cruceiristas que, por certo, xa teñen información, tamén, electrónica permanente na propia terminal.

que se haga promoción turística desde grandes eventos culturales y musicales, que atrae a miles, decenas de miles de visitantes a nuestra ciudad, y ver si el sector... si venden billetes de avión, si ocupan camas hosteleras, si están los restaurantes llenos, los paseos y los museos llenos, también las terrazas totalmente repletas de gente, y no solo de los cruceristas que, por cierto, ya tienen información, también, electrónica permanente en la propia terminal.

Mire, é que **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** por rematar serei breve, se eu quixera vir aquí a facer electoralismo non facía máis que empezar a dar datos, pero o triste disto é que deses datos son vostedes coñecedores e os avalan. As decisións de rutas, de frecuencias, de licitacións están vostedes na mesma mesa, señor Lema e señora Cendán. Saben o que pasa, non veñan a dicir o que non é. Nin a torre se pecha...

*Mire, es que **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** por finalizar seré breve, si yo quisiera venir aquí a hacer electoralismo no hacía más que empezar a dar datos, pero lo triste de esto es que de esos datos son ustedes conocedores y los avalan. Las decisiones de rutas, de frecuencias, de licitaciones están ustedes en la misma mesa, señor Lema y señora Cendán. Saben lo que pasa, no vengan a decir lo que no es. Ni la Torre se cierra...*

Presidencia

Non ten a palabra, señora Cendán.

Presidencia

No tiene la palabra, señora Cendán.

Señor Borrego Vázquez

Nin a Torre se pecha nin ser reduce o horario, nin os datos son malos, nin isto é un desastre. Pregúntenlle ao sector, que é quen lle dirá o que hai.

Señor Borrego Vázquez

Ni la Torre se cierra ni ser reduce el horario, ni los datos son malos, ni esto es un desastre. Pregçuntenle al sector, que es quien le dirá lo que hay.

Último dato, Clúster de Turismo de Galicia, supoño que non lle será sospeitoso, que diga hai un mes que as previsións para a cidade da Coruña con respecto a todo o ano 2023 son, como mínimo, do 85 % de media de ocupación hoteleira, a mellor cifra de toda Galicia. Creo que o clúster non é sospeitoso de ser unha chea de rojos que gobernan o chiringuito.

Último dato, Clúster de Turismo de Galicia, supongo que no le será sospechoso, que diga hace un mes que las previsiones para la ciudad de A Coruña con respecto a todo el año 2023 son, como mínimo, del 85 % de media de ocupación hotelera, la mejor cifra de toda Galicia. Creo que el clúster no es sospechoso de ser un montón de rojos que gobiernan el chiringuito.

Nada máis e moitas grazas, señora

Nada más y muchas gracias, señora

alcaldesa.

Presidencia

Moitas grazas.

Pode pasar, señor Lorenzo.

Ás dezaoito horas e cincuenta e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.

Procedemos á votación desta moción.

Votación da segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación a segunda moción do Grupo Municipal do Partido Popular, sobre horarios de apertura da Torre de Hércules, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

Presidencia

alcaldesa.

Presidencia

Muchas gracias.

Puede pasar, señor Lorenzo.

A las dieciocho horas y cincuenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.

Procedemos a la votación de esta moción.

Votación de la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular

Seguidamente, por la Presidencia se somete a votación la segunda moción del Grupo Municipal del Partido Popular, sobre horarios de apertura de la Torre de Hércules, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

Presidencia

Queda aprobada por unanimidade, incluíndo o voto itinerante do señor Lorenzo.

63. Moción do Grupo Municipal do Partido Popular sobre horarios de apertura da Torre de Hércules.

Acordo

Instar o Goberno municipal a rectificar e volver a abrir a Torre de Hércules polas tardes en tempada alta de turismo, tras decidir que estea pechada ao público no horario de tarde durante todo o verán, como tamén o estivo durante esta Semana Santa.

Terceira. Moción sobre loita contra a inflación

Presidencia

Terceira e última moción do Partido Popular sobre a loita contra a inflación.

Señora Peñalosa.

Señora Peñalosa López-Pin

Boas tardes a todos os presentes e aos que nos seguen online.

Hoxe La Voz de Galicia destaca que o colapso da Seguridade Social deixa sen asistencia a fogares vulnerables. O sistema de cita previa...

Presidencia

Perdón, señora Peñalosa. Achegue un pouco o micro, por favor, que non se lle escoita. Grazas.

Señora Peñalosa López-Pin

O sistema de cita previa da Seguridade Social está atrancado e na nosa cidade é directamente imposible pedir vez. O que o Goberno de Sánchez vendeu como

Queda aprobada por unanimidad, incluyendo el voto itinerante del señor Lorenzo.

63. Moción del Grupo Municipal del Partido Popular sobre horarios de apertura de la Torre de Hércules.

Acuerdo

Instar al Gobierno municipal a rectificar y volver a abrir la Torre de Hércules por las tardes en temporada alta de turismo, tras decidir que esté cerrada al público en el horario de tarde durante todo el verano, como también lo estuvo durante esta Semana Santa.

Tercera. Moción sobre lucha contra la inflación

Presidencia

Tercera y última moción del Partido Popular sobre la lucha contra la inflación.

Señora Peñalosa.

Señora Peñalosa López-Pin

Buenas tardes a todos los presentes y a los que nos siguen a través de *streaming*.

Hoy La Voz de Galicia destaca que el colapso de la Seguridad Social deja sin asistencia a hogares vulnerables. El sistema de cita previa...

Presidencia

Perdón, señora Peñalosa. Acerque un poco el micro, por favor, que no se le oye. Gracias.

Señora Peñalosa López-Pin

El sistema de cita previa de la Seguridad Social está atascado y en nuestra ciudad es directamente imposible pedir vez. Lo que el Gobierno de Sánchez vendió como una

unha axuda urxente aos máis necesitados converteuse nun trámite de meses que non chega aos máis vulnerables.

Ás dezaoito horas e cincuenta e cinco minutos saen do Salón de Sesións vos señores Díaz Gallego e Celemín Santos.

Non só buscar un titular, hai que saber executar e está claro que non saben. E isto non é pouco e ademais, segundo o Instituto Galego de Estatística, máis de 11.500 fogares coruñeses teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes. Isto supón un 11 % do total dos fogares fronte ao 8 da media galega, constituíndo a taxa máis alta entre os 7 municipios galegos de maior poboación, porcentaxe que é case o dobre que outras cidades como Vigo e Santiago. E a este dato hai que engadirlle a repercusión que ten no peto dos coruñeses o incremento dos prezos desde setembro do 2021, que veñen padecendo tanto os coruñeses como os españois en xeral. Falamos desta data porque é aí onde o incremento do IPC anual situouse por encima do 3,5 % e, como observarán, esta data é moi anterior á invasión rusa de Ucraína, única xustificación que o Goberno de Sánchez dános como escusa para esta inflación que está a minguar o poder adquisitivo de todos.

Ás dezaoito horas e cincuenta e sete minutos entra no Salón de Sesións o señor Díaz Gallego.

Nos dous últimos anos a cesta da compra subiu un 24,3 % e produtos tan importantes para a nosa dieta mediterránea como son o aceite, subiu máis dunha 70 %; o leite, máis dun 45; a fariña, máis dun 40. Este ano o Banco de España cambiou a súa previsión de subida desde o 7,8 ao 12,2 %. Estes datos son alarmantes, sobre todo tendo

ayuda urgente a los más necesitados se ha convertido en un trámite de meses que no llega a los más vulnerables.

A las dieciocho horas y cincuenta y cinco minutos salen del Salón de Sesiones los señores Díaz Gallego e Celemín Santos.

No solo buscar un titular, hay que saber ejecutar y está claro que no saben. Y esto no es poco y además, según el Instituto Gallego de Estadística, más de 11.500 hogares coruñeses tienen muchas dificultades para llegar a fin de mes. Esto supone un 11 % del total de los hogares frente al 8 de la media gallega, constituyendo la tasa más alta entre los 7 municipios gallegos de mayor población, porcentaje que es casi el doble que otras ciudades como Vigo y Santiago. Y a este dato hay que añadirle la repercusión que tiene en el bolsillo de los coruñeses el incremento de los precios desde septiembre del 2021, que vienen padeciendo tanto los coruñeses como los españoles en general. Hablamos de esta fecha porque es ahí donde el incremento del IPC anual se situó por encima del 3,5 % y, como observarán, esta fecha es muy anterior a la invasión rusa de Ucrania, única justificación que el Gobierno de Sánchez nos da como excusa para esta inflación que está mermando el poder adquisitivo de todos.

A las dieciocho horas y cincuenta y siete minutos entra en el Salón de Sesiones señor Díaz Gallego.

En los dos últimos años la cesta de la compra ha subido un 24,3 % y productos tan importantes para nuestra dieta mediterránea como son el aceite, ha subido más de una 70 %; la leche, más de un 45; la harina, más de un 40. Este año el Banco de España ha cambiado su previsión de subida desde el 7,8 al 12,2 %. Estos datos son alarmantes, sobre todo

Desde luego, nosotros nos felicitamos de que disponemos de una exhibición de parte del legado de Pablo Picasso en A Coruña, pero aparte de eso, de esa cuestión tan puntual, en lo que tiene que ver con la propia iniciativa del Ayuntamiento, pues no encontramos una programación digna de ese nombre, no encontramos nada que de alguna manera haga ver que se planificó, se ejecutó y se programó ese cincuentenario de la muerte de Pablo Picasso y el colofón, la guinda, es esta dimisión la semana pasada de Miguel Anxo Prado que es el factótum, la persona que concibió, pues yo creo que una de las marcas del verano coruñés y de la programación cultural coruñesa como es este festival del cómic en A Coruña, no es que ahora pues queda sin su dirección histórica, ¿no?

Creo que é evidente que no prazo no que estamos só queda facer este balance máis ben pobre da xestión do Goberno no ámbito da cultura e desexar que cando menos, que tratemos de evitar o desastre que sería que este verán quedásemos, pois sen o festival do cómic na Coruña.

Creo que es evidente que en el plazo en el que estamos solo queda hacer este balance más bien pobre de la gestión del Gobierno en el ámbito de la cultura y desear que cuando menos, que tratemos de evitar el desastre que sería que este verano quedáramos, pues sin el festival del cómic en A Coruña.

Nada máis e grazas.

Nada más y gracias.

Señor Lage Tuñas

Señor Lage Tuñas

Señor Lema, como creo que contesteille á pregunta, se me permite e non lle molesta, vamos a non profundizar, porque en fin, poderíamos falar da xestión cultural doutros e doutras. Por agora, que eu coñeza, non tuvo ningún tipo de responsabilidade patrimonial as decisións que tomou este goberno no ámbito da cultura. Non sei se vostede podería decir o mesmo de quen era responsable de cultura baixo o seu goberno, de quen anda dando leccións de ética por aí. O que si lle podo dicir é que as decisións que tomou este goberno no ámbito da cultura, non lle tiveron

Señor Lema, como creo que le contesté a la pregunta, si me permite y no le molesta, vamos a no profundizar, porque en fin, podríamos hablar de la gestión cultural de otros y de otras. Por ahora, que yo conozca, no tuvo ningún tipo de responsabilidad patrimonial las decisiones que tomó este gobierno en el ámbito de la cultura. No sé si usted podría decir lo mismo de quien era responsable de cultura bajo su gobierno, de quien anda dando lecciones de ética por ahí. Lo que sí le puedo decir es que las decisiones que tomó este gobierno en el ámbito de la cultura, no le tuvieron consecuencias en el

consecuencias no ámbito da responsabilidade patrimonial a ningún concelleiro ou concelleira.

Nada máis e moitas grazas.

Ás vinte horas e dezaseis minutos sae do Salón de Sesións os señores Varela Vázquez e Jorquera Caselas.

Presidencia

Moitas grazas, moitas grazas á Marea Atlántica.

PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Primeira. Pregunta de resposta oral relativa a mobilidade.

Presidencia

Turno xa para o Partido Popular coa primeira pregunta, *unha de aparcadoiros. Vamos, señor Deus.*

Señor Deus Álvarez

Moitas grazas.

Como valora o Goberno municipal que os prezos das prazas de aparcamentos se dispararan debido á eliminación masiva de prazas sen alternativa en todos os barrios da cidade?

Señor Díaz Gallego

Señor Deus, un pouquiño rebuscada a pregunta, non? En todo caso, o Goberno local non entra a valorar xuízos de valor en materia de mobilidade dun partido cuxa principal achega á materia foi un carril bici de 25 metros e eliminar o carril bus.

ámbito de la responsabilidad patrimonial a ningún concejal o concejala.

Nada más y muchas gracias.

A las veinte horas y dieciséis minutos salen del Salón de Sesiones los señores Varela Vázquez y Jorquera Caselas.

Presidencia

Muchas gracias, muchas gracias a la Marea Atlántica.

PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Primera. Pregunta de respuesta oral relativa a movilidad.

Presidencia

Turno ya para el Partido Popular con la primera pregunta, una de aparcamientos. Vamos, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Muchas gracias.

¿Cómo valora el Gobierno municipal que los precios de las plazas de aparcamientos se hayan disparado debido a la eliminación masiva de plazas sin alternativa en todos los barrios de la ciudad?

Señor Díaz Gallego

Señor Deus, un poquito rebuscada la pregunta, ¿no? En todo caso, el Gobierno local no entra a valorar juicios de valor en materia de movilidad de un partido cuya principal aportación a la materia fue un carril bici de 25 metros y eliminar el carril bus.

En todo caso, celebro que lle volveran a deixar dar a carraca coas prazas de aparcamento. Botabámoslle de menos.

Señor Deus Álvarez

Alégrome, señor Díaz.

Fágolle esta pregunta, señora Rey, non por min, pois eu podo considerarme un deses privilexiados que dispoño de cortello para a miña vaca no edificio don de vivo, e digo privilexiado porque non todo o mundo ten a posibilidade de conseguir un na maioría dos barrios da cidade. Estou a falarlle de barrios como o Agra, Ventorrillo, Os Castros, Falperra, Castrillón, Monte Alto, Sagrada Familia, Os Mallos, pero tamén Orzán e Peixaría. Na maioría deles, máis do 70 % dos edificios non dispoñen de garaxe para as súas vivendas. A única alternativa para os veciños é aparcar na rúa ou alugar ou comprar unha praza de aparcamento.

Se existían dificultades para os coruñeses, as decisións que vostede, señora alcaldesa, tomou neste mandato empeoraron notablemente a situación. As actuacións nas rúas da cidade coa supresión masiva de centos de prazas de aparcamento conseguiu ser un verdadeiro quebradizo de cabeza para infinidade de veciños dos barrios, que perden horas cando regresan de traballar para estacionar o seu vehículo.

O que si conseguiu é que na cidade sexa un verdadeiro negocio alugar unha praza de garaxe e xa non lle digo se alguén quere comprar unha: alcanzan ata 60.000 € por praza de aparcamento. O problema é que non todo o mundo pódese permitir adquirir unha praza de garaxe a eses prezos ou mesmo afrontar o gasto de pagar o alugueiro dunha praza a uns prezos tamén disparados, tanto en aparcadoiros públicos como privados.

En todo caso, celebro que le hayan vuelto a dejar dar la matraca con las plazas de aparcamiento. Le echábamos de menos.

Señor Deus Álvarez

Me alegro, señor Díaz.

Le hago esta pregunta, señora Rey, no por mí, pues yo puedo considerarme uno de esos privilegiados que dispongo de establo para mi vaca en el edificio don de vivo, y digo privilegiado porque no todo el mundo tiene la posibilidad de conseguir uno en la mayoría de los barrios de la ciudad. Le estoy hablando de barrios como el Agra, Ventorrillo, Os Castros, Falperra, Castrillón, Monte Alto, Sagrada Familia, Os Mallos, pero también Orzán y Pescadería. En la mayoría de ellos, más del 70 % de los edificios no disponen de garaje para sus viviendas. La única alternativa para los vecinos es aparcar en la calle o alquilar o comprar una plaza de aparcamiento.

Si existían dificultades para los coruñeses, las decisiones que usted, señora alcaldesa, ha tomado en este mandato han empeorado notablemente la situación. Las actuaciones en las calles de la ciudad con la supresión masiva de cientos de plazas de aparcamiento ha conseguido ser un verdadero quebradero de cabeza para infinidad de vecinos de los barrios, que pierden horas cuando regresan de trabajar para estacionar su vehículo.

Lo que sí ha conseguido es que en la ciudad sea un verdadero negocio alquilar una plaza de garaje y ya no le digo si alguien quiere comprar una: alcanzan hasta 60.000 € por plaza de aparcamiento. El problema es que no todo el mundo se puede permitir adquirir una plaza de garaje a esos precios o incluso afrontar el gasto de pagar el alquiler de una plaza a unos precios también disparados, tanto en parkings públicos como privados.

As ideas que vostede ten, señora Rey, para tratar de paliar este grave problema ao que se enfrontan a maioría das coruñesas xa sabemos cales son. Xa nos dixo que vostede cre que todos os coruñeses que teñan un vehículo deberían ter tamén unha praza de aparcamento en propiedade ou en alugueiro. É fácil dicir isto cando na cidade hai 8 coches por cada praza de aparcadoiro ou garaxe. A conclusión é inmediata: ou faltan cortellos ou a maioría de coruñeses non teñen dereito a dispoñer de vehículo privado. Os últimos aparcadoiros públicos que se abriron na cidade realizáronse durante o mandato do Partido Popular, as Conchiñas e o aparcadoiro do Materno.

Las ideas que usted tiene, señora Rey, para tratar de paliar este grave problema al que se enfrentan la mayoría de las coruñesas ya sabemos cuáles son. Ya nos ha dicho que usted cree que todos los coruñeses que tengan un vehículo deberían tener también una plaza de aparcamiento en propiedad o en alquiler. Es fácil decir esto cuando en la ciudad hay 8 coches por cada plaza de parking o garaje. La conclusión es inmediata: o faltan establos o la mayoría de coruñeses no tienen derecho a disponer de vehículo privado. Los últimos parkings públicos que se abrieron en la ciudad se realizaron durante el mandato del Partido Popular, las Conchiñas y el parking del Materno.

Vostede, señora Rey, é moi desconsiderada cos veciños dos barrios, que lle estiveron advertindo que as súas políticas de eliminación de prazas de aparcamento na rúa sen adoptar alternativas reais previas a estas actuacións está a xerarlles un grave problema.

Usted, señora Rey, es muy desconsiderada con los vecinos de los barrios, que le han estado advirtiendo que sus políticas de eliminación de plazas de aparcamiento en la calle sin adoptar alternativas reales previas a estas actuaciones les está generando un grave problema.

Vai vostede a seguir manténdose na idea de que non existe o dereito a ter un coche e que tampouco existe o dereito a aparcar? Gustaríanos que llo dixese así de claro aos veciños dos barrios.

¿Va usted a seguir manteniéndose en la idea de que no existe el derecho a tener un coche y que tampoco existe el derecho a aparcar? Nos gustaría que se lo dijese así de claro a los vecinos de los barrios.

Vostede, señora alcaldesa, presumiu de quitar prazas de aparcamento, vostede díxolle aos veciños que se compran un coche, é o seu problema, non o seu nin da cidade. Se se compran unha vaca será porque se ten un cortello. Este é o resumo do que os coruñeses poden esperar de vostedes ante este problema: nada. A súa política de mobilidade é inexistente. Lembroullo a compañeira agora mesmo, a señora Veira. Decisións e ocorrencias que nada teñen que ver cun verdadeiro plan de mobilidade para a cidade. Imos, as desculpas que vostede puxo para non ter a ordenanza de

Usted, señora alcaldesa, ha presumido de quitar plazas de aparcamiento, usted le ha dicho a los vecinos que si compran un coche, es su problema, no el suyo ni de la ciudad. Si se compran una vaca será porque se tiene un establo. Este es el resumen de lo que los coruñeses pueden esperar de ustedes ante este problema: nada. Su política de movilidad es inexistente. Se lo ha recordado la compañera ahora mismo, la señora Veira. Decisiones y ocurrencias que nada tienen que ver con un verdadero plan de movilidad para la ciudad. Vamos, las disculpas que usted ha puesto para no

mobilidade ou non realizar unha redistribución das liñas de bus urbano, imos, parece mentira que as dixera nese ton.

tener la ordenanza de movilidad o no haber realizado una redistribución de las líneas de bus urbano, vamos, parece mentira que las haya dicho en ese tono.

A Coruña é unha cidade pequena, cunha densidade de poboación elevada, o que lle fai que calquera decisión que afecte á mobilidade se deixe sentir inmediatamente nos seus barrios. Por iso sería bo que abandonasen esta política de improvisación e de ocorrencias permanentes porque si, gústalles improvisar. O máis difícil é xestionar.

A Coruña es una ciudad pequeña, con una densidad de población elevada, lo que le hace que cualquier decisión que afecte a la movilidad se deje sentir inmediatamente en sus barrios. Por eso sería bueno que abandonasen esta política de improvisación y de ocurrencias permanentes porque sí, les gusta improvisar. Lo más difícil es gestionar.

E tamén esas políticas de odio ao coche sen que existan alternativas reais para os cidadáns, empezando por un transporte público eficiente e adaptado á realidade da cidade. O malestar nos barrios vai en aumento. Empezaron a casa polo tellado e a pandemia puido servirlles ao principio de coartada, pero agora xa non coa aos veciños. Xeraron máis problemas dos que resolveron e os parches que van poñendo para dar a sensación de que fan algo incrementan os problemas. Crense vostedes que o cambio nalgunhas rúas situando prazas en batería é suficiente e non é así. Decátese da que organizaron na avenida dos Mallos co transporte público, os vehículos de grandes dimensións, onde o transporte público segue tendo problemas, evidentemente, ou en Médico Rodríguez, ou na Palloza, ou en Marcial do Adalid. Suprimen vostedes carrís de circulación nos que se podía acougar o tráfico para xerar retencións en horas punta.

Y también esas políticas de odio al coche sin que existan alternativas reales para los ciudadanos, empezando por un transporte público eficiente y adaptado a la realidad de la ciudad. El malestar en los barrios va en aumento. Han empezado la casa por el tejado y la pandemia pudo servirles al principio de coartada, pero ahora ya no cuela a los vecinos. Han generado más problemas de los que han resuelto y los parches que van poniendo para dar la sensación de que hacen algo incrementan los problemas. Se creen ustedes que el cambio en algunas calles situando plazas en batería es suficiente y no es así. Fíjense la que han organizado en la avenida de Os Mallos con el transporte público, los vehículos de grandes dimensiones, donde el transporte público sigue teniendo problemas, evidentemente, o en Médico Rodríguez, o en la Palloza, o en Marcial del Adalid. Suprimen ustedes carriles de circulación en los que se podía calmar el tráfico para generar retenciones en horas punta.

Unha última pregunta, señor Díaz, fíxese, é moi concreta: se vostedes son goberno no próximo mandato, continuarán coa súa idea de poñer o carril bus en Juan Flórez e suprimir máis de 215 prazas de aparcamento? Espero con ansiedade a súa resposta.

Una última pregunta, señor Díaz, fíjese, es muy concreta: si ustedes son gobierno en el próximo mandato ¿continuarán con su idea de poner el carril bus en Juan Flórez y suprimir más de 215 plazas de aparcamiento? Espero con ansiedad su respuesta.

Moitas grazas.

Ás vinte horas e vinte e dous minutos sae do Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

Señor Díaz Gallego

Señores do Partido Popular, a verdade é que vou tentar non facer moito sangue, aínda que recoñezo que me vai a custar.

Aparece neste pleno de abril de 2023 cunha pregunta sobre, din, unha subida de prezo das prazas de aparcamento da Coruña. Entendo que o fan a continuación dunhas noticias publicadas hai varias semanas nas que se analizaban o custo de prazas de aparcamento en alugueiro no ano 2021, pero é que resulta que, oh, casualidade!, hai dúas semanas saen os datos de 2022, que imaxino que nin molestáronse en ler, pero en todo caso eu doullos.

En 2022, en base a este informe que entendo que é do cal se fan eco, de valorización acumulativa dos prezos dos garaxes en España, resulta que o prezo de alugueiro da praza de aparcamento na Coruña baixou un 0,5 %. Non subiu, senón que baixou. Na media de España subiu un 2,9, en Coruña baixou, co cal xa toda esta pregunta que traen aquí desmóntase en cinco segundos.

Sabe onde non baixou? Non baixou en Santander, que subiu un 4 %; non baixou en Málaga, que subiu un 3,6; non baixou tampouco en Alacante, que subiu un 3,4 e se eu fose demagóxico, pois lles contaría que en todos eses concellos gobernan vostedes, o Partido Popular. Non vou facelo.

En todo caso, tamén podemos falar do prezo de venda, porque resulta que no ano 2020, ese ano no que vostedes viñan aquí dicindo que este goberno suprimiu 5.000 trillóns de prazas de aparcamento,

Muchas gracias.

A las veinte horas y veintidós minutos sale del Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

Señor Díaz Gallego

Señores del Partido Popular, la verdad es que voy a intentar no hacer mucha sangre, aunque reconozco que me va a costar.

Aparece en este pleno de abril de 2023 con una pregunta sobre, dicen, una subida de precio de las plazas de aparcamiento de A Coruña. Entiendo que lo hacen a rebufo de unas noticias publicadas hace varias semanas en las que se analizaban el coste de plazas de aparcamiento en alquiler en el año 2021, pero es que resulta que, ¡oh, casualidad!, hace dos semanas salen los datos de 2022, que imagino que ni se los molestaron en leer, pero en todo caso yo se los doy.

En 2022, en base a este informe que entiendo que es del cual se hacen eco, de valorización acumulativa de los precios de los garajes en España, resulta que el precio de alquiler de la plaza de aparcamiento en A Coruña bajó un 0,5 %. No subió, sino que bajó. En la media de España subió un 2,9, en Coruña bajó, con lo cual ya toda esta pregunta que traen aquí se desmonta en cinco segundos.

¿Sabe dónde no bajó? No bajó en Santander, que subió un 4 %; no bajó en Málaga, que subió un 3,6; no bajó tampoco en Alicante, que subió un 3,4 y si yo fuese demagógico, pues les contaría que en todos esos ayuntamientos gobiernan ustedes, el Partido Popular. No lo voy a hacer.

En todo caso, también podemos hablar del precio de venta, porque resulta que en el año 2020, ese año en el que ustedes venían aquí diciendo que este gobierno suprimió 5.000 trillones de plazas de aparcamiento,

vai o prezo medio dos garaxes en venda en Coruña e baixa. Con todo sobe... sabe cando subiu? Subiu no mandato anterior, que se supón que non se fixeron estas políticas de mobilidade con supresión de prazas de aparcamento, co cal, se cadra esa relación causa-efecto que fan non é tan acaída, non?

va el precio medio de los garajes en venta en Coruña y baja. Sin embargo sube... ¿sabe cuando subió? Subió en el mandato anterior, que se supone que no se habían hecho estas políticas de movilidad con supresión de plazas de aparcamiento, con lo cual, a lo mejor esa relación causa-efecto que hacen no es tan acaída, ¿no?

Ás vinte horas e vinte e catro minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las veinte horas y veinticuatro minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

En todo caso, e como sempre insistimos, e insistímolo sempre que nos preguntan tanto neste pleno como por escrito, nas zonas de aparcamento regulado desta cidade, este goberno local non suprimiu unha soa praza de residentes nos sectores regulados, non se suprimiu ningunha e nos barrios onde non están regulados, na medida do posible déronse alternativas que en todo caso, como dicimos sempre, non se peonaliza unha rúa e entón hai que compensar exactamente as prazas que se perden porque o modelo de mobilidade non é ese en o 2023. Vostedes viven ancorados nun modelo de mobilidade de hai 40 anos, que eu pregunto se van deixar plasmado no seu programa electoral. Se é o que nos está contando agora vai ser o que vai poñer no seu programa electoral, non?, que encheremos todas as rúas de Coruña de prazas de aparcamento en lugar de camiñar cara a un modelo de mobilidade acorde co século no que vivimos.

En todo caso, y como siempre insistimos, y lo insistimos siempre que nos preguntan tanto en este pleno como por escrito, en las zonas de aparcamiento regulado de esta ciudad, este gobierno local no ha suprimido una sola plaza de residentes en los sectores regulados, no se ha suprimido ninguna y en los barrios donde no están regulados, en la medida de lo posible se han dado alternativas que en todo caso, como decimos siempre, no se peatonaliza una calle y entonces hay que compensar exactamente las plazas que se pierden porque el modelo de movilidad no es ese en el 2023. Ustedes viven anclados en un modelo de movilidad de hace 40 años, que yo pregunto si van a dejar plasmado en su programa electoral. Si es lo que nos está contando ahora va a ser lo que va a poner en su programa electoral, ¿no?, que llenaremos todas las calles de Coruña de plazas de aparcamiento en lugar de caminar hacia un modelo de movilidad acorde con el siglo en el que vivimos.

E con respecto á súa pregunta concreta, eu, como son galego por partida dobre, de nacemento e por apelido, vou responder con outra pregunta: se gobernan vostedes, van desfacer todas as peonalizacións que se realizaron neste mandato? volverán pasar os coches pola rúa Compostela? volverán pasar os coches pola rúa Alcalde Marchesi? volverán pasar os coches pola rúa Monte das Moas? pasarán os

Y con respecto a su pregunta concreta, yo, como soy gallego por partida doble, de nacimiento y por apellido, le voy a responder con otra pregunta: si gobiernan ustedes ¿van a deshacer todas las peatonalizaciones que se han realizado en este mandato? ¿volverán a pasar los coches por la calle Compostela? ¿volverán a pasar los coches por la calle Alcalde Marchesi? ¿volverán a pasar los coches por la calle Monte das Moas? ¿pasarán los

coches pola rúa San Leopoldo? devolverán todo o tráfico á rolda peonil?

coches por la calle San Leopoldo? ¿devolverán todo el tráfico a la ronda peatonal?

Dígano, sexan valentes, póñano no seu programa e preséntese con ese programa a unhas eleccións.

Díganlo, sean valientes, pónganlo en su programa y preséntese con ese programa a unas elecciones.

Grazas.

Gracias.

Ás vinte horas e vinte e cinco minutos saen do Salón de Sesións as señoras Veira González e Martínez Acón.

A las veinte horas y veinticinco minutos salen del Salón de Sesiones las señoras Veira González y Martínez Acón.

Presidencia

Presidencia

Grazas, señor Deus, señor Díaz.

Gracias, señor Deus, señor Díaz.

Hai unha figura en Dereito Procesual que se chama litisconsorcio pasivo necesario. Sona así, moi rimbombante. Bueno, así para resumir, vén a ser, non? que cando a un o demandan nun procedemento, pois se considera que hai outros que teñen que estar demandados con el, pois chama a esas persoas xurídicas ou físicas ao procedemento, non?

Hay una figura en Derecho Procesal que se llama litisconsorcio pasivo necesario. Suena así, muy rimbombante. Bueno, así para resumir, viene a ser, ¿no? que cuando a uno lo demandan en un procedimiento, pues si considera que hay otros que tienen que estar demandados con él, pues llama a esas personas jurídicas o físicas al procedimiento, ¿no?

Eu xa lles aviso que cando o señor Lores, alcalde de Pontevedra, me demande polo copyright do establo, vou chamarlles ó procedemento nesa figura do litisconsorcio pasivo necesario porque a repiten máis veces ca min e ó final, a que fixo famosa a frase do meu admirado alcalde de Pontevedra, o señor Lores, xa non sei se fun eu, pero dende logo que os concelleiros do Partido Popular contribúen bastante. Moitas grazas, de verdade.

Yo ya les aviso que cuando el señor Lores, alcalde de Pontevedra, me demande por el copyright del establo, les voy a llamar al procedimiento en esa figura del litisconsorcio pasivo necesario porque la repiten más veces que yo y al final, la que hizo famosa la frase de mi admirado alcalde de Pontevedra, el señor Lores, ya no sé si fui yo, pero desde luego que los concejales del Partido Popular contribuyen bastante. Muchas gracias, de verdad.

Imos coa segunda, a app.

Vamos con la segunda, la app.

Segunda. Pregunta de resposta oral relativa á app Coruña.

Segunda. Pregunta de respuesta oral relativa la app Coruña.

Señor Rodríguez Martínez

Señor Rodríguez Martínez

Poderán realizar os cidadáns a través

¿Podrán realizar los ciudadanos a través

da nova app Coruña un seguimento en liña de todos os procedementos municipais do seu interese?

de la nueva app Coruña un seguimiento online de todos los procedimientos municipales de su interés?

Señor Lage Tuñas

Señor Lage Tuñas

Boa tarde, señor Rodríguez, novamente.

Buenas tardes, señor Rodríguez, nuevamente.

Poderán facer un seguimento dos seus expedientes moito máis sinxelo, fácil e transparente que cando non existía a aplicación.

Podrán hacer un seguimiento de sus expedientes mucho más sencillo, fácil y transparente que cuando no existía la aplicación.

A app Coruña supón un antes e un despois no seguimento online de todos os procedementos municipais de interese, de feito non vou esperar a un segundo turno para dicirlle que a semana que vén implementamos novas accións que van a mellorar novamente esta app. Está nun continuo desenvolvemento, supón un salto moi importante e se vostede atopou algo que cre que é mellorable, dígao, porque vamos non solo a telo en conta, senón que vamos a facelo. Agora ben, que por primeira vez teñamos unha app que é capaz de concentrar tódolos servizos e que aspira, desde logo, a dar resposta de forma áxil e sinxela ao que debe de ser unha ferramenta tecnolóxica destas características, pois eu creo que é para que todos nos felicitemos, pero bueno, se vostede considera que hai algo que mellorar, pois aquí estamos para escoitar.

La app Coruña supone un antes y un después en el seguimiento online de todos los procedimientos municipales de interés, de hecho no voy a esperar a un segundo turno para decirle que la semana que viene implementamos nuevas acciones que van a mejorar nuevamente esta app. Está en un continuo desarrollo, supone un salto muy importante y si usted encontró algo que cree que es mejorable, dígalo, porque vamos no solo a tenerlo en cuenta, sino que vamos a hacerlo. Ahora bien, que por primera vez tengamos una app que es capaz de concentrar todos los servicios y que aspira, desde luego, a dar respuesta de forma ágil y sencilla a lo que debe de ser una herramienta tecnológica de estas características, pues yo creo que es para que todos nos felicitemos, pero bueno, si usted considera que hay algo que mejorar, pues aquí estamos para escuchar.

Ás vinte horas e vinte e sete minutos entran no Salón de Sesións a señora Veira González e o señor Varela Vázquez.

A las veinte horas y veintisiete minutos entran en el Salón de Sesiones la señora Veira González y el señor Varela Vázquez.

Señor Rodríguez Martínez

Señor Rodríguez Martínez

Ben, señor Lage, son as 8.30, creo que os dous acusamos xa o cansazo. Á parte, hoxe é o Día mundial do Bico, malo será que non teñan vostedes con quen facer homenaxe ao día, verdade? Eu vou ser

Bien, señor Lage, son las 8.30, creo que los dos acusamos ya el cansancio. Aparte, hoy es el Día mundial del Beso, malo será que no tengan ustedes con quién hacer homenaje al día, ¿verdad? Yo voy a ser

moi breve e moi conciso.

muy breve y muy conciso.

Non, non se preocupe, non ía por nós, non ía por nós, quítese esa cara de sorpresa.

No, no se preocupe, no iba por nosotros, no iba por nosotros, quítese esa cara de sorpresa.

Mire, claro que é unha boa noticia. O Concello presentou hai tres semanas a app Coruña, unha nova ferramenta para dispositivos móbiles que, segundo publicitou, permitirá aos cidadáns contar nunha única aplicación con acceso a múltiples servizos municipais que ata o de agora non estaban dispoñibles, a través de ferramentas deste tipo ou que tiñan as súas propias, e dígollo: paréceme unha boa iniciativa.

Mire, claro que es una buena noticia. El Ayuntamiento presentó hace tres semanas la app Coruña, una nueva herramienta para dispositivos móviles que, según publicitó, permitirá a los ciudadanos contar en una única aplicación con acceso a múltiples servicios municipales que hasta ahora no estaban disponibles, a través de herramientas de este tipo o que tenían las suyas propias, y se lo digo: me parece una buena iniciativa.

Deixando á marxe que hai algunhas máis ou menos novas, o certo é que incorpora ademais cuestións que si o son no ámbito da mobilidade, como BiciCoruña; no ámbito do seguimento de queixas e denuncias, o que antes se facía a través do 010; a cultura, a xestión de citas, o turismo —neste aspecto eu creo que si que é moi mellorable, pero bo— ou o medio ambiente. Entón, se a isto sumámoslle que tamén se anunciou a futura creación do arquivo dixital único, que supoñerá o almacenamento por medios electrónicos dun proceso seguro e confidencial dos documentos administrativos que se xeren en procesos deste tipo, así como a correcta xestión e conservación destes a longo prazo, pois por iso, bo, pois nós chegamos á conclusión, que eu creo que é algo ao que chegamos todos, de que o estado actual da técnica permitiría abordar a través desta app un dos principais motivos de queixa de veciños, profesionais, empresarios, emprendedores, autónomos, que denuncian que levan anos de parálises na xestión de licenzas e unha continua arbitrariedade nas decisións técnicas. Isto non o dicimos nós, é o que eles trasladan.

Dejando al margen que hay algunas más o menos novedosas, lo cierto es que incorpora además cuestiones que sí lo son en el ámbito de la movilidad, como BiciCoruña; en el ámbito del seguimiento de quejas y denuncias, lo que antes se hacía a través del 010; la cultura, la gestión de citas, el turismo —en este aspecto yo creo que sí que es muy mejorable, pero bueno— o el medioambiente. Entonces, si a esto le sumamos que también se anunció la futura creación del archivo digital único, que supondrá el almacenamiento por medios electrónicos de un proceso seguro y confidencial de los documentos administrativos que se generen en procesos de este tipo, así como la correcta gestión y conservación de estos a largo plazo, pues por eso, bueno, pues nosotros llegamos a la conclusión, que yo creo que es algo a lo que llegamos todos, de que el estado actual de la técnica permitiría abordar a través de esta app uno de los principales motivos de queja de vecinos, profesionales, empresarios, emprendedores, autónomos, que denuncian que llevan años de parálisis en la gestión de licencias y una continua arbitrariedad en las decisiones técnicas. Esto no lo decimos nosotros, es lo que ellos trasladan.

Ás vinte horas e vinte e nove minutos entra no Salón de Sesións o señor Martínez Durán.

Poderán ter a través da nova app, nun futuro máis ou menos próximo, a posibilidade de facer un seguimento en liña da tramitación deste tipo de expedientes? É dicir, onde está o seu papel, quen é o responsable, cal é a duración media da súa resolución. Isto é algo que ocorre no día a día de calquera cidadán na tramitación con compañías de seguros ou en calquera compra en liña de calquera produto.

Facemos esta pregunta porque consideramos que é socialmente oportuna, non só pola presentación da app, senón porque vostedes hai apenas unhas horas votaron a favor, entre outras cousas, de impulsar todas as medidas necesarias para que o tempo medio de xestión de licenzas non supere a barreira dos tres meses e implantar de forma urxente unha plataforma telemática que permita axilizar a solicitude de licenzas e o seguimento dos trámites ata a súa aprobación.

Por tanto, eu entendo que o día foi longo, tivemos os nosos escarceos e vostede ponse á defensiva, pero eu non lle veño a facer unha crítica. É dicir, é unha boa ferramenta a app, o que estamos a preguntar é se iso que supón un dos principais problemas que denuncian veciños, comerciantes, empresarios, profesionais e que ademais vostedes acaban de comprometer —é dicir, aínda está quente a acta— para facelo, a pregunta é clara e concisa. Eu espero que a pregunta tamén sexa o un e o outro. Nun futuro próximo van poder facer este seguimento de calquera tipo de procedemento incluído o das licenzas a través desta app?

Moitas grazas.

A las veinte horas y veintinueve minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Martínez Durán.

¿Podrán tener a través de la nueva app, en un futuro más o menos próximo, la posibilidad de hacer un seguimiento online de la tramitación de este tipo de expedientes? Es decir, dónde está su papel, quién es el responsable, cuál es la duración media de su resolución. Esto es algo que ocurre en el día a día de cualquier ciudadano en la tramitación con compañías de seguros o en cualquier compra online de cualquier producto.

Hacemos esta pregunta porque consideramos que es socialmente oportuna, no solo por la presentación de la app, sino porque ustedes hace apenas unas horas han votado a favor, entre otras cosas, de impulsar todas las medidas necesarias para que el tiempo medio de gestión de licencias no supere la barrera de los tres meses e implantar de forma urgente una plataforma telemática que permita agilizar la solicitud de licencias y el seguimiento de los trámites hasta su aprobación.

Por lo tanto, yo entiendo que el día ha sido largo, hemos tenido nuestros escarceos y usted se pone a la defensiva, pero yo no le vengo a hacer una crítica. Es decir, es una buena herramienta la app, lo que estamos preguntando es si eso que supone uno de los principales problemas que denuncian vecinos, comerciantes, empresarios, profesionales y que además ustedes acaban de comprometer —es decir, todavía está caliente el acta— a hacerlo, la pregunta es clara y concisa. Yo espero que la pregunta también sea lo uno y lo otro. ¿En un futuro próximo van a poder hacer este seguimiento de cualquier tipo de procedimiento incluido el de las licencias a través de esta app?

Muchas gracias.

Ás vinte horas e trinta e un minutos entra no Salón de Sesións a señora Martínez Acón.

Señor Lage Tuñas

Bueno, señor Rodríguez, agradezco a pregunta e non se trata de cansancio ou non. Ben é certo que, bueno, loxicamente dende as dez da mañá, pois seguramente acumulemos unha certa experiencia ó longo do día, non?, o cal tamén axuda a precisar máis a veces e outras veces a divagar cando tampouco sería necesario.

A app Coruña supón un nivel de autoexigencia para calquera responsable público, para o conxunto dos directivos do Concello e para o conxunto de xefaturas porque supón unha revolución que solo se fai coas persoas. Polo tanto, o obxectivo que vostede marca non solo é un obxectivo loable e compartible, forma parte dos obxectivos que temos. Evidentemente, non se construye todo de inmediato.

Aquí había un sistema obsoleto que todos os que tiveron responsabilidades de goberno comprobaron, e sobre todo os cidadáns, que era o denominado SyR, que un cidadán atopaba un buzón para trasladar a súa queixa, pero non podía facer un seguimento da súa solicitude, da súa queixa. Esta app está pensada para que un poida facer un seguimento do seu expediente, do máis sinxelo ata o máis complexo. Creo que entenderemos todos que estamos empezando polos máis sinxelos. Que unha persoa poida atopar un desperfecto na rúa, poida remitir a súa correspondente suxerencia, proposta, denuncia, incorporando unha imaxen, un audio e información que chega directa ao servizo municipal correspondente, pero tamén é fácil saber se un avisa, por exemplo, de que se caeu un sinal, unha sinalización, unha sinalética e un tempo despois sigue sen ter resposta, ten un

A las veinte horas y treinta y un minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Martínez Acón.

Señor Lage Tuñas

Bueno, señor Rodríguez, agradezco la pregunta y no se trata de cansancio o no. Bien es cierto que, bueno, lógicamente desde las diez de la mañana, pues seguramente acumulemos una cierta experiencia a lo largo del día, ¿no?, lo cual también ayuda a precisar más a veces y otras veces a divagar cuando tampoco sería necesario.

La app Coruña supone un nivel de autoexigencia para cualquier responsable público, para el conjunto de los directivos del Ayuntamiento y para el conjunto de jefaturas porque supone una revolución que solo se hace con las personas. Por lo tanto, el objetivo que usted marca no solo es un objetivo loable y compartible, forma parte de los objetivos que tenemos. Evidentemente, no se construye todo de inmediato.

Aquí había un sistema obsoleto que todos los que tuvieron responsabilidades de gobierno comprobaron, y sobre todo los ciudadanos, que era el denominado SyR, que un ciudadano encontraba un buzón para trasladar su queja, pero no podía hacer un seguimiento de su solicitud, de su queja. Esta app está pensada para que uno pueda hacer un seguimiento de su expediente, del más sencillo hasta el más complejo. Creo que entenderemos todos que estamos empezando por los más sencillos. Que una persona pueda encontrar un desperfecto en la calle, pueda remitir su correspondiente sugerencia, propuesta, denuncia, incorporando una imagen, un audio e información que llega directa al servicio municipal correspondiente, pero también es fácil saber si uno avisa, por ejemplo, de que se cayó una señal, una señalización, una señalética y un tiempo después sigue

documento gráfico. Está prevista a app para poderlle facer un seguimento por parte do cidadán. Iso que significa? Un nivel de exixencia nos servidores públicos elevada. Xa non vale recibir a queixa e deixala aí, hai que responder dela e iso nos implica a todos.

sin tener respuesta, tiene un documento gráfico. Está prevista la app para poderle hacer un seguimiento por parte del ciudadano. ¿Eso que significa? Un nivel de exigencia en los servidores públicos elevada. Ya no vale recibir la queja y dejarla ahí, hay que responder de ella y eso nos implica a todos.

Bueno, seguramente o máis cómodo para un goberno non é poñer en marcha un servicio de este tipo porque un se está poñendo un nivel de exixencia elevado. O dixo e o explicou ben o meu compañeiro concelleiro de Urbanismo: na comparativa coas cidades galegas temos moito avanzado, pero quédanos moito por facer e non pasa absolutamente nada por decilo. Se está traballando desde o ámbito do urbanismo co Colexio profesional, se está traballando en aplicacións que serán encardinadas nun ámbito que ó final acaba todo volcado nunha app.

Bueno, seguramente lo más cómodo para un gobierno no es poner en marcha un servicio de este tipo porque uno se está poniendo un nivel de exigencia elevado. Lo dijo y lo explicó bien mi compañero concejal de Urbanismo: en la comparativa con las ciudades gallegas tenemos mucho avanzado, pero nos queda mucho por hacer y no pasa absolutamente nada por decirlo. Se está trabajando desde el ámbito del urbanismo con el Colegio profesional, se está trabajando en aplicaciones que serán incardinadas en un ámbito que al final acaba todo volcado en una app.

Cando pensamos nesta app, pois teño que confesarlle que foi unha das teimas do comezo do mandato. Canto tempo leva que saia algo adiante, pero é así. É dicir, que un cidadá sexa veciño ou veciña da Coruña ou un turista —que temos as dúas opcións— **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** poida acceder a coñecer a axenda cultural da cidade e os eventos da cidade, a todos nos parece razonable, pero non era algo que fora posible fai tres, catro, cinco, seis, sete anos. É algo sinxelo? Si. Hoxe é posible? Si. A app o facilita? Si.

*Cuando pensamos en esta app, pues tengo que confesarle que fue una de los empecinamientos del comienzo del mandato. Cuánto tiempo lleva que salga algo adelante, pero es así. Es decir, que uno ciudadana sea vecino o vecina de A Coruña o un turista —que tenemos las dos opciones— **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** pueda acceder a conocer la agenda cultural de la ciudad y los eventos de la ciudad, a todos nos parece razonable, pero no era algo que fuera posible hace tres, cuatro, cinco, seis, siete años. ¿Es algo sencillo? Sí. ¿Hoy es posible? Sí. ¿La app lo facilita? Sí.*

Que vostede poida comprar a súa entrada a través do procedemento que temos establecido para unha visita, unha guía nun museo ou para facer unha... tal. Vostede vai a poder facelo a través da app. Que vostede poida acceder a BiciCoruña sin ter que responder a plataforma que estaba co provedor

Que usted pueda comprar su entrada a través del procedimiento que hemos establecido para una visita, una guía en un museo o para hacer una... tal. Usted va a poder hacerlo a través de la app. ¿Que usted pueda acceder a BiciCoruña sin tener que responder la plataforma que estaba con el proveedor correspondiente y

correspondente e que poda facelo a través da app que temos, municipal? Pois eu creo que é positivo.

En calquera caso, creo que temos unha ferramenta moi potente e sobre todo que non se trata de quitar músculo e tal, porque todo é moi mellorable, pero estamos medíndonos con cidades europeas de máis de un millón de habitantes, de máis de dous e de máis de tres, que teñen ferramentas tecnolóxicas parecidas, e eu dígollos aquí modestamente que si atopan algún erro, porque son moitísimas as prestacións que están incorporadas na app, eu pediríalle que nolo transmitan. De entrada estamos vendo que está funcionando razonablemente, pero se alguén atopa algo, que o diga porque ó final... **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**.

Grazas.

Ás vinte horas e trinta e cinco minutos sae do Salón de Sesións a señora Soneira Lema.

Presidencia

De nada.

Terceira e última pregunta do PP, señor Rodríguez.

Terceira. Pregunta de resposta oral relativa a contratos de limpeza e recollida de lixo.

Señor Rodríguez Martínez

Considera o Goberno municipal que exerceu correctamente o seu labor de control e seguimento dos actuais contratos de limpeza viaria e recollida de lixo?

Señor Lage Tuñas

que pueda hacerlo a través de la app que tenemos, municipal? Pues yo creo que es positivo.

*En cualquier caso, creo que tenemos una herramienta muy potente y sobre todo que no se trata de sacar músculo y tal, porque todo es muy mejorable, pero estamos midiéndonos con ciudades europeas de más de un millón de habitantes, de más de dos y de más de tres, que tienen herramientas tecnológicas parecidas, y yo se lo digo aquí modestamente que si encuentran algún error, porque son muchísimas las prestaciones que están incorporadas en la app, yo le pediría que nos lo transmitan. De entrada estamos viendo que está funcionando razonablemente, pero si alguien encuentra algo, que lo diga porque al final... **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)**.*

Gracias.

A las veinte horas y treinta y cinco minutos sale del Salón de Sesiones la señora Soneira Lema.

Presidencia

De nada.

Tercera y última pregunta del PP, señor Rodríguez.

Tercera. Pregunta de respuesta oral relativa a contratos de limpieza y recogida de basura.

Señor Rodríguez Martínez

¿Considera el Gobierno municipal que ha ejercido correctamente su labor de control y seguimiento de los actuales contratos de limpieza viaria y recogida de basura?

Señor Lage Tuñas

Señor Rodríguez, desto falamos con anterioridade, non? Creo que si retomamos o explicitado no debate e o explicado pola alcaldesa, diríalle que o Goberno municipal está actuando con prudencia, con contundencia e tomando decisións no ámbito que lle corresponde, e se hai que tomar algunha máis, non dubide de que se tomará, pero quero recordarlle que se abriron cinco expedientes e que se solicitaron os informes correspondentes para ter toda a información dispoñible.

Señor Rodríguez, de esto hablamos con anterioridad, ¿no? Creo que si retomamos lo explicitado en el debate y lo explicado por la alcaldesa, le diría que el Gobierno municipal está actuando con prudencia, con contundencia y tomando decisiones en el ámbito que le corresponde, y si hay que tomar alguna más, no dude de que se tomará, pero quiero recordarle que se abrieron cinco expedientes y que se solicitaron los informes correspondientes para tener toda la información disponible.

Dito isto, dicíallo fai unhas horas, non solo para estas concesións, para o conxunto de concesións municipais teremos pronto unha instrución que regule as concesións municipais e eu creo que eso tamén reforzará na liña do que vostede apuntou.

Dicho esto, se lo decía hace unas horas, no solo para estas concesiones, para el conjunto de concesiones municipales tendremos pronto una instrucción que regule las concesiones municipales y yo creo que eso también reforzará en la línea del que usted apuntó.

Como creo que é un ámbito no que todos teñen moita experiencia, todos coñecen moito o funcionamento destos servicios, pois o que lle podo dicir é que vamos a aproveitar a experiencia que teñen todos para intentar milloralo. Nos gustaría ter definido o modelo no seu momento. O modelo foi definido polo Goberno anterior, se está a administrar, eu creo que todo sendo mellorable. Aquí fixeron algunhas propostas, incluso en termos de emprego. Bueno, todas estas propostas que fixeron non as levaron ós pliegos correspondentes no seu día, pero pódense levar a futuro ou tomar decisións.

Como creo que es un ámbito en el que todos tienen mucha experiencia, todos conocen mucho el funcionamiento de estos servicios, pues lo que le puedo decir es que vamos a aprovechar la experiencia que tienen todos para intentar mejorarlo. Nos gustaría haber definido el modelo en su momento. El modelo fue definido por el Gobierno anterior, se está administrando, yo creo que todo siendo mejorable. Aquí hicieron algunas propuestas, incluso en términos de empleo. Bueno, todas estas propuestas que hicieron no las llevaron a los pliegos correspondientes en su día, pero se pueden llevar a futuro o tomar decisiones.

Vamos a de forma sosegada analizar ben todo o que sea mellorable e desde logo vostede pode formular a crítica que considere convinte, pero en calquera caso, o que si lle podo decir é que o que non é compatible con este goberno é poñerse de perfil. Nós temos tomado decisións, se teñen aberto expedientes que están aí para ver, só os citei ó longo desta sesión, e polo tanto, máxima

Vamos a de forma sosegada analizar bien todo lo que sea mejorable y desde luego usted puede formular la crítica que considere conveniente, pero en cualquier caso, lo que sí le puedo decir es que lo que no es compatible con este gobierno es ponerse de perfil. Nosotros hemos tomado decisiones, se han abierto expedientes que están ahí para ver, solo los cité a lo largo de esta sesión, y por lo tanto, máxima

transparencia, señor Rodríguez.

Señor Rodríguez Martínez

Vou empezar por unha cousa que eu, a verdade, crin que non era necesaria a estas alturas. Non o fixen na miña intervención desta tarde e vouno a facer agora, polo si ou polo non.

Que quede claro unha vez máis que nin este grupo nin este concelleiro nin dixo nin deu a entender por activa ou por pasiva que ningún tipo de responsabilidade penal existise por parte do Concello. Dígoo porque á vista da súa resposta quizais vostede non me entendeu ou eu non me expliquei ben.

